INTRODUCIÓN **4**

AS CIENCIAS SOCIAIS NA E.S.O. **5**
OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA (SEGUNDO A LOE) 6
OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA (SEGUNDO O DECRETO 233/2002) 7
AS COMPETENCIAS BÁSICAS (LOE) EN 1º e 3º DA ESO 9
CRITERIOS METODOLÓXICOS XERAIS 10
CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN 12
ATENCIÓN A DIVERSIDADE NA E.S.O. 13
TEMAS TRASVERSAIS NA E.S.O. 14
A INTERDISCIPLINARIEDADE NA E.S.O. 18
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS 19
A AVALIACIÓN DE PENDENTES NA ESO 20

A.- PRIMEIRO CICLO DA ESO **27**
OBXECTIVOS DO PRIMEIRO CICLO DA E.S.O. 27
A.I.- PRIMEIRO CURSO DE E.S.O. 28
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DE 1º DA ESO 28
COMPETENCIAS BÁSICAS 29
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES 31
SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 32
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 41
PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO 42
A.II.- SEGUNDO CURSO DA E.S.O. 42
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DE 2º DA ESO 42
CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES 43
SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 45
CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE SEGUNDO CURSO DE E.S.O. 51
PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO 53

HISTORIA E CULTURA DAS RELIXIÓNS (1º ESO) **53**
COMPETENCIAS BÁSICAS. 54
OBXECTIVOS 55
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES 56
CONTIDOS. 56
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 57
PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO 59

CULTURA RELIXIOSA (2º ESO) **59**
INTRODUCCIÓN 59
OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO 61
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES 61
SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 61
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 63
PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO 63

B.- SEGUNDO CICLO DA E.S.O. **64**
OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO DA E.S.O. 64
B.I.- TERCEIRO CURSO DA E.S.O. 66
OBXECTIVOS DE TERCEIRO DA E.S.O. 66
COMPETENCIAS BÁSICAS 68
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES 70
SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 71
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 79
PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO 81
B.II.- CUARTO CURSO DA E.S.O. 82
OBXECTIVOS DE 4º DA ESO 82
CONTIDOS MÍNIMOS DE 4º DA ESO 82

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 84
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 88
PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO 90

OBRADOIRO DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS 90
COMPETENCIAS BÁSICAS 91
OBXECTIVOS 92
METODOLOXÍA DIDÁCTICA 93
MÍNIMOS EXIXIBLES 93
CONTIDOS 94
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 99
PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS 102
MEDIDAS DE ATENCION A DIVERSIDADE 103
PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO 103

BACHARELATO 104
CRITERIOS METODOLÓXICOS XERAIS 104
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS 104
PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO 104
ATENCIÓN A PENDENTES 105
TEMAS TRASVERSAIS 105

PRIMEIRO DE BACHARELATO 106
HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO 106
INTRODUCCIÓN. 106
OBXECTIVOS XERAIS 107
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS 108
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES 109
SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 110
METODOLOXÍA 114
TEMPORIZACIÓN: 115
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 116
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 118

SEGUNDO DE BACHARELATO 119
HISTORIA DE ESPAÑA 119
INTRODUCCIÓN 119
OBXECTIVOS XERAIS 119
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS 120
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES 121
SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 123
TEMPORALIZACIÓN: 126
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 127
METODOLOXÍA ESPECÍFICA 129
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 129
XEOGRAFÍA DE ESPAÑA 129
INTRODUCCIÓN 129
OBXECTIVOS XERAIS 130
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES 131
SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 132
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 134
METODOLOXÍA ESPECÍFICA 136
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 136
HISTORIA DA ARTE UNIVERSAL 137
INTRODUCCIÓN 137
OBXECTIVOS XERAIS 137
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES 138
SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 140
TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS 144

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 144
METODOLOXÍA ESPECÍFICA 146
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 146

INTRODUCIÓN

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no capítulo III establece que lle corresponde ao Estado fixar os aspectos básicos do currículo en relación aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas ás que se refire a disposición adicional primeira, punto 2, letra c, da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación. Neste sentido o Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, establece as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, a desenvolvan.

A Lei Orgánica de Educación indica que serán as administracións educativas as que establezan o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola citada lei, do que formarán parte os aspectos básicos anteriormente indicados. O currículo que se establece no Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e que ten como obxectivo contribuír ao logro dos principios básicos da Lei Orgánica de Educación. estará en vigor neste curso 2007/2008 para 1º e 3º da ESO; e para 2º e 4º o próximo curso 2008/2009.

Partindo destas premisas, atopámonos que debemos traballar con dúas leis e dous modelos curriculares distintos. Mentres para 1º e 3º están en vigor as leis e decretos citados, en 2º e 4º e para os pendentes debemos basearnos no Real Decreto 3473/2000, do 29 de decembro, aprobado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD), que establece as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria, e que foi desenvolvido, no marco das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 31 do seu Estatuto de Autonomía, polo Decreto 233/2002, do 6 de xuño, que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e que modifica o Decreto 78/1993, que no seu momento regulou estas ensinanzas nesta Comunidade Autónoma.

A etapa da Educación Secundaria Obrigatoria constitúe un marco formativo clave para os alumnos. Estes abandonan a infancia para penetrar nunha longa fase de transición cara o mundo dos adultos na que sufrirán una serie de cambios no seu desenvolvemento, tanto a nivel fisiolóxico, como cognitivo e socioafectivo.

A ordenación desta fase educativa compaxina unha estructura conxunta como etapa, dentro dun sistema cunha fundamentación psicolóxica e sociolóxica, cunha estrutura interna en cursos que facilitan, de forma gradual, a adaptación dos grandes propósitos formativos deste tramo cunha necesaria atención ás diferencias que os alumnos amosan nos subperíodos do desenvolvemento.

A Educación Secundaria Obrigatoria orientarase a lograr que os alumnos e alumnas adquiran los elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e de traballo; preparalos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións na vida como cidadáns.

AS CIENCIAS SOCIAIS NA E.S.O.

A etapa de Ensino Secundario Obrigatorio, é fundamental para o desenvolvemento das capacidades e competencias do alumnado, dentro da complexidade que supón unha etapa de carácter comprensivo, que integra a todos os alumnos e alumnas de 12 a 16 anos con intereses, expectativas de futuro e capacidades intelectuais moi diversificadas para uns estudos que son obrigatorios.

A obrigatoriedade desta etapa leva aparellada unha atención necesaria á diversidade con resposta á pluralidade de necesidades, aptitudes e intereses do seu alumnado. A ensinanza obrigatoria ten tamén carácter terminal, pois debe atender á formación integral do alumnado tendo en conta que, ao remate, unha parte do alumnado finaliza os seus estudos. Ao mesmo tempo, ten carácter propedéutico, e, polo que debe atender á formación específica que precisarán os alumnos e alumnas para afrontar con éxito os estudos de bacharelato e acceder á ensinanza superior. Esta realidade complexa ten que ser tratada desde as distintas áreas con contidos seleccionados para acadar uns obxectivos.

A área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia pode contribuír especialmente na formación dos mozos e mozas desta etapa educativa difícil e complexa. Desde a especificidade da Xeografía e a Historia como referentes da área, Ciencias Sociais abrangue distintas disciplinas e materias que abordan a realidade social desde perspectivas que se complementan entre si para ofrecer unha visión crítica e integradora do mundo de hoxe, porque o desenvolvemento da capacidade de entender, relacionar, explicar, estruturar e relativizar os feitos incide na comprensión do presente e fai posible proxectar racionalmente o seu futuro. Ciencias Sociais ten carácter integrador e globalizador e trata de interpretar con sensibilidade o espazo natural e social e a evolución deste a través do tempo.

A complexidade das sociedades actuais e a aparición de novos contidos transversais, como educación ambiental, cívica, para o consumo, a solidariedade ou contra o machismo e a violencia doméstica, recomendan a incorporación de contidos procedentes doutras disciplinas como a Socioloxía, a Antropoloxía, a Economía, o Dereito, a Filosofía ou a Ecoloxía, que achegan perspectivas de análise diferentes para acadar o obxectivo último que é o coñecemento da realidade social e espacial.

A pesar das dificultades para comprender certos conceptos xeográficos e históricos, como a variabilidade física do espazo, a cronoloxía histórica, as explicacións causais e consecuencias ou o relativismo na explicación histórica, Ciencias Sociais é un lugar de encontro de disciplinas e materias que estudan a sociedade. A Xeografía analiza a dinámica espacial e a Historia explica a transformación da sociedade a través do tempo. Espazo e tempo son, pois, entes dinámicos e problemáticos, produto de interaccións múltiples.

A pesar da extensión das ciencias afíns e complementarias, as Ciencias Sociais teñen no currículum escolar un papel dominante, porque abordan a realidade social e humana dende perspectivas diferentes e integradoras, ao tempo que proporcionan coherencia metodolóxica e conceptual, enriquecida coa incorporación doutras materias.

A análise da dimensión espacial faise desde un enfoque ecoxeográfico que permite considerar variables múltiples –naturais e antrópicas– que conforman o espazo, ademais, desde o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións. O espazo é unha realidade en permanente construción e cambio, susceptible de distintas visións e interpretacións. A actuación do ser humano sobre o espazo preséntase como unha variable

máis nun amplo contexto. E tal circunstancia debe reconsiderarse para garantir a protección do medio e explotar os recursos dun xeito racional. A paisaxe, como unidade espacial de análise ecoxeográfica, ten especial importancia e fai posible estudar problemas que a Xeografía debe tratar e dar resposta.
A Historia ofrece un coñecemento global, necesario para entender o pasado e o presente e ofrece claves para mellorar o futuro. Queremos resaltar o protagonismo histórico do pobo anónimo que tamén existiu na evolución da humanidade a través do tempo, e a sectores silenciados historicamente, como as mulleres, as minorías, as sociedades subdesenvolvidas..., porque dan unha visión máis completa da realidade social.

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA (SEGUNDO A LOE)

- Promover o sentimento de pertenza á comunidade galega e ás outras entidades políticas, sociais e culturais nas que se integra, participando nelas con plena conciencia dos seus dereitos e deberes, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas.
- Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen a realidade social e as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais e culturais, utilizando este coñecemento para comprender o pasado e as sociedades actuais, asumir que estas son o resultado de longos procesos de cambio e dunha pluralidade de causas, e tamén o papel que xogan nelas os homes e as mulleres e, así mesmo, analizar os problemas máis relevantes que se deducen dese estudo.
- Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen con el na utilización do espazo e dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambientais destas.
- Comprender o territorio como resultado da interacción das sociedades sobre o medio no que se desenvolven e organizan.
- Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo e das grandes áreas xeoeconómicas e os trazos físicos e humanos de Europa, España e Galicia.
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos máis relevantes na Historia do mundo, de Europa, de España e de Galicia, identificando causas e consecuencias destes para adquirir unha perspectiva global da evolución da humanidade, e para conseguir ser capaces de elaborar unha interpretación dinámica dela que permita comprender a pluralidade de comunidades en que se distribúen os seres humanos e, de xeito particular, a propia.
- Valorar a diversidade cultural –puntos de vista, formas de vida, códigos morais– manifestando actitudes de respecto e tolerancia por outras culturas e por opinións que non coinciden coas propias, sen renunciar por isto a un xuízo crítico sobre elas.
- Coñecer os elementos técnicos básicos das manifestacións artísticas dentro da súa realidade sociocultural, para aprender así a valorar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a responsabilidade que supón a súa conservación e apreciándoo como recurso para o enriquecemento individual e colectivo.
- Comprender a singularidade do patrimonio natural, histórico, cultural e lingüístico galego, participando activamente na súa conservación e mellora.
- Adquirir e empregar o vocabulario específico que achegan as Ciencias Sociais para que a súa incorporación ao vocabulario habitual aumente a precisión no uso da linguaxe e enriqueza a comunicación.

- Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica, icónica, estatística e cartográfica procedente de diversas fontes, incluídas as que corresponden á contorna física e social, aos medios de comunicación e ás tecnoloxías da información. Aprender a tratar esta información de xeito autónomo e crítico de acordo co fin perseguido, e comunicala aos demais de maneira organizada e intelixible.
- Valorar a construción colectiva do coñecemento científico, recoñecendo o seu carácter provisional, e comparalo co coñecemento social.
- Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.
- Resolver problemas e levar a cabo estudos e investigacións escolares aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos da indagación característicos das Ciencias Sociais.
- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores fundamentais e o feito de que os dereitos e liberdades humanas constitúen un logro irrenunciable da humanidade e unha condición necesaria para a paz. Denunciar, en consecuencia, actitudes e situacións discriminatorias e inxustas, amosándose solidario cos pobos, grupos sociais e persoas privadas dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.
- Procurar a comprensión da realidade social galega actual como unha realidade dinámica e cambiante que se constrúe continuamente en contacto con outras sociedades e culturas. Contemplar, así mesmo, o panorama futuro que pode ofrecerse tras a análise destes presupostos.
- Organizar, memorizar e recuperar información para realizar resumos, esquemas, mapas conceptuais e árbores representativas e explicativas.

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA (SEGUNDO O DECRETO 233/2002)

A área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria as capacidades seguintes:

- Identifica-la pluralidade das comunidades sociais e promover un sentimento positivo de pertenza, rexeitando as discriminacións existentes por razón de nacemento, raza, sexo, relixión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Comprender que o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico é unha herdanza dos nosos antergos, participando activamente na súa defensa, conservación e estudio.
- Aplica-los coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade social galega para comprende-la súa situación actual, tendo en conta os factores externos que a condicionan influíndo ás veces decisivamente, no funcionamento da nosa sociedade.
- Identificar e aprecia-la pluralidade das comunidades sociais ás que pertencen os alumnos, participando criticamente dos proxectos, valores e problemas das mesmas con plena conciencia dos seus dereitos e deberes, e rexeitando as discriminacións existentes por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

- Identifica-los procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento dos feitos sociais, utilizar este coñecemento para comprende-las sociedades contemporáneas, analiza-los problemas máis acuciantes das mesmas e formarse un xuízo crítico e razoado.
- Valora-la diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos á súa identidade, manifestando actitudes de tolerancia e respecto por outras culturas e por opinións que non coinciden coas propias, sen renunciar por isto a un xuízo crítico sobre as mesmas.
- Identificar e analiza-las diferentes escalas as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espacio e no aproveitamento dos recursos naturais, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e medioambiental das mesmas.
- Identificar e analiza-las interrelacións que se producen entre os feitos políticos, económicos, culturais, que condicionan a traxectoria histórica das sociedades humanas, así como o papel que os individuos, homes e mulleres, desempeñan nelas, asumindo que estas sociedades son o resultado de complexos e longos procesos de cambio que se proxectan no futuro.
- Valorar e respecta-lo patrimonio natural, cultural, lingüístico, artístico, histórico e social, asumindo as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora, apreciándoo como fonte de lecer e utilizándoo como recurso para o desenvolvemento individual e colectivo.
- Resolver problemas e levar a cabo estudios e pequenas investigacións, aplicando os instrumentos conceptuais e as técnicas e procedementos básicos de indagación característicos das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, empregando con precisión e rigor o vocabulario específico para explica-las causas e as consecuencias.
- Obter e relacionar información verbal, icónica, estatística, cartográfica, ... a partir de distintas fontes, e en especial os actuais medios de comunicación, tratala de maneira autónoma e crítica de acordo co fin perseguido e comunicala ós demais de xeito organizado e intelixible.
- Realizar tarefas en grupo e participar en discusións e debates cunha actitude constructiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as propias opinións e propostas e valorando a discrepancia e o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.
- Aprecia-los dereitos e liberdades humanas como unha conquista da humanidade,potenciando os valores de tolerancia e solidariedade cos pobos, grupos sociais e persoas privadas dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.
- Recoñece-las peculiaridades do coñecemento científico sobre o social, valorando que o carácter relativo e provisional dos resultados e a contribución persoal do investigador son parte do proceso de construcción colectiva dun coñecemento sólido e rigoroso.
- Identificar e localizar no tempo e no espacio procesos e acontecementos relevantes co fin de adquirir unha perspectiva global da evolución histórica da humanidade e a comprensión das nocións de cambio e permanencia.
- Coñece-la diversidade xeográfica do mundo, os seus trazos básicos físicos, humanos e distingui-las grandes áreas socioeconómicas, culturais e políticas. Comprende-los trazos físicos e humanos de España e a diversidade da súa xeografía e as súas culturas.

AS COMPETENCIAS BÁSICAS (LOE) EN 1º e 3º DA ESO

Os programas da Administración, en liña co concepto de currículo disposto no artigo 6 da LOE, destacan o valor das c*ompetencias básicas*. A Lei, no seu artigo. 26.1 (principios pedagóxicos da ESO) determina que nesta etapa *prestarase especial atención á adquisición e desenvolvemento de competencias básicas*. *Estas serán referente dos procesos de ensino-aprendizaxe e de avaliación* (*promoción, titulación e avaliación de diagnóstico ao finalizar segundo*). Todo elo implica que as ensinanzas que se establecen no currículo oficial e a súa concreción nos centros han de garantir o desenvolvemento das competencias básicas polos alumnos.

As competencias básicas defínense (Escamilla y Lagares, 2006) como capacidades relacionadas, de maneira prioritaria, co saber facer; a consideración de funcionalidade e practicidade da competencia non a reduce a un carácter meramente mecánico; *o saber facer posúe, tamén unha dimensión de carácter teórico-comprensivo* (compoñentes, claves, tarefas, formas de resolución) de, *tamén unha dimensión de carácter actitudinal* (que permite dispor a bagaxe de coñecementos, a súa mobilización e a valoración das opcións). Supoñen, pola súa complexidade, un *elemento de formación* ao que hai que acercarse, de xeito *converxente* (desde distintas materias) e *gradual* (desde distintos momentos e situacións de aprendizaxe-cursos, etapas).

Os novos currículos da ESO identifican oito competencias básicas para o conxunto da escolaridade obrigatoria.

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

A incorporación de competencias básicas ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles, desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. De aí o seu carácter básico. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

O desenvolvemento destas competencias básicas constitúe unha obriga, a súa inclusión no currículo ten varias finalidades. En primeiro lugar, integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, como as informais e non formais. En segundo lugar, permitir a todos os estudantes integrar as súas aprendizaxes, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilizalas de xeito efectivo cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos. E por último, orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os Criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino e de aprendizaxe.

CRITERIOS METODOLÓXICOS XERAIS

A actividade constructiva do alumno/a é o factor decisivo na realización das aprendizaxes escolares. A actividade constructiva non se limita ó simple *activismo* por parte do alumno/a, senón que esixe unha actividade mental que o leve a modificar e a reelabora-los seus esquemas de coñecemento, e a construí-la súa propia aprendizaxe. Neste proceso, o profesor/a actúa como guía e como mediador para facilita-la construcción de aprendizaxes significativas, que levan a establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos.

O profesor/a debe proporcionar oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, para que o alumno/a comprobe o interese e a utilidade do aprendido. É igualmente importante estimula-la reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións respecto ó que se aprendeu, de modo que o alumno/a poida analiza-lo avance respecto ás súas ideas previas.

As aprendizaxes deben ser funcionais, asegurando que poidan ser utilizadas nas circunstancias reais nas que o alumno as necesite. Por aprendizaxe funcional enténdese non só a posible aplicación práctica do coñecemento adquirido, senón tamén o feito de que os contidos sexan necesarios e útiles para realizar outras aprendizaxes. Tamén supón o desenvolvemento de estratexias que posibiliten a planificación e a regulación da propia actividade de aprendizaxe; é dicir, aquelas relacionadas co aprender a aprender.

O profesor/a debe axusta-la axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar recursos ou estratexias variados que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presentan os alumnos destas idades. O currículo propón tres vías para o tratamento da diversidade: *adaptacións curriculares, espacio de opcionalidade* e *diversificación curricular*.

As **adaptacións curriculares** responden á necesidade de adapta-la práctica educativa, mediante a elaboración de proxectos curriculares e programacións, ás características concretas dos alumnos ós que se dirixe. Tales adaptacións poderán consistir na axeitación dos obxectivos educativos, da eliminación ou inclusión de determinados contidos e da conseguinte modificación dos criterios de avaliación, así como na ampliación das actividades educativas de determinadas áreas curriculares.

Co **espacio de opcionalidade** ofrécese a tódolos alumnos a posibilidade de desenvolve-las mesmas capacidades dos obxectivos xerais da etapa seguindo itinerarios diferentes de contidos. Estes itinerarios ben por ser máis accesibles para determinados alumnos, ou por conectar con posibles opcións futuras, ou ben por responder ós seus gustos e preferencias, van supoñer un reforzo na motivación e na disposición favorable dos alumnos cara ás aprendizaxes que se lles propoñen.

As **diversificacións do currículo** teñen como obxectivo que os alumnos de máis de dezaseis anos adquiran as capacidades xerais propias da etapa. Para este fin, o currículo diversificado incluirá, polo menos, tres áreas do currículo básico e incorporará, en todo caso, elementos formativos do ámbito lingüístico e social, así como elementos do ámbito científico-tecnolóxico. No currículo establécense os requisitos para a súa elaboración e aplicación.

A área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia na Educación Secundaria Obrigatoria ten como obxectivo axudar a que os alumnos e alumnas adquiran unha comprensión organizada do mundo e da sociedade, ó mesmo tempo que un conxunto de valores, imprescindibles para que adopten unha actitude ética positiva dentro dunha sociedade plural, democrática e solidaria.

Isto non podería lograrse sen tomar como punto de partida o patrimonio natural e sociocultural de Galicia como primeiro contexto socializador. Cómpre que esta área contribúa á comprensión da dinámica social, económica e cultural de Galicia, o que lles permitirá ós alumnos e alumnas poder participar no seu mundo con sentido crítico.

Non podemos esquecer, por outro lado, a diversidade cultural e o pluralismo da sociedade española e o proxecto europeo co que está vinculado. Isto implica tomar en consideración a dimensión multicultural da sociedade española e as peculiaridades do seu contexto mediterráneo e europeo.

A aprendizaxe é un proceso social e persoal que cada individuo constrúe ó relacionarse activamente coas persoas e coa cultura na que vive. Así entendido, a educación consiste nun proceso de comunicación, e a escola é un contexto organizado de relacións comunicativas. Isto pon de manifesto a necesidade de crear un ambiente que favoreza a interacción do profesorado e o alumnado na actividade da aula.

Para que a alumna e o alumno sexan capaces de construír aprendizaxes significativas, deben establecer relacións entre os coñecementos e as experiencias que xa posúen e a nova información que se lles propón. Convirá, polo tanto, unha metodoloxía que, partindo do que os alumnos e alumnas coñecen e pensan con respecto á realidade social, sexa capaz de conectar cos seus intereses e necesidades, coa súa peculiar maneira de ve-lo mundo, e que lles propoña, de forma atractiva, unha finalidade e utilidade clara para aplica-las novas aprendizaxes que desenvolven. Aprender é, en boa medida, modifica-los esquemas de pensamento e actuación de que dispoñemos, para comprender mellor a realidade e intervir sobre ela.

A acción didáctica tense que adecuar ó contexto e ó coñecemento escolar, sen pretender unha apropiación apresurada de contidos nin unha simple aprendizaxe superficial de feitos ou fenómenos.

Os medios didácticos teñen que ser variados e atractivos, para desenvolver aprendizaxes en distintos ámbitos de coñecementos, e teñen que estar ó servicio das intencións educativas que se perseguen e que están expresadas no proxecto educativo. Os medios, entendidos como mediadores didácticos, poden converterse en verdadeiros instrumentos do pensamento e configuradores do seu desenvolvemento.

O alumno e alumna son os protagonistas das súas aprendizaxes; iso supón axeita-lo proceso de ensinanza ós seus procesos de aprendizaxe, sendo os alumnos e alumnas o principal punto de referencia para a toma de decisións. Esperta-lo interese e a motivación do alumnado pola actividade escolar é un obxectivo que permanentemente debería estar na mente do equipo de profesores e profesoras.

Metodoloxía e recursos: En 1º e 3º da ESO o Departamento Didáctico decidiu seleccionar como libro de texto o proxecto presentado pola Editorial Rodeira-Edebé, mentres nos outros dous cursos (2º e 4º) mantense o proxecto anterior de Oxford. Este material presenta , para o alumno, ideas claras e ben estructuradas, con exercicios coherentes e bos esquemas, gráficos, mapas e fotografías; para o profesor aporta unha boa selección de actividades complementarias encamiñadas a trata-la diversidade, reforza-los coñecementos e avaliar ós alumnos.

Os libros de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia presentan unha metodoloxía específica, común ó longo de cada ciclo da etapa, que se manifesta na súa estructura.

No momento de planificar e programa-las unidades didácticas tívose en conta cada unha das ensinanzas transversais: *Educación moral e cívica; Educación para a paz; Educación para a igualdade entre os sexos; Educación para a saúde; Educación do consumidor; Educación ambiental; Educación para o lecer; Educación sexual;* e *Educación vial.*

Para implementar esta área, o libro do alumno, posúe unha estructura que se adapta ó nivel de cada ciclo. Tamén unha carpeta de recursos, na que se ofrecen actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación, ademais doutros recursos, correspondentes a cada unha das unidades didácticas do libro.

Nestes cursos da E.S.O. o profesor combina na aula unha breve exposición do tema con exercicios orais e escritos encamiñados a valorar o nivel de aprendizaxe conceptual do alumno, a súa autonomía no traballo, a expresión oral e escrita e a súa facilidade para o traballo en equipo.

O Primeiro Ciclo da ESO caracterízase por dividir as unidades didácticas entre a Xeografía e a Historia. Para este curso 2007-2008, o profesorado encargado de impartir as ensinanzas deste ciclo decidiu, por motivos didácticos, alterar a orde tradicional da materia. Comezarase pola Historia para aproveitar as ensinanzas aprendidas na aula nas visitas que o alumnado realice ó Museo de Prehistoria de Vilalba.

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

A avaliación é un elemento central da práctica educativa:

- Proporciona información sobre os coñecementos previos dos alumnos, os seus procesos de aprendizaxe e a forma na que organizan o coñecemento.
- Permítelles ós profesores coñece-lo grao no que os rapaces e rapazas van adquirindo aprendizaxes significativas e funcionais.
- Facilita un seguimento personalizado do proceso de maduración e a determinación das dificultades educativas especiais dos alumnos.
- Axuda a axeita-los procesos educativos á situación e ó ritmo de cada alumno e grupo concreto.
- Posibilita que os estudiantes descubran o seu desenvolvemento e progreso persoal nas novas aprendizaxes, as súas aptitudes para aprender e as súas capacidades intelectuais, intereses e motivacións, actitudes e valores...
- Axuda a revisar, adaptar e mellora-lo proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A información que proporciona a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. A avaliación é un proceso que leva asociadas unhas notas características: *individualizada, personalizada* e *continua e integrada.*

A dimensión **individualizada** contribúe a ofrecer información sobre a evolución de cada alumno, sobre a súa situación con respecto ó proceso de aprendizaxe, sobre a súa madureza e o desenvolvemento alcanzados..., sen comparacións con supostas normas estándar de rendemento.

O carácter **personalizado** fai que a avaliación tome en consideración a **totalidade** da persoa, contemplándoa no seu conxunto. Responde á intención de que o alumno/a tome conciencia de si mesmo, se responsabilice..., para que vaia perfeccionando a capacidade de dirixi-la súa propia vida, e poida facer efectiva a liberdade persoal.

A avaliación forma parte do proceso mesmo de ensinanza–aprendizaxe, está integrada nel e dótao de sentido. Dunha forma **continuada**, **e integrada** no ritmo da clase, a avaliación vai informando ós profesores sobre a evolución dos seus alumnos, das súas dificultades, dos seus progresos, etc., permitindo axusta-la axuda educativa a medida que van variando as necesidades dos alumnos.

Segundo o momento e a situación en que se produza, a avaliación terá diversas modalidades: *avaliación inicial, do proceso, final.*

A información que proporciona a avaliación serve para que o equipo de profesores dispoña de suficientes datos relevantes, co fin de analizar criticamente a súa propia intervención educativa e tomar decisións ó respecto. Para iso, a información subministrada pola avaliación continua dos alumnos debe relacionarse coas intencións que se pretenden e co plan de acción para levalas a cabo. Avalíanse, polo tanto, o proxecto curricular emprendido, a programación docente, os procesos de ensinanza e a intervención do profesor/a como organizador destes procesos e o desenvolvemento real do currículo na aula.

É necesario que o alumno/a participe no proceso a través da **autoavaliación** e a **coavaliación**. A primeira implica un proceso de reflexión, de autoinspección, de toma de conciencia da propia situación respecto ó proceso de aprendizaxe, dos progresos obtidos e das dificultades atopadas, facilitando o establecemento de obxectivos e a adquisición de estratexias.

A *coavaliación* é un instrumento privilexiado para estimula-la aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo en equipo. Convén ter en conta que a ESO é unha etapa na que se pretende impulsa-la autonomía do alumnado e a súa implicación responsable, e na que a elaboración de xuízos e criterios persoais contrastados é unha intención educativa preferente.

As características propias da etapa fan imprescindible a *orientación*. Esta orientación debe ter un carácter *persoal e educativo* para promove-la formación integral do alumno, facilitando o seu autocoñecemento, autonomía e iniciativa e favorecendo o desenvolvemento de criterios persoais. Debe ser tamén *académica*, referida á marcha das súas aprendizaxes, e *profesional*, que o capacite para tomar decisións sobre o seu futuro. A importancia destas decisións esixe unha orientación non limitada a proporcionar información actualizada do mundo laboral ou de itinerarios académicos e profesionais. Debe supoñer, sobre todo, facilitar oportunidades de aprendizaxe e de experiencia persoal relacionadas co mundo do traballo e do seu contorno social, de coñecemento e experiencias directas doutros centros de educación postobrigatoria.

Dado que as unidades didácticas plantexan aspectos independentes e diferenciados cada avaliación levará asociada unha recuperación que permita ó alumnado asimilar os coñecementos pouco asentados. A superación desa recuperación supoñerá ter superada esa parte da materia.

Aqueles alumnos que non superen as probas de recuperación terán dereito a unha recuperación xeral ó final do curso que lles permitan poder acadar o nivel desexado para superar a asignatura. Nesa recuperación, LOXICAMENTE, só deberá examinarse daqueles coñecementos non adquiridos con anterioridade.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE NA E.S.O.

A Educación Secundaria Obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas (1º e 3º da ESO) e dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

En 1º e 3º, os libros de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia presentan unha metodoloxía específica, común ó longo de cada ciclo da etapa, que se manifesta na súa estrutura. O libro do alumno, posúe unha estrutura que se adapta ó nivel de cada ciclo. Tamén unha carpeta de recursos, na que se ofrecen actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación, ademais doutros recursos, correspondentes a cada unha das unidades didácticas do libro.

En 1º da ESO os contidos organízanse en apartados de dobres páxinas, con textos expositivos presentados de forma clara, concisa e estructurada, intentando facilitar ó máximo a comprensión e a organización da información por parte de tódolos alumnos/as. Cada apartado ten unha introducción e unha conclusión que permiten poder establecer relacións significativas entre os contidos que se traballan. A diversidade está atendida por medio de actividades de reforzo e temas de ampliación.

En cada apartado, as actividades de aprendizaxe teñen como finalidade a comprensión e a interpretación dos textos, cadros de datos, gráficos, mapas e imaxes. Mediante estas actividades, o alumnado vai construíndo unha base que lle permitirá a asimilación dos contidos, ao seu ritmo.

En 3º da ESO, os contidos organízanse en apartados de dobres páxinas, con textos expositivos presentados de forma clara, concisa e estructurada, intentando facilitar ó máximo a comprensión e a organización da información por parte do alumno/a. Algúns contidos, especialmente os procedementos e as actitudes, vólvense tratar, aínda que a un nivel máis elevado

que no primeiro ciclo. Hai que ter en conta que os procedementos e as actitudes requiren para a súa aprendizaxe ser utilizados repetidamente e en contextos de uso variados. Isto permite que os alumnos e alumnas os interioricen e vaian mellorando o seu uso. Tamén se atende á diversidade presentando actividades de reforzo e temas de ampliación.

O libro de texto dos alumnos de 2º e 4º da ESO (Ciencias Sociais, Ed. Oxford) contempla a distinción entre información básica, destinada a xeneralidade dos alumnos, e páxinas de "desenvolvementos" que profundizan en temas monográficos para alumnos con máis facilidade de aprendizaxe. Ó plantexar diferentes opcións monográficas, tentamos adaptarnos ós intereses dos alumnos. A estructura das actividades do libro tamén se adaptan ós diferentes ritmos de aprendizaxe. Nos casos especiais que atopamos ó longo do curso, o departamento elabora fichas de repaso, de reforzo e de ampliación ou de aclaración de contidos e técnicas de traballo, pola súa banda, a editorial seleccionada aporta exercicios para facer fronte ás situacións de diversidade dos alumnos.

No cuarto curso da E.S.O. o libro de texto utilizado corresponden tamén o proxecto didáctico da Editorial Oxford.

O libro de texto e o material asociado permite ó profesor traballar os diferentes contidos e profundizar ou insistir nos aspectos que precise cada alumno en particular; consideramos que os gráficos, fotografías e textos do libro son rigorosos e claros para ser ben entendidos polos alumnos.Os libros de 3º e 4º curso permiten traballar actividades de natureza diversa, adaptable ós diferentes tipos de alumnos: actividades normais, de reforzo e de ampliación (estas últimas reseñadas no libro do profesor).

Denominamos actividades normais a aquelas que o profesor selecciona para que tódolos alumnos constrúan o seu coñecemento significativo. As de reforzo son aquelas que serven para repasar temas anteriores ou ideas nas que se ten que insistir de novo. As actividades clasificadas baixo o epígrafe Aprende a identificar van dirixidas a educar en procedementos; as denominadas Observa e responde tenta que o alumno, de forma individual ou colectiva, vincule conceptos e procedementos, finalmente, as actividades chamadas Preocúpate por... traballan os contidos actitudinais.

TEMAS TRASVERSAIS NA E.S.O.

Unha das contribucións do actual sistema educativo na súa dimensión curricular foi a de atende-lo desenvolvemento integral dos alumnos. Este carácter integral do currículo implica que se teñen que incorporar nas diferentes áreas elementos educativos básicos contidos nas ensinanzas transversais.

Esta afirmación fundaméntase na propia natureza dos contidos transversais:

Son contidos que facilitan e garanten a aproximación do científico ó cotián. De aí a importancia da súa presencia na área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, para que esta axude e permita ó alumno e á alumna entender e comprende-lo mundo que o rodea. Son contidos, á vez, referidos, fundamentalmente, a valores e actitudes.

Desde esta formulación, que supón a conexión da institución educativa coa vida real, débese permiti-la adopción, por parte do alumnado, de actitudes e comportamentos baseados en valores racional e libremente compartidos.

Insistimos, para que non queden situados os contidos transversais nun discurso retórico e testemuñal, na necesidade da súa concreción real na área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia. Desde un punto de vista didáctico, esta concreción garántese facilitando que a problemática e a realidade social formuladas polos eixes transversais queden contextualizadas dentro dos contidos da área, especialmente na perspectiva actitudinal.

Só así os obxectivos e os contidos dos eixes transversais impregnarán o currículo na súa totalidade e faranse presentes no deseño curricular da área.

Na elaboración do currículo da área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia buscouse a conexión que existe entre os obxectivos xerais da área e os contidos concretos da área e as ensinanzas transversais.

Esta presencia concrétase nesta área a través dos contextos que representan distintas problemáticas sociais. A súa análise e o seu estudio por parte do alumnado débeo conducir paulatinamente á súa implicación individual e colectiva en tarefas que incidan positivamente na mellora da calidade do medio social do seu contorno máis próximo.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Considera-los códigos éticos máis alá dun código normativo social ou relixioso, e adverti-la necesidade de elaborar criterios morais propios, razoados, solidarios e non suxeitos a meras esixencias externas.
- Desenvolver estructuras universais de xuízo moral que permitan a adopción de principios, tales como a xustiza e a solidariedade.
- Coñece-los sistemas éticos e morais máis relevantes, actuais e do pasado, que teñen unha incidencia na sociedade actual.
- Recoñecer nos dilemas actuais da humanidade a súa razón ética e moral.
- Analizar conflictos de valores e elaborar estratexias de solución baseadas no diálogo e no respecto.
- Discutir dilemas morais utilizando razoamentos non absolutos, abertos ó diálogo e á aceptación doutros puntos de vista.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Revisa-lo concepto de paz, máis alá da visión occidental herdada do concepto de *pax* romana (ausencia de conflictos bélicos entre Estados), considerándoo non como antíteses da guerra senón como concepto oposto ó de violencia, onde a guerra só sería unha forma de violencia organizada.
- Revisa-lo concepto de conflicto, máis alá da súa identificación con algo negativo e violento, para consideralo como un proceso natural e consubstancial á existencia humana en sociedade.
- Analizar conflictos sociais, advertindo os seus compoñentes básicos (persoa, proceso, e problema ou diferencias esenciais) e relacionalos convenientemente co seu contexto temporal e espacial.
- Desenvolve-las capacidades de toma de decisións e de resolución non violenta dos conflictos para axudar no desenvolvemento de conductas prosociais.
- Comprende-la interdependencia mundial entre os países e a mundialización dos problemas sociais para adverti-la súa complexidade.
- Coñece-lo contido básico da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a súa historia e a súa razón de ser na sociedade actual.
- Formar unha identidade universal desde o respecto e a afirmación da diferencia de etnias e culturas.
- Desenvolve-la solidariedade entre os pobos, a través do estudio e a valoración dos desequilibrios socioculturais e económicos entre os Estados, facendo especial fincapé na situación do Terceiro Mundo.
- Coñece-las bases éticas do sistema democrático e as súas características concretas a través da análise da constitución vixente.

- Desenvolver competencias dialogantes que predispoñen ó acordo xusto e á participación democrática.
- Tomar decisións individuais ante un conflicto, tendo en conta os puntos de vista e as necesidades de tódolos implicados.
- Desenvolver na súa vida cotiá comportamentos coherentes cos principios e normas que defenderan verbalmente.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

- Comprende-la diferencia entre sexo e xénero: o primeiro como categoría biolóxica e o segundo como construcción sociocultural que define as diferencias emocionais e intelectuais, os comportamentos e os papeis masculinos e femininos que cada sociedade lles asigna a mulleres e homes.
- Estudia-los fenómenos e os procesos sociais, incorporando a economía doméstica e a historia do papel da muller, e incluír entre os proxectos éticos contemporáneos o feminismo.
- Recoñece-los indicios sexistas que se encontran nas interpretacións dos feitos sociais e na mesma documentación.
- Incorporar nos seus traballos unha visión non sexista e adoptar actitudes na súa vida escolar, familiar e social a favor da igualdade entre ámbolos sexos.
- Propicia-lo intercambio fluído de papeis entre alumnos e alumnas en situacións de traballo en grupo, e favorece-la participación destas nos debates e toma de decisións para evitar situacións de discriminación sexista. Facilitarase, deste modo, desde a propia actividade da aula, o establecemento dunhas relacións máis xustas e equilibradas entre as persoas.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E A CALIDADE DE VIDA

- Considera-la saúde como estado de benestar (físico, psíquico e social) ó que todo ser humano ten o dereito de aspirar para poder gozar dunha mellor calidade de vida.
- Coñecer, desde unha perspectiva histórica e xeográfica, a ampla gama de hábitos culturais distintos en relación á alimentación, á hixiene, ás enfermidades, e observa-la súa diversidade, así como a evolución que pode observarse ó longo da historia da humanidade.
- Coñece-las consecuencias individuais e colectivas de hábitos alimentarios inadecuados e costumes desfavorables, para conservar un bo estado de saúde, e rexeita-las pautas de comportamento que non conducen á adquisición dun benestar xeral.
- Reflexionar sobre os seus propios hábitos e aplicar na súa vida cotiá, contorno familiar e comunitario os hábitos culturais que potencien unha mellor saúde e calidade de vida.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

- Adquirir conciencia de consumidor e actuar en consecuencia, sendo consciente dos seus dereitos e responsabilidades.
- Coñece-la existencia e o contido básico da lei para a defensa dos consumidores e usuarios.
- Desenvolver habilidades e criterios para a toma de decisións e actuar como consumidores responsables, instando á fabricación de productos cada vez máis duradeiros, menos contaminantes e de fácil reciclaxe.
- Confeccionar presupostos e elaborar estratexias para favorece-lo aforro e a xestión máis axeitada dos recursos a escala familiar, local, autonómica e estatal.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Comprende-lo medio como sistema e adverti-la importancia da interrelación e mutua dependencia dos elementos naturais e humanos.
- Adquirir un dominio das escalas temporais e espaciais suficientemente amplo como para poder tomar conciencia das consecuencias a curto e longo prazo de calquera intervención no medio.
- Profundar no coñecemento do medio facendo especial énfase nas nocións de enerxía, equilibrio, crecemento, economía, orde, cooperación, etc.
- Analiza-las manifestacións da intervención humana desde o punto de vista da súa incidencia no medio.
- Adquirir unha visión histórica da evolución da actividade humana e a súa repercusión ambiental, especialmente ligada á obtención e xestión da enerxía.
- Analiza-los problemas ambientais baixo un esquema multifactorial e contextualizado, evitando interpretacións excesivamente xeneralizadoras e posicións dogmáticas.
- Abordar problemas referidos ó contorno formulando posibles estratexias de solución.
- Saber desenvolver estudios ambientais mediante a obtención, selección, tratamento e comunicación axeitada da información.
- Adoptar unhas actitudes na súa vida cotiá coherentes coa defensa do medio.
- Defende-la necesidade de cooperación social en relación á xestión ambiental, a nivel local, nacional e internacional, e adoptar unha actitude de colaboración activa.

EDUCACIÓN PARA O LECER

- Comprende-lo lecer desde unha perspectiva histórica como unha conquista social que se deriva da diminución da xornada laboral e a disposición de máis tempo libre.
- Comprende-lo lecer como unha realidade actual que se desprende da repartición do traballo e o aumento obrigatorio das horas libres.
- Potenciar na vida cotiá o acceso ós mundos da información: cine, vídeo, libros, multimedia… proporcionando ó individuo unha panorámica máis ampla do mundo no que se vive.
- Recoñecer no lecer as posibilidades de gozo tanto individual como colectivo da natureza, o contorno, a cultura, a ciencia…
- Reflexionar e actuar no noso tempo de lecer respectando o medio natural e social no que se vive.
- Comprender e valora-la necesidade de dispoñer de tempo libre que permita a realización de actividades que supoñan un enriquecemento persoal e unha colaboración activa cos membros da comunidade.

EDUCACIÓN SEXUAL

- Considera-la sexualidade tanto na súa dimensión biolóxica como emocional e social, apreciando os papeis sexuais feminino e masculino no exercicio da sexualidade como actividade de plena comunicación entre as persoas.
- Desenvolve-lo coñecemento do propio corpo e a autonomía persoal como elementos indispensables para adquirir un excelente nivel de saúde e autoestima para exercer con satisfacción o seu papel social.
- Realizar tarefas en grupo, cunha actitude crítica, respectuosa e tolerante coa diversidade de opinións e de opcións, onde apliquen o diálogo como vía necesaria para a solución dos problemas humanos.

EDUCACIÓN VIAL

- Comprende-la organización do territorio e o espacio urbano en interacción coas redes de comunicación e transporte.
- Analiza-las causas dos accidentes, normas de circulación e problemas ambientais relacionados co uso de todo tipo de vehículos.
- Desenvolver hábitos de conciencia cidadá en relación coa circulación e cos riscos que comporta, valora-la importancia que ten o respecto das normas e sinais de tráfico e interpreta-lo seu significado.
- Comportarse de maneira responsable na conducción de vehículos, especialmente motocicletas e ciclomotores.

A INTERDISCIPLINARIEDADE NA E.S.O.

O currículo actual ten un carácter integral que aspira no seu tramo obrigatorio á formación de cidadáns que sexan capaces de participar crítica e activamente no seo dunha sociedade democrática. Asumir este presuposto implica subministrar ós nosos alumnos e alumnas experiencias de aprendizaxe que garanten o desenvolvemento integral da súa persoa e, polo tanto, das súas capacidades intelectuais, físicas, sociais, afectivas e éticas e morais. Todo isto esixe que as áreas de coñecemento se integren no currículo de forma interrelacionada (currículo integrado). Sen embargo, foi o currículo disciplinar o que tivo máis presencia na institución educativa. Este implica unha amalgama de disciplinas xustapostas, sen conexión aparente entre si. Supón unha fragmentación do coñecemento, que é presentado en materias, o que dificulta a comprensión do estudiado e nos afasta da realidade, pois non facilita a súa comprensión e resolución dos problemas que formula.

Polo contrario, o currículo integrado ou interdisciplinario, propio da Educación Secundaria Obrigatoria, garante unha relación entre as diferentes disciplinas e permítelles ós alumnos e alumnas ir comprendendo e resolvendo os problemas da súa realidade e contorno cotián, facéndolles ver que para iso é útil o coñecemento que se manexa na institución educativa.

A presentación e estructuración dos contidos da área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia obedecen a este enfoque curricular. Os diferentes contidos presentados aparecen fortemente interrelacionados, para favorecer que os alumnos e alumnas comprendan o seu sentido e facilita-la súa aprendizaxe significativa.

A área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia é un claro exemplo de interrelación de coñecementos e contidos procedentes das distintas áreas curriculares. Sobre todo con aquelas relacionadas co concepto de "medio". Debido a que a utilización do concepto "medio", como marco común de referencia, supón a consideración global dos tres tipos de sistemas que o constitúen: os xerados polo ser humano (sistemas sociais), os constituídos por organismos vivos (sistemas biolóxicos) e os que se organizan a partir de elementos inanimados (sistemas físico-químicos). O tratamento interdisciplinario destes eixes vai garanti-la comprensión dos fenómenos na súa complexidade e as múltiples posibilidades que brindan as distintas áreas segundo a súa propia epistemoloxía.

Na área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia establécese unha relación interdisciplinaria con outras áreas do currículo: *Ciencias da Natureza; Educación Física; Educación Plástica e Visual; Ética, Lingua e Literatura; Lingua Estranxeira; Matemáticas; Música; Tecnoloxía.*

Ciencias da Natureza. O medio físico e natural constitúe o contorno co que se interrelaciona o ser humano e a fonte de onde este pode extraer experiencias para ir construíndo o coñecemento científico. A ciencia é o producto dunha actividade social, posto que parte das

necesidades e coñecementos existentes en cada situación histórica. No mundo contemporáneo, o coñecemento científico alcanzou un extraordinario desenvolvemento que ten repercusións nas distintas sociedades e na vida cotiá.

Educación Física. Ofrece múltiples posibilidades de interrelación cos demais e como medio de incorporación ós grupos sociais.

Educación Plástica e Visual. A imaxe é un medio de coñecemento e de comunicación. A nosa sociedade actual desenvolveu unha gran capacidade para producir, transmitir e consumir imaxes, que xa forman parte do noso patrimonio artístico. A partir destas imaxes pódese investiga-la forma e as manifestacións creadoras de todos os pobos e culturas.

Ética. Os seres humanos, insertos no seu contorno histórico, posúen unha dimensión moral. Esta dimensión ten un importante compoñente social, posto que a liberdade individual ten que conxugarse cos valores que rexen a comunidade á que pertencen. A ética analiza a moral humana desde o punto de vista da racionalidade crítica. Algúns contidos das ciencias sociais son obxecto da reflexión ética: o funcionamento do sistema económico e as súas implicacións na distribución da riqueza, os problemas dos diferentes grupos sociais, a organización política...

Lingua e Literatura. A lingua interioriza e expresa as representacións culturais dunha sociedade. Tamén, considerada como ferramenta de comunicación, ten unha importante dimensión social. Ademais, a principal fonte de información sobre a linguaxe mesma é o contorno social. A literatura forma parte do patrimonio cultural e histórico dunha sociedade.

Lingua Estranxeira. É unha área baseada nunha necesidade de tipo sociolóxico. O contexto da comunicación ampliouse pola influencia de factores como a integración europea, a universalización e interdependencia cultural e económica, etc.

Matemáticas. Na análise da realidade (histórica, xeográfica, social, económica ou política) están presentes os razoamentos lóxicos proporcionados desde as Matemáticas. Esta materia facilita, ademais, as claves necesarias para a regulación de prácticas sociais concretas, como os intercambios comerciais, a repartición da terra...

Música. Pola súa dimensión estética, considerámola unha máis das artes que expresan e representan a realidade. Pero é tamén un medio de comunicación e de relación que forma parte do complexo cultural e do patrimonio dunha comunidade.

Tecnoloxía. A partir do desenvolvemento industrial ábrese unha nova etapa cultural na que a tecnoloxía ten unha grande influencia en diversos aspectos da vida humana: condiciona e modifica o medio, os modos de vida e os costumes das sociedades. A técnica converteuse nun instrumento de gran relevancia na nosa sociedade. Ambas, técnica e sociedade, forman un conxunto articulado con repercusións mutuas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Para o 1º curso da ESO plantéxase unha actividade relacionada coa visita a un museo. Estes son, normalmente, rexeitados polo alumnado por consideralos alonxados da súa realidade cotiá, é por iso que se pretende que se acheguen a eles por medio do Instituto como mediador. Así pois, a visita ó Museo de Prehistoria de Vilalba, elíxese tanto polo seu aspecto didáctico sobre este período como polo feito da súa importancia cultural na bisbarra.

Para 4º da ESO, cun alumnado de maior madurez intelectual, plantéxase: Unha viaxe a A Coruña, similar, na medida do posible, a do ano pasado que tanto éxito tivo entre o alumnado do nivel. Pretendente visitar, fundamentalmente, as instalacións de La Voz de Galicia,...; así como facer algunha outra visita interesante na mesma cidade, se o tempo o permite. Os alumnos e alumnas poderán coñecer diversos aspectos dunha cidade cunha gran actividade cultural, pero tamén industrial e comercial.

Para este nivel (4º da ESO) está tamén programada a colaboración, atendendo á "interdisciplinariedade" cunha actividade do Departamento de Educación Física. Trátase de rutas en bicicleta á elementos de patrimonio cultural e monumental da comarca da Terra Chá: Mámoa de Roza das Modias, Torre de Caldaloba, Lagoas de Cospeito,... eles trazarían o camiño e nós informaríamos dos aspectos históricos, culturais dos lugares a visitar.

Para BAC, plantéxanse as actividades seguintes:

- Para 2º BAC, Xeografía, proponse unha excursión a algunha paraxe do país polo seu interese xeográfico físico e/ou humano. Podería ser ó Courel e a súa orixinal "Devesa da Rogueira", e/ou a duna colgada da praia de Trece, preto do Cabo Vilán, na Costa da Morte, ambas visitadas cunha ruta de sendeirismo.
- Para 1º e 2º de BAC, plantéxase unha viaxe a Mérida, en colaboración cos departamentos de Clásicas. A viaxe iría dedicada aos alumnos do Bacharelato de Humanidades. Considérase axeitada, esta viaxe, por diversos motivos, pero, fundamentalmente, polo achegamento á arte, á cultura, e ó legado romano. Permitiralles, ademais, relacionar e comparar dúas urbes importantes da Hispania romana: Lugo e Mérida.

Por outra banda, o noso Departamento tamén participa no **programa "Comenius"** por medio do profesor Don Gonzalo Xosé Francisco da Rocha e dos alumnos de 4ºESO B, que desenvolverán traballos dentro das directrices marcadas para reflexionar sobre a **"identidade europea"** en construcción, con actitudes tolerantes e enriquecedoras a partir da súa realidade inmediata. Para fins de febreiro, ou principios de marzo, está prevista a viaxe a Salónica –Grecia- de dito profesor xunto con un ou dous compañeiros máis, e un número de alumnos por determinar para o intercambio e posta en valor dos traballos realizados.

Loxicamente todas estas visitas serán traballadas polo alumnado durante o curso.

A AVALIACIÓN DE PENDENTES NA ESO

Neste curso, 2007-2008, a avaliación de pendentes segue a rexerse pola Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación. Esta establece a posibilidade de que o alumnado promocione ó curso seguinte con unha ou dúas materias suspensas. Segundo estas premisas é claro que o alumnado de 2º da ESO coas CC.SS. de 1º pendentes, e o de 4º coa Xeografía de 3º pendente, deben ser avaliados tendo en conta os obxectivos, contidos mínimos exixibles e criterios de avaliación que marca o Decreto 233/2002, do 6 de xuño. Estes obxectivos, contidos mínimos e criterios de avaliación serán explicitados para cada nivel.

A Orde de 30 de Setembro de 2004, que regula a avaliación de pendentes, sinala a área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia como non progresiva non podendo o alumnado, polo tanto, superar a materia do curso anterior ó superar a do ano en curso.

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, partindo desta premisa, decidiu:

- Entregar un caderno de actividades o alumnado coa materia pendente para a súa elaboración e posterior entrega para ser corrixido. A elaboración deste caderno posibilita ó alumno traballar a materia que se correspondería con cada avaliación.
- Este caderno complementará a proba escrita en cada trimestre. Dado que o número de alumnos coa materia suspensa son poucos, este sistema permitirá un mellor seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno e tamén permitirá facer unha mellor observación das súas carencias, fallos ou problemas de comprensión.

- Cada avaliación, os alumnos realizarán unha proba escrita na que deberán amosar a adquisición de coñecementos e a superación das carencias anteriores. A cualificación positiva da materia non estará supeditada, única e exclusivamente, á nota desta proba senón que se terá moi en conta, polas razóns expostas anteriormente, o interese do alumno na presentación e realización do caderno (autocorrección, pregunta de dúbidas, actitude positiva...).
- No mes de setembro, aqueles alumnos que non superaran a materia en maio, realizarán unha proba escrita. Teranse en conta as mesmas premisas que na proba de finais de curso.

OBXECTIVOS DO PRIMEIRO CICLO DA E.S.O. (PARA OS ALUMNOS COAS CC.SS. DE 1º PENDENTES)

- Localizar, analizar e valorar as interaccións que as sociedades humanas establecen co seu territorio e a súa capacidade de modifica-lo medio no espacio e no tempo.
- Comprende-lo movemento de rotación e translación da Terra e as súas consecuencias.
- Coñecer as liñas básicas da teoría de tectónica de placas e as súas consecuencias.
- Localizar espacialmente (coordenadas)e identificar os feitos xeográficos máis importantes do mundo.
- Localizar cronoloxicamente as grandes sociedades e culturas da Prehistoria e da Idade Antiga, profundizando nalgunhas delas.
- Representar graficamente o tempo histórico e as diferentes duracións de cada fase histórica.
- Identificar causas e consecuencias a curto e a longo prazo. Distinguir entre factores de cambio e permanencia.
- Integrar ó alumno no seu medio físico, cultural e político (concello, bisbarra, provincia, comunidade autónoma, estado, comunidade iberoamericana e europea...).
- Aplicar os coñecementos adquiridos a realidade xeográfica e histórica local para comprender a súa situación actual.
- Valorar e respectar o patrimonio natural e cultural, asumindo as responsabilidades de conservación e mellora para nós e para as xeracións vindeiras.
- Obter e procesar información verbal, icónica, estatística, cartográfica, bibliográfica...e relacionala cós coñecementos teóricos e ca experiencia persoal.
- Coñecer as características climáticas das principais rexións do mundo e os ámbitos climáticos da Península Ibérica.
- Coñecer as causas, manifestacións e consecuencias das principais catástrofes naturais do Planeta: secas, terremotos e erupcións volcánicas.
- Analizar algunhas interrelacións nas sociedades humanas, establecendo relacións entre paisaxe agraria e medio natural, condicionamentos topográficos e trazado de vías de comunicación, relevancia de factores físicos e localización de zonas industriais, turísticas, urbanas,...

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES(PARA OS ALUMNOS COAS CC.SS. DE 1º PENDENTES)

A TERRA E OS MEDIOS NATURAIS.

I.1.O planeta Terra: -A Terra, planeta do Sistema Solar.-Os movementos da Terra e as súas consecuencias: día, noite, equinoccios, solsticios, estacións, fusos horarios.-A representación da Terra. Mapas e imaxes. -Concepto de escala, mapa, plano, croquis; cartografía básica, topográfica e temática; orientación no mapa e na realidade: puntos cardinais, coordenadas xeográficas. -Mapas a diferentes escalas. Lectura e comparación.As proxeccións máis adecuadas para a representación de diferentes espacios: mundo, continente, país.-Outras representacións: fotografía aérea. As novas cartografías, teledetección e cartografía informatizada.

I.2. Os elementos do medio natural.-A composición da Terra. As placas terrestres e a súa distribución. Continentes e océanos. -O relevo terrestre. As grandes unidades do relevo dos continentes e a súa distribución. O relevo dos fondos oceánicos. Identificación das distintas formas de terreo. -A atmosfera e os fenómenos atmosféricos. Tempo e clima. Os climas e o seu reparto xeográfico. -Climogramas. Elaboración e interpretación. -As augas mariñas e continentais e a súa distribución. -O solo, a vexetación e os animais. Problemas de degradación do medio: -Efectos naturais. -O impacto da acción antrópica: actividades agropecuarias, industrialización e urbanización. -Mapas topográficos e temáticos: de relevo, hidrográficos, climáticos, vexetación...

I.3. Os medios naturais e os recursos. A súa distribución xeográfica.-Os medios naturais en relación coa intervención dos grupos humanos. -Os medios naturais e a diversidade das condicións de vida. Medios adversos e medios favorables: -O medio frío: zonas polares e montañas alpinas. A tundra e o bosque boreal. -O medio quente: os bosques tropicais, as sabanas e os desertos. -O medio temperado: húmidos e mediterráneos, con especial referencia a Europa, á Península Ibérica e a Galicia. -Os diferentes medios naturais en función de: temperaturas, precipitacións, latitude, altitude e proximidade ou afastamento do mar. Observación e comparación. -Medidas para a conservación e xestión sostible de medios e recursos. Enumeración.

I.4. Os riscos naturais e humanos. -Os riscos climáticos: secas, chuvias torrenciais e ciclóns tropicais.-Os terremotos e as erupcións volcánicas. Riscos favorecidos pola acción humana e o desenvolvemento tecnolóxico. -Medidas preventivas, correctoras e reductoras de riscos e catástrofes.

II. PREHISTORIA E HISTORIA ANTIGA.

II.1. O proceso de hominización.Os novos achados. Os primeiros europeos. -Prehistoria. Fontes para o seu estudio. -O Paleolítico: sociedades cazadoras e recolectoras. -A revolución neolítica e o proceso de sedentarización: agricultores e gandeiros. –Principais núcleos agrícolas e as vías de difusión. Representación. -O pensamento máxico-simbólico. -A arte prehistórica: arte mobiliar e arte rupestre. A arquitectura megalítica. -Vestixios na Península Ibérica e en Galicia. Tipos de achados. -A Idade dos Metais: cobre, bronce e ferro. -A cultura castrexa. Espacio xeográfico. Principais castros.

II.2. As primeiras civilizacións históricas. Eixes cronolóxicos. -Factores que favorecen a aparición das culturas históricas. As primeiras cidades. -Dúas culturas históricas: Exipto e Mesopotamia. Análise e comparación. -A relixión, a escritura e o desenvolvemento científico. -Formas de organización política, social e económica. -Manifestacións artísticas: tumbas e templos. -As obras artísticas e as sociedades que as producen. Relacións.

II.3. Grecia: fundamentos da cultura europea. -Antecedentes culturais: culturas cretense e micénica. -O marco xeográfico como condicionante do desenvolvemento económico: as colonizacións. Pegadas na Península Ibérica. -Unha nova forma de organización política: a polis. Esparta e Atenas. -A organización política, económica e social de Esparta e Atenas. Comparación. -A democracia ateniense. -Imperio de Alexandre Magno. O helenismo. -A cultura e a arte grega: a súa evolución.

II.4. A civilización romana: a unidade do mundo mediterráneo. -Os pobos da Península Itálica: os etruscos. -A fundación de Roma. A monarquía. A república: o dereito e as institucións. A expansión de Roma. -O Imperio: organización política e administrativa. -A cidade como centro das actividades políticas e económicas. O desenvolvemento do comercio. -Manifestacións culturais e

relixiosas. A aparición do cristianismo. Manifestacións artísticas. -A caída do Imperio Romano de Occidente: causas. -Primeira ruptura do Mediterráneo. Os pobos xermanos.
II.5. A Hispania romana. -Os pobos prerromanos: iberos e celtas. -A presencia doutros pobos na península: fenicios, gregos e cartaxineses. -A conquista da península por Roma: etapas. -O proceso de romanización: a cultura hispano-romana. -Organización administrativa e territorial no mundo romano. Cidades e provincias. -Gallaecia, provincia romana. -Principais calzadas romanas na península e en Gallaecia. -Ocupación da Península Ibérica. Os suevos e os visigodos. Organización política e social. Manifestacións artísticas e culturais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (PARA OS ALUMNOS COAS CC.SS. DE 1º PENDENTES)

Avaliarase que o alumnado:

- Coñeza o planeta Terra: forma, dimensións e condicións esenciais que fan posible a vida.
- Identifique e localice as comunidades autónomas españolas, os estados da Unión Europea e os estados do mundo.
- Coñeza os rasgos básicos da Teoría de Tectónica de Placas e as súas repercusións.
- Coñeza as institucións, as normas que as rexen e as distintas formas de participación cidadá, aplicando ese coñecemento en debates sobre feitos da actualidade e en comportamentos ou actitudes cotiás.
- Sexa capaz de obter información a partir de diferentes fontes: documentos escritos, obxectos materiais, imaxes, obras de arte, gráficos...
- Usa información complementaria e expona oral e por escrito de xeito intelixible.
- Ordena e representa graficamente algún aspecto significativo da vida humana ó longo de diferentes épocas.
- Identifica e sitúa xeograficamente os principais pobos, sociedades e culturas que se desenvolveron na Península Ibérica ata a época medieval. Analiza as principais aportacións culturais destes pobos.
- Identifica e localiza os rasgos físicos máis destacados que configuran os grandes medios naturais de Galicia, España, Europa e o mundo.
- Coñece as repercusións do movemento de rotación e translación da Terra.
- Distingue as características básicas dos medios climáticos do Planeta. Comenta correctamente os climogramas-tipo.
- Analiza os principais problemas medioambientais no mundo e as principais vías de solución.
- Identifica e sitúa cronoloxicamente os vestixios existentes de culturas precedentes, así como a necesidade de defende-lo patrimonio cultural.
- Comprende os rasgos esenciais do proceso evolutivo do ser humano e o lento proceso de hominización.
- Coñecer a importancia da Revolución Neolítica no desenvolvemento cultural do ser humano.
- Coñece as características básicas das culturas da antigüidade e a súa transcendencia para o mundo presente.
- Participar en debates e discusións, empregando argumentacións razoadas con actitude crítica e tolerante.
- Empregar unha expresión correcta nas probas escritas, axeitada, loxicamente, ás capacidades do alumnado. Valorarase que o alumno tente corrixir os erros no

referido á expresión, ortografía (á que paulatinamente iráselle dando máis importancia).

OBXECTIVOS DE 3º DA E.S.O. (PARA OS ALUMNOS COA XEOGRAFÍA DE 3º PENDENTE)

- Estudio das interrelacións do medio co home, continuando a labor iniciada no primeiro ciclo de identificación e localización de feitos xeográficos, pero centrándose en analizar, avaliar e explicar eses feitos.
- Obter, seleccionar e relacionar información a partir de fontes diversas e tratalas de forma autónoma e crítica; saber comunicar os resultados de forma oral e escrita con claridade.
- Participar criticamente dos proxectos, valores e problemas das comunidades sociais ás que se pertence con plena conciencia dos seus dereitos e deberes, rexeitando todo tipo de discriminacións e promovendo un sentimento positivo cara ó mundo da cultura.
- Utilizar os procesos e mecanismos básicos que rexen os feitos sociais para comprender as sociedades contemporáneas, analizando os problemas máis acuciantes das mesmas.
- Manifestar actitudes de tolerancia e respecto por outras culturas e opinións que non coincidan coas propias, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre as mesmas.
- Analizar a diferentes escalas as relacións que as sociedades establecen co seu territorio, valorando as consecuencias económicas, sociais, políticas e medioambientais.
- Explicar os procesos de degradación e contaminación do medio.
- Analiza-las relacións Norte/Sur nos aspectos políticos, económicos, demográficos e culturais, tomando conciencia da responsabilidade colectiva na busca de solucións ó desequilibrio.
- Realizar investigacións básicas con fontes e técnicas propias da xeografía.
- Analizar, explicar e avaliar feitos nos que se poda observar a interrelación entre o medio natural e a sociedade a escala mundial.
- Describir os principais países e as áreas xeopolíticas, económicas e culturais do mundo a partir dun coñecemento razoable do mapa político do mundo.
- Analizar a intervención humana no medio físico para a comprensión de feitos xeográficos relevantes en Galicia , en España e no mundo.
- Servirse da información cartográfica, gráfica, estatística e escrita para explicar, analizar e aportar solucións a determinados problemas xeográficos.
- Progresar na adquisición de conceptos relativos a percepción e representación do espacio (escalas, proxección...).
- Elaborar mapas temáticos incorporando a información de táboas estatísticas, textos escritos...
- Recoller a análise multicausal de factores ou condicionantes humanos que interveñen nos feitos xeográficos.
- Coñecer as normas básicas da investigación xeográfica e histórica.
- Promover a responsabilidade individual e colectiva ante os graves riscos que a actividade humana pode ocasionar no medio.
- Tomar conciencia de gravidade dos desequilibrios demográficos e económicos do mundo.
- Promoves a solidariedade entre individuos e colectividades que sofren os desequilibrios económicos do Planeta.
- Fomentar a capacidade de contraste, avaliación crítica e síntese de informacións diverxentes a partir de fontes escritas.
- Contextualizar e explicar feitos relativos ó mundo actual.

- Desenvolver argumentacións fundamentadas, orais e escritas, sobre asuntos controvertidos. Procurar certa coherencia na adopción de opinións e puntos de vista persoais. Fomentar actitudes de cooperación e aceptación de puntos de vista alleos, valorando o enriquecemento dos resultados dun traballo feito desde o contraste de opinións e puntos de vista.
- Analizar algúns dos problemas medio ambientais do mundo derivados da sobreexplotación dos recursos, da industrialización e do urbanismo.
- Estudiar o modelo demográfico de Galicia, de países do Primeiro Mundo e de países do Terceiro Mundo. Análise dos movementos migratorios do pasado e do presente.
- Analizar os sistemas agrarios máis característicos do mundo, valorando as diferencias entre modelos tradicionais e tecnificados e relacionándoos cas características sociais,culturais e políticas.
- Estudiar as características físicas das cidades, a súa evolución histórica, a división funcional e a xerarquización social do espacio.
- Analizar as transformacións recentes dos medios de transporte, das actividades terciarias e da cultura do ocio.
- Identificar e localizar os principais países e áreas xeopolíticas, económicas e culturais do mundo e analizar exemplos representativos dos desequilibrios entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos, subliñando as relacións desiguais de intercambio.
- Distinguir entre datos e opinións, recoñecendo o carácter multicausal dos fenómenos e a posible parcialidade das fontes.
- Utilizar e interpretar cartografía e elaborar e interpretar gráficos a partir de series estatísticas.
- Elaborar sinxelas investigacións con fontes directas e orais relacionadas coa bisbarra.
- Ordenar e representar graficamente a evolución que sufriu ó longo da historia as formas de organización política e social, as manifestacións culturais e as estructuras económicas.
- Estudio da economía política e das relacións macroeconómicas dos países e dos organismos supranacionais.
- Coñece-los principais tipos de recursos naturais e a súa distribución no mundo. Valora-la súa importancia social e comprende-la necesidade de explotalos racionalmente.
- Identificar e explica-la organización político-administrativa do Estado español. Analiza-lo grao de articulación interna e os desequilibrios territoriais en España. Coñece-los contrastes entre o litoral e o interior de Galicia.

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES (PARA OS ALUMNOS COA XEOGRAFÍA DE 3º PENDENTE)

OS ESPAZOS XEOGRÁFICOS.

I.1. As actuacións da sociedade sobre os medios naturais. Espazos xeográficos e actividades económicas. -As relacións entre natureza e sociedade. A formación dos espazos xeográficos. -Actividades agrarias. Tipos principais. A actividade pesqueira. As paisaxes agrarias e o seu reparto xeográfico. -As fontes de enerxía, as materias primas e a industria.

A súa distribución xeográfica. Os espacios industriais. Grandes áreas. -Os servicios. O comercio, os transportes e as comunicacións. O turismo. Os espacios comerciais. As redes de transporte e comunicacións no mundo. Os espazos de ocio. -Os problemas derivados da sobreexplotación do medio natural. As consecuencias ambientais das actividades humanas. As crises ambientais.

I.2 A cidade como espacio xeográfico. -O poboamento humano. Poboamento rural e poboamento urbano. A rururbanización. -A cidade. As actividades urbanas. O espacio interior das cidades. A diversidade das estructuras urbanas. -O crecemento espacial das cidades. Conurbacións e megalópoles. Localización. A urbanización do territorio. -Os problemas urbanos. Plans xerais de ordenación urbana: análise e avaliación. -O poboamento galego entre o mundo rural e o mundo urbano.

I.3. O espacio xeográfico galego e español. -As grandes unidades físicas. As rexións naturais. relevo, a hidrografía e a climatoloxía galega. Principais unidades paisaxísticas en Galicia e en España. Os problemas ambientais en Galicia e en España. -A poboación galega e española. Movementos migratorios e as súas repercusións. -As actividades económicas. A modernización das actividades agrarias e reestructuración da industria. O desenvolvemento dos servicios. Os sectores socioeconómicos galegos. As cidades españolas e o proceso de urbanización. Principais vías de comunicación e fluxos de intercambio en Galicia e España. -A organización territorial do Estado na Constitución de 1978. A organización autonómica do Estado. O Estatuto de autonomía de Galicia. -O papel dos recursos físicos e humanos, da evolución histórica e do desenvolvemento económico contemporáneo na articulación do territorio. -A diversidade xeográfica de España: estudio xeográfico das comunidades autónomas. Galicia.

I.4. O espazo mundo e os seus problemas. -Un mundo progresivamente interrelacionado. Os efectos da mundialización. A formación dun espacio xeográfico mundial. Os problemas do mundo actual vistos desde unha perspectiva xeográfica. -O crecemento da poboación e a evolución dos recursos. Estructura demográfica actual: análise. -As desigualdades socioeconómicas e ambientais. As relacións norte-sur. -Os conflictos políticos no mundo actual.

-A diversidade xeográfica do mundo. Estudios de grandes conxuntos rexionais e dalgúns estados, con especial atención a Europa e Iberoamérica.

II. ACTITUDES, VALORES E NORMAS.

-Recoñece-la importancia dos recursos económicos para permitir índices de benestar na poboación. -Toma de conciencia para realizar un desenvolvemento económico compatible co medio. -Fomentar hábitos e usos que sexan respectuosos co medio. -Avaliar de forma crítica os diferentes niveis de concentración dos recursos e a actividade económica en determinadas zonas do planeta. -Rexeitar calquera tipo de discriminación polo lugar de residencia (urbana, rural ou de diferentes zonas urbanas). -Toma de conciencia dos graves problemas das cidades en países desenvolvidos e subdesenvolvidos e das diferencias entre barrios pobres e ricos nos núcleos urbanos. -Interese polos problemas ambientais dos núcleos urbanos e polas posibilidades de solución. -Interese polas diferencias espaciais en España. Valora-lo patrimonio natural das distintas rexións españolas. -Tomar conciencia da importancia da Constitución española para garanti-la articulación do territorio. -Interese polos diferentes niveis de desenvolvemento e de benestar das rexións españolas segundo as rendas xeradas polos sectores productivos. -Tomar conciencia dos problemas que afectan os países do sur que cada vez se distancian máis dos países do norte. -Interese polos problemas da poboación mundial: analfabetismo, malnutrición, violacións dos dereitos humanos... -Adoptar unha actitude crítica ante os fenómenos da globalización e ante as implicacións espaciais que teñen. -Valora-las diferencias rexionais que existen en Europa e Iberoamérica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (PARA OS ALUMNOS COA XEOGRAFÍA DE 3º PENDENTE)

Avaliarase que o alumnado:

- Explique as interrelacións que se producen entre as sociedades e os medios naturais na xénese e organización dos diferentes espacios xeográficos e os

territorios. Diferencie os distintos tipos, segundo o grao e a natureza da intervención humana e valore as consecuencias ambientais.

- Coñeza os principais tipos de recursos naturais e a súa distribución no mundo. Valore a súa importancia social e comprenda a necesidade de explotalos racionalmente.
- Perciba e describa os efectos medioambientais das actividades humanas, particularmente en Europa, en España e en Galicia. Coñeza as concepcións en defensa do medio ambiente e manifeste interese e respecto por elas.
- Caracterice as actividades rurais, as industriais e de producción de enerxía a as principais actividades de servicios. Tipos de espacios rurais e a súa distribución. Factores de localización industrial, a diversidade de espacios industriais e a súa distribución. Localice os principais eixes de transportes e comunicacións e os fluxos de intercambio. Coñeza os tipos de espacios comerciais e turísticos.
- Diferencie entre o poboamento rural e urbano e coñeza a importancia relativa de cada un deles en distintas áreas xeográficas, con especial referencia a Europa e España. Coñeza as características do espacio urbano e localice as principais áreas urbanas do mundo.
- Explique a estructura formal e funcional da cidade. Coñeza como as cidades articulan o territorio. Valore as vantaxes e problemas da vida urbana.
- Coñeza os rasgos xeográficos comúns e diversos que caracterizan España.
- Identifique e explique a organización político-administrativa do Estado español. Analice o grao de articulación interna e os desequilibrios territoriais. Coñeza os contrastes entre o litoral e o interior de Galicia.
- Identifique e localice as áreas xeopolíticas, económicas e culturais do mundo. Analice os caracteres xeográficos dalgúns estados representativos.
- Coñeza os caracteres xeográficos de Unión Europea e a súa diversidade. Explique a situación de España no mundo.
- Identifique e analice xeograficamente os principais problemas do mundo actual.

A.- PRIMEIRO CICLO DA ESO

OBXECTIVOS DO PRIMEIRO CICLO DA E.S.O.

- Identifica-los procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento dos feitos sociais, utilizando este coñecemento para comprende-la diversidade social e cultural; analiza-los seus problemas e formar un xuízo persoal, crítico e razoado.
- Resolver problemas e levar a cabo estudios e pequenas investigacións aplicando as técnicas e procedementos básicos característicos de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, empregando con precisión e rigor o vocabulario específico para explica-las causas e as consecuencias.
- Utiliza-las imaxes e as representacións cartográficas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos e explica-la súa distribución a distintas escalas, con especial atención ó territorio español. Elaborar esbozos e gráficos sinxelos.
- Coñecer e utiliza-las principais fontes das Ciencias Sociais (textos escritos, obxectos materiais, series estatísticas, gráficos, imaxes…) e obter delas información sobre os feitos e fenómenos sociais e culturais, contrastándoas de forma crítica.

- Identifica-los elementos do medio físico e describir e caracteriza-los principais medios naturais e a súa distribución no conxunto do planeta, en Europa, no Estado español e en Galicia.
- Analiza-la utilización dos recursos polos grupos sociais e valora-las consecuencias ambientais.
- Identificar e localizar no tempo e no espacio os procesos e os acontecementos relevantes, co fin de adquirir unha perspectiva global da Prehistoria e da Idade Antiga, dentro dun marco cronolóxico preciso e dun esquema de datas clave.
- Comprende-la interrelación dos factores multicausais que explican a evolución das sociedades humanas, así como o papel desempeñado nese proceso por colectividades e grandes personalidades, evitando unha visión reduccionista da historia, en especial unha visión eurocéntrica e androcéntrica.
- Identificar e localizar no tempo e no espacio procesos e acontecementos relevantes co fin de adquirir unha perspectiva global da evolución histórica da humanidade e a comprensión das nocións de cambio e permanencia.
- Adquirir unha memoria histórica que permita elaborar unha interpretación persoal do mundo, a través duns coñecementos básicos tanto de Historia Universal, como de Historia de España e de Galicia, respectando e valorando os aspectos comúns e os de carácter diverso, co fin de facilita-la comprensión da posible pertenza simultánea a máis dunha identidade colectiva.
- Coñecer e utilizar de forma crítica as tecnoloxías da información e da comunicación, no nivel correspondente, como un medio para aumenta-lo coñecemento da realidade e a comprensión das sociedades contemporáneas e para valora-los adiantos científico-tecnolóxicos.
- Valorar e respecta-lo patrimonio natural, histórico, lingüístico, cultural e artístico, asumindo as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
- Potencia-los valores de tolerancia e solidariedade, mediante o coñecemento dos feitos e sucesos das distintas etapas históricas e da diversidade xeográfica e cultural.
- Sensibilizarse ante as situacións de marxinación e desigualdade que afectan a persoas, grupos sociais e pobos; e adoptar unha actitude responsable ante os problemas que afectan ás comunidades sociais ás que pertence.

A.I.- PRIMEIRO CURSO DE E.S.O.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DE 1º DA ESO

- Identificar as liñas básicas de orientación xeográfica e situar lugares no mapa mediante a lonxitude e a latitude.
- Descodificar información simbólica e interpretala para describir o contido da información expresada nun mapa.
- Coñecer o mapa físico do mundo nos seus trazos básicos e, en particular, de Galicia e de España. Localizar os seus elementos e salientar os predominantes de cada territorio.
- Recoñecer e localizar no espazo os principais medios naturais do planeta, caracterizalos e distinguilos en función da interacción dos trazos físicos predominantes para conformar paisaxes xeográficas diferenciadas e as formas de vida que posibilitan.
- Transferir os coñecementos adquiridos para analizar e interpretar un espazo concreto e próximo. Comprender as interaccións que se producen nel.

- Coñecer os principais problemas ambientais da actualidade; relacionalos coas súas causas e posibles efectos.
- Pensar e expoñer accións que poidan contribuír á mellora ambiental a través da ciencia, da tecnoloxía ou do consumo responsable.
- Utilizar como referencia temporal na localización de feitos e procesos históricos a periodización e a datación correcta.
- Identificar elementos de permanencia e de cambio nas sociedades da Prehistoria e da Antigüidade. Diferenciar tempo cronolóxico e histórico.
- Identificar os elementos básicos que conformaron as sociedades depredadoras principais.
- Identificar os cambios producidos na revolución neolítica. Valoración das consecuencias da Revolución Neolítica na evolución da humanidade.
- Valorar a importancia cultural da arte rupestre e do megalitismo atlántico.
- Localizar no tempo e no espazo as civilizacións de Exipto, Mesopotamia e Grecia. Caracterizar os elementos básicos que a conformaron (escravismo, patriarcado...) e diferenciar a organización política de cada pobo (teocracia e democracia).
- Recoñecer os elementos relevantes da achega grega á civilización occidental.
- Percibir a influencia do pasado no asentamento e límites actuais de Galicia. Comparar o espazo
- ocupado polos castrexos e os límites actuais de Galicia.
- Analizar os elementos sociais e artísticos máis elementais da cultura castrexa. Relacionar as culturas urbanas mediterráneas e as atlánticas.
- Coñecer os trazos da civilización romana, con atención á organización político-administrativa,
- social, económica e cultural.
- Identificar o legado da civilización romana no noso país no patrimonio artístico e noutros trazos actuais. Desenvolver e recoñecer o significado do cristianismo e os novos asentamentos producidos no mundo tardorromano: suevo e visigodo.
- Ler comprensivamente diferentes fontes de información, arqueolóxicas e escritas.
- Extraer as ideas principais das distintas fontes de información, relacionalas en esquemas explicativos e expoñelas por escrito correctamente

COMPETENCIAS BÁSICAS

As Ciencias Sociais teñen un carácter instructivo e contextualizador porque axudan a centrar unha información dentro dunha perspectiva social. Deben crear cidadáns e cidadás cualificados e cualificadas capaces de analizar, valorar, opinar e tomar decisións coherentes; de preservar o patrimonio natural, cultural e histórico nunha sociedade en cambio permanente a un ritmo acelerado.

1.- Competencia social e cidadá

A área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia desenvolve, especialmente, a competencia básica social e cidadá, pois facilita as relacións dentro dun modelo democrático nunha sociedade cada vez máis plural e diversa. Entre as competencias básicas deste tipo abordadas para 1º de ESO salientamos: Competencia para construír o tempo e o espazo persoal no alumnado para comprender a conformación de identidades sociais e territoriais. Estas categorías espazo-temporais deben traducirse no desenvolvemento dunha competencia social democrática que faga posible unha interacción responsable no medio, pois o mundo actual é o resultado das decisións que tomaron os nosos antepasados. Razón pola que é fundamental comprender que o planeta non ten capacidade ilimitada para soportar todas as agresións e que a nós nos

corresponde unha actitude comprometida e responsable que garanta un futuro para as xeracións futuras. Competencia para comprender a realidade social actual, os seus logros e os seus problemas, axudando a analizar os elementos que a propiciaron e, se é posible, melloralos.

2.- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

Competencia para analizar a acción humana na utilización do espazo e os seus recursos, os problemas xerados e as accións que aseguren a protección do medio natural. O patrimonio paisaxístico ten que estar en harmonía co medio. Para percibir o espazo físico no que se desenvolve a actividade humana pódense seguir estratexias de coñecemento con metodoloxías inversas: do máis próximo ao máis afastado ou do máis afastado ao máis próximo. O proxecto de Edicións Xerais de Galicia incorpora as dúas metodoloxías para potenciar o desenvolvemento desta competencia. Enténdese por medio a complexa urda de elementos e relacións en que o individuo se atopa inmerso, directa ou indirectamente, e non só o máis inmediatamente perceptible na contorna próxima. Este concepto de medio recolle a perspectiva dos feitos que a realidade sitúa á nosa beira, que se ve de maneira obxectiva, e a dos que poden ser próximos aos intereses do alumnado, aínda que non pertenzan á contorna próxima. Constitúe o noso medio todo o que actúa sobre nós, o que nos move e nos orienta, o que nos fai madurar e progresar, o que nos asusta ou proporciona seguridade, o que nos formula problemas ou impón eleccións; en definitiva, todo o que nos afecta.

3.- Competencia cultural e artística

Competencia para, a partir do estudo da cultura propia, emprender o coñecemento doutras culturas afastadas, alleas ou distintas. Competencia que se verá facilitada pola sensación de proximidade dos lugares máis distantes que nos proporcionan os medios de comunicación, sobre todo a televisión, xa que vivimos cada vez máis nun mundo interrelacionado e, ás veces, o remoto é o máis próximo. Competencia para apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas, materiais e inmateriais, tanto para o enriquecemento persoal como para valoralas como elementos esenciais do patrimonio cultural que hai que preservar. Competencia para identificar e coñecer obras de arte relevantes, polo significado na caracterización de estilos e artistas e polo feito de formar parte do patrimonio cultural próximo. Son necesarias, pois, capacidades perceptivas e unha certa sensibilización por parte do alumnado sobre estas manifestacións.

4.- Competencia para aprender a aprender

Competencia para chegar ao coñecemento por transferencia. Preténdese que a partir da idea de medio e de contorna os alumnos e alumnas poidan transferir os seus modelos da realidade estudada a distintos contextos sociais e espaciais. Competencia para construír novos coñecementos, nun proceso lento pero seguro, de aprendizaxe. O descubrimento de novas cousas formará parte deste proceso de construción. E para construír coñecementos, nada mellor que partir do que cada un sabe, razón pola que os materiais propoñen unha aprendizaxe significativa, adquirindo significados novos a partir do que cada alumno ou alumna xa coñece.

5.- Competencia no tratamento da información e competencia dixital

Competencia para comprender fenómenos sociais, xeográficos e históricos empregando as ferramentas proporcionadas pola sociedade da información (Internet, especialmente). Competencia para establecer criterios de selección da información proporcionada por fontes

dixitais baseados na veracidade e na pertinencia, sendo tratados desde actitudes críticas para que enriquezan e non suplanten as contribucións persoais.

6.- Competencia en comunicación lingüística

Competencia para describir, narrar, disertar, argumentar, tanto por oral como por escrito, utilizando un vocabulario preciso e específico da área, tanto os feitos históricos, como as realidades xeográficas e problemas sociais. A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento e para explicar e expresar o coñecemento construído. O desenvolvemento desta competencia implica o dominio de habilidades de lectura e escritura de diferentes tipos de textos. As preguntas a pé de páxina, presentes en todas as páxinas dos materiais, axudan nese intento de desenvolver a competencia lectora comprensiva e pormenorizada, obrigando ao alumnado a buscar o dato concreto ou a idea esencial. • Competencia para valorar a lingua galega como un trazo esencial da identidade histórica de Galicia.

7.- Competencia matemática

Competencia para manexar datos numéricos e realizar operacións básicas con criterio de medición, codificación numérica e representación gráfica sobre feitos históricos ou realidades sociais e xeográficas. Moitos aspectos relacionados co marco espacial e da vida social teñen valores cuantitativos ou gráficos que deben ser abordados dende esta competencia.

8.- Autonomía e iniciativa persoal

Competencia para desenvolver valores ou habilidades persoais, como autonomía, liberdade, autoestima, autocrítica, iniciativa, perseveranza, creatividade, seguridade, responsabilidade, honestidade, respecto ás normas e capacidade para afrontar os problemas; e valores sociais, como respecto polas ideas alleas, capacidade de diálogo e interese polo traballo cooperativo.

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

XEOGRAFÍA

- Os movementos da Terra: Rotación e Translación. Os fusos horarios. A coordenadas xeográficas: Latitude e lonxitude. A representación da Terra: tipos de mapas. A escala.
- A formación dos continentes e do relevo. Os axentes modeladores do relevo. Situación e nome de cada continente e identificación dalgúns dos elementos do relevo máis importantes. A España peninsular e insular: situación no mapa das principais unidades do relevo. Galiza: o relevo interior e costeiro; situación no mapa.
- As augas continentais: os mares e o seu movemento. As augas continentais e o ciclo da auga. Situación no mapa dos principais ríos e lagos de cada continente, de España e de Galiza.
- A atmosfera: ¿Que é?. Tempo e clima.
- Climas: Nome e distribución dos mesmos no mundo, en España e en Galiza. Fauna e flora de cada clima. Elaboración de climogramas.
- As paisaxes naturais e humanizadas. As principais unidades paisaxísticas de España e de Galiza.
- A terra un ecosistema en perigo: os riscos naturais(terremotos, volcáns, inundacións, seca, pragas e epidemias) e os de orixe humana (mareas negras, chuvia ácida,

contaminación radioactiva, perda de biodiversidade). Os recursos naturais: renovables e non renovables. O desenvolvemento sostible.

HISTORIA

- A Prehistoria. ¿Que é un homínido?. O Paleolítico: características básicas. O Neolítico: características fundamentais. A arte e a relixión no Paleolítico e no Neolítico. A Idade dos Metais: novas formas de vida. A Prehistoria na Península Ibérica e en Galiza: a cultura castrexa.
- As primeiras civilizacións fluviais. O seu legado. Exipto e Mesopotamia: Situación xeográfica. Modelos político, relixioso e artístico. A aparición da escritura.
- Grecia: As polis. Situación e importancia de Atenas e Esparta. O esplendor ateniense: a democracia. Relixión e cultura: artistas e filósofos. Extensión polo Mediterráneo: as colonias.
- Roma: Situación. Fases da súa historia: Monarquía, República e Imperio. A sociedade romana: as cidades e as formas de vida urbanas.
- Concepto de romanización: A conquista de Hispania e a romanización. Legado romano en España e en Galiza. A lingua, o dereito. A arte e a relixión romanas.
- cristianismo: orixe e expansión. A crise do Baixo Imperio romano. A división e o final do Imperio.
- Os pobos xermánicos: orixe e relación con Roma. O reino suevo de Galiza. O reino visigodo: política e economía.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

O MEDIO FÍSICO E O ESPACIO XEOGRÁFICO

Conceptos

1. O planeta Terra: características fundamentais e a súa conservación.

1.1. A Terra e o universo. Magnitudes e distancias.

— A Terra, planeta do Sistema Solar.

— Os movementos da Terra e as súas consecuencias: día, noite, equinoccios, solsticios, estacións.

— As coordenadas xeográficas.

— A representación da Terra: as proxeccións cartográficas. Cartografía básica, topográfica e temática. Concepto de escala, mapa, plano croquis; orientación do mapa e na realidade. Outras representacións: fotografía aérea. As novas cartografías, teledetección e cartografía informatizada.

— Os fusos horarios.

1.2. Trazos fundamentais do medio físico do planeta e o seu papel condicionante da actividade humana: o relevo, o clima, as augas, os solos e a vexetación.

— A composición da Terra. As placas terrestres e a súa distribución. Continentes e océanos.

- O relevo terrestre. As grandes unidades do relevo dos continentes e a súa distribución. O relevo dos fondos oceánicos. Identificación das distintas formas de terreo.
- A atmosfera e os fenómenos atmosféricos. Tempo e clima. Os climas e a súa repartición xeográfica.
- Climogramas. Elaboración e interpretación.
- As augas mariñas e continentais e a súa distribución.
- O solo, a vexetación e os animais. Problemas de degradación do medio: os efectos naturais e o impacto da acción antrópica: actividades agropecuarias, industrialización e urbanización.
- Mapas topográficos e temáticos: de relevo, hidrográficos, climáticos, vexetación, etc.

2. Os medios naturais no planeta, Europa, España e Galicia.

2.1. Grandes zonas bioclimáticas da Terra.

- As paisaxes de clima frío: zonas polares e montañas alpinas, a tundra e o bosque boreal.
- O medio cálido: os bosques tropicais, as sabanas e os desertos.
- O medio temperado: húmidos e mediterráneos.

2.2. Medios naturais de Europa.

2.3. Medios naturais de España.

2.4. Medios naturais de Galicia.

2.5. Os diferentes medios naturais en función de: temperaturas, precipitacións, latitude, altitude e proximidade ou afastamento do mar.

3. Riscos naturais e actividades humanas.

3.1. Os principais riscos naturais: inundacións, furacáns e tifóns, terremotos e maremotos, secas, chuvias torrenciais, ciclóns tropicais, erupcións volcánicas, aludes…

3.2. Riscos de orixe humana e tecnolóxica.

3.3. Medidas preventivas, correctoras e reductoras de riscos e catástrofes.

4. Os medios naturais e a sociedade humana.

4.1. A interacción entre o medio físico e o ser humano. O aproveitamento do medio: os recursos naturais.

4.2. Os problemas de degradación ambiental no mundo, Europa, España e Galicia. Medidas para a conservación e xestión sostible de medios e recursos. A política ambiental.

4.3. Conservación e xestión sostida dos recursos.

Procedementos

1. Obtención, selección e rexistro de información relevante a partir de centros de documentación de fácil acceso e utilizando obras como enciclopedias, atlas, etc. de carácter divulgativo.

1.1. Localización dos centros de documentación (internet, bibliotecas, concellos, etc.).

1.2. Selección da fonte axeitada segundo a información que se precisa.

2. Obtención de información xeográfica a partir de distintos tipos de documentos visuais e escritos, incluídos os artigos periodísticos, os mapas e os esquemas.

2.1. Selección dos documentos visuais e escritos a partir dos que é posible ob-

te-la información.

2.2. Descrición detallada dos contidos.

2.3. Diferenciación dos contidos que se observan directamente (explícitos), daqueles que se deducen (implícitos).

2.4. Rexistro da información obtida.

3. Lectura e interpretación de fotografías aéreas, planos e mapas de distintas características e escalas; establecemento de correspondencias simples entre distintos tipos de planos, fotografías aéreas e mapas (topográficos, temáticos, etc.), e entre estes e a realidade.

3.1. Coñecemento e correcta interpretación da escala (numérica e gráfica) como medio para representar fielmente no papel a realidade.

3.2. Selección de distintas formas de representación dun mesmo feito xeográfico coñecido.

4. Interpretación e elaboración de mapas e climogramas.

4.1. Lectura e interpretación das lendas que acompañan ós mapas e climogramas.

4.2. Obtención de información para a correcta elaboración de mapas e climogramas.

5. Análise e interpretación de perfís topográficos sinxelos.

5.1. Localización no mapa topográfico das curvas de nivel.

5.2. Determinación do relevo do territorio.

5.3. Especificación das alturas das cotas máximas e mínimas.

5.4. Determinación da escala coa que se representou o mapa.

6. Contraste de datos, avaliación e síntese integradora de informacións de moi distinto carácter e avaliación da corrección e obxectividade dos recursos expresivos empregados.

6.1. Recollida e selección de diferentes fontes de información.

6.2. Lectura e comprensión das fontes.

6.3. Comparación dos datos proporcionados por cada unha das fontes e valoración das vantaxes e dos inconvenientes.

7. Análise e interpretación de problemas de degradación ambiental.

7.1. Localización no noso contorno de zonas con problemas de degradación espacial.

7.2. Determinación do tipo de problema e a súa posible orixe.

7.3. Avaliación dos danos e as súas consecuencias producidos no medio.

7.4. Indicación das posibles medidas para resolve-lo problema.

8. Presentación clara e ordenada de traballos, combinando axeitadamente distintas formas de expresión, en particular mapas, gráficos, imaxes e arquivos de prensa.

8.1. Estructuración das partes do traballo: índice, introducción, corpo, conclusións, etc.

8.2. Selección, segundo os contidos, das distintas formas de presentación da información: mapas, gráficos, etc.

9. Explicación das interaccións entre o medio e a acción humana que se dan en manifestacións e procesos xeográficos, como a degradación e contaminación do medio nun lugar concreto, a configuración dunha paisaxe determinada, a localización e distribución de determinados feitos xeográficos…

9.1. Selección dun medio físico concreto e descrición dos seus elementos naturais e dos que son o resultado da acción humana.

9.2. Determinación daquelas intervencións humanas no medio que modificaron a paisaxe e as súas razóns.

10. Preparación e realización de debates sobre cuestións ambientais.

10.1. Selección do tema que se vai debater.

10.2. Repartición das diversas posturas que se van defender e/ou interpretar coas súas correspondentes motivacións e consecuencias.

10.3. Disposición dos materiais necesarios.

10.4. Realización do debate e busca de solucións.

Actitudes

1. Valoración das técnicas de análise espacial como un instrumento de axuda para desenvolverse na vida cotiá.

1.1. Recoñecemento da utilidade do coñecemento e estudio das técnicas de análise espacial para a comprensión do contorno físico.

1.2. Valoración das vantaxes da aplicación destes coñecementos en diversas situacións da nosa vida cotiá.

2. Curiosidade por descubrir e coñecer territorios e paisaxes de moi distinto tipo.

2.1. Interese por descubrir e coñece-la diversidade de paisaxes e territorios de distinto tipo, foran ou non modificados polo ser humano.

2.2. Valoración estética da paisaxe e aprecio pola diversidade.

2.3. Actitude de defensa e conservación do medio e recuperación do equilibrio ecolóxico se este foi alterado.

3. Participación activa na conservación e mellora do medio e do patrimonio cultural na procura dunha mellor calidade de vida.

3.1. Toma de conciencia dos grandes problemas ós que se enfronta a vida humana sobre a Terra e daqueles problemas ambientais que poñen en perigo a súa supervivencia: a degradación do medio e a sobreexplotación dos recursos.

3.2. Actitude reflexiva sobre os graves problemas provocados pola acción humana que ó medio.

3.3. Recoñecemento da importancia dos recursos naturais e do seu carácter finito.

3.4. Desenvolvemento do compromiso pola conservación do medio.

4. Valoración do medio natural como recurso e elemento importante na calidade de vida dos grupos humanos, e disposición favorable á súa conservación e defensa.

4.1. Recoñecemento do feito de que a calidade de vida dos seres humanos está estreitamente relacionada coa conservación do medio físico e/ou coa recuperación do medio degradado.

A EVOLUCIÓN HISTÓRICA

Conceptos

1. As etapas da prehistoria: cronoloxía. Fontes para o seu estudio.

2. O Paleolítico: os primeiros cazadores e colleiteiros.

2.1. Cronoloxía e etapas.
2.2. O proceso de hominización.
2.3. Forma de vida e actividades básicas.
2.4. Os restos materiais.

3. Unha época de transición: o Mesolítico ou Epipaleolítico.

3.1. Cronoloxía e localización. A última glaciación.
3.2. A adaptación do ser humano ó medio.
3.3. Os instrumentos.
3.4. O pensamento máxico-simbólico.

4. O Neolítico.

4.1. Causas da aparición da agricultura e da gandería.
4.2. Principais núcleos agrícolas e as vías de difusión.
4.3. Novas formas de vida e de organización social. O proceso de sedentarización.
4.4. A transformación dos instrumentos: o puído.

5. A Idade dos Metais.

5.1. Etapas. O traballo do cobre, do bronce e do ferro.
5.2. Cambios nas actividades económicas e na organización social e política.

6. A Prehistoria na Península Ibérica.

6.1. O Paleolítico. Cronoloxía e localización dos principais depósitos. Características de cada etapa. Avances no estudio do proceso de hominización. Os novos achados na península Ibérica.

6.2. O Mesolítico e o Neolítico. Cronoloxía, localización e trazos económicos, sociais e culturais destacables.

7. A Prehistoria en Galicia.

7.1. O Paleolítico. Características de cada etapa. Localización dos principais depósitos.

7.2. O megalitismo en Galicia. Cronoloxía, localización e trazos económicos, sociais e culturais.

7.3. A Idade dos Metais. A Idade do Bronce: características económicas, sociais e culturais.

7.4. A cultura castrexa: a finais da Prehistoria e comezos da Idade Antiga. Espacio xeográfico e cronoloxía. Características económicas, sociais e culturais. Principais castros.

8. As primeiras civilizacións históricas: a revolución urbana. Transformacións tecnolóxicas, culturais, políticas e sociais.

8.1. As civilizacións de Mesopotamia. Cronoloxía e localización. Principais características.
8.2. Exipto. Cronoloxía e localización. Principais características.
8.3. Formas de organización política, social e económica.

8.4. As culturas mediterráneas: Creta, Micenas e os fenicios. Cronoloxía e localización. Principais características.

9. Grecia: fundamentos da cultura europea.

9.1. O marco xeográfico: a hélade.
9.2. A época arcaica. O nacemento da polis. A colonización grega polo Mediterráneo.

9.3. A época clásica. Evolución política (tiranía e democracia). A organización política, económica e social de Atenas e Esparta. A democracia ateniense.

9.4. A época helenística. O imperio de Alexandre Magno.

10. A civilización romana.

10.1. Cronoloxía e localización.

10.2. A fundación de Roma. A monarquía. Latinos e etruscos.

10.3. O sistema político republicano. Institucións. As primeiras conquistas romanas.

10.4. O Imperio. A organización político-administrativa, económica e social. A máxima expansión de Roma.

10.5. A cidade como centro das actividades políticas e económicas. O desenvolvemento do comercio.

10.6. O Baixo Imperio. A caída do Imperio Romano.

10.7. As monarquías xermánicas.

11. A península Ibérica na Antigüidade.

11.1. Cronoloxía, localización e características principais de cada cultura.

11.2. A colonización fenicia, a dominación cartaxinesa e a colonización grega.

11.3. Os pobos indíxenas: iberos, celtas e tartesos.

11.4. A conquista romana e a romanización. Organización administrativa e territorial no mundo romano. Cidades e provincias.

11.5. O final da Idade Antiga: o reino visigodo de Toledo. Organización política e social.

12. A Gallaecia romana.

12.1. Cronoloxía e localización.

12.2. A conquista romana e a romanización.

12.3. Principais calzadas na Gallaecia.

13. A Galicia xermánica.

13.1. O reino suevo de Galicia.

13.2. Incorporación de Galicia ó reino visigodo.

13.3. Galicia na monarquía visigoda.

Procedementos

1. Obtención, selección, clasificación e análise das fontes históricas e elaboración de información a partir delas.

1.1. Busca e localización de posibles fontes de información histórica en depósitos, museos, bibliotecas, arquivos municipais, rexistros parroquiais, etc., a partir de testemuños de persoas, obras de arte e fontes audiovisuais.

1.2. Selección e clasificación das fontes segundo do tipo que sexan.

1.3. Obtención de información explícita e implícita a partir de restos arqueolóxicos, imaxes e obras de arte.

2. Distinción entre fontes primarias e secundarias ou historiográficas, e o seu diferente uso e valor para o coñecemento do pasado.

2.1. Distinción de determinados tipos de fontes (orais, escritas, gráficas, audiovisuais e obxectos e restos materiais) e selección dalgunhas referidas a un mesmo acontecemento histórico.

2.2. Determinación do diferente valor como fonte de información para o coñecemento do pasado das fontes primarias, respecto a outros tipos de fontes.

3. Selección e utilización de recursos gráficos para a representación do tempo histórico e elaboración de secuencias temporais utilizando as unidades e convencións cronolóxicas.

3.1. Representación mediante eixes cronolóxicos da sucesión ordenada de acontecementos históricos.

3.2. Selección de recursos gráficos, como táboas comparativas, árbores xenealóxicas, fotografías, debuxos, etc. para representa-la evolución dun feito no tempo histórico.

4. Interpretación e representación de situacións históricas ou procesos de cambio histórico mediante mapas temáticos.

4.1. Interpretación dos símbolos utilizados, comprensión do uso de cores, trazados, etc. e localización temporal e espacial do feito reflectido.

4.2. Busca de información e elección de unidades temporais e de símbolos para representa-los acontecementos históricos.

5. Análise de determinados aspectos da vida cotiá que caracterizan unha sociedade.

5.1. Determinación dos trazos destacables e diferenciadores que caracterizan unha sociedade concreta nun momento histórico determinado, sexan económicos, políticos, sociais, relixiosos, artísticos, etc.

5.2. Indicación dos principios e normas de comportamento que rexen esa sociedade.

5.3. Análise dos trazos fundamentais da sociedade obxecto de estudio.

6. Explicación de trazos ou feitos característicos dunha época aludindo a circunstancias ou factores de tipo tecnolóxico, económico, político, relixioso e cultural propios do contexto xeral de tal época.

6.1. Elección dun trazo ou feito dunha época histórica para a súa análise.

6.2. Formulación das posibles causas de determinados trazos ou feitos históricos.

7. Análise dalgúns procesos de cambio histórico e comparación da súa duración e ritmos respectivos.

7.1. Selección dalgúns acontecementos históricos que supuxeron un cambio importante na mentalidade e/ou nas formas de vida das xentes da época (revolución neolítica, aparición da escritura nas primeiras civilizacións, romanización dos pobos mediterráneos…).

7.2. Localización temporal e espacial dos procesos de cambio e análise da difusión e extensión destes no espacio e no tempo.

8. Planificación e realización, individual ou en grupo, dunha sinxela investigación histórica.

8.1. Obtención de información sobre o tema obxecto de traballo en distintas fontes históricas.

8.2. Comparación e análise da información obtida.

8.3. Redacción dun traballo descritivo indicando o tipo de fontes consultadas e expoñendo as conclusións finais.

Actitudes

1. Sensibilidade e preocupación polo rigor e a obxectividade na investigación e na interpretación histórica.

1.1. Rigor na busca de información sobre un feito ou aspecto histórico determinado, evitando as posibles omisións na localización de fontes, que teña como consecuencia unha interpretación parcial do feito que se vai analizar.

2. Respecto e valoración da diversidade histórica e cultural do Estado español como unha realidade distintiva e enriquecedora do noso patrimonio colectivo.

2.1. Interese por coñece-las diferentes contribucións culturais provenientes dos distintos pobos asentados no territorio da actual España ó longo da Prehistoria e da Idade Antiga.

2.2. Valoración e respecto da riqueza histórico-artística e cultural proporcionada polos pobos asentados no territorio da actual España ó longo da Prehistoria e da Idade Antiga.

3. Participación e cooperación na realización de actividades colectivas respectando as normas de convivencia e as ideas dos demais e aceptando as responsabilidades que contraen.

3.1. Valoración das pautas de conducta que favorecen a convivencia e o estudio.

3.2. Actitude aberta e tolerante.

3.3. Respecto polas opinións alleas.

3.4. Actitude favorable á participación e á colaboración en traballos de investigación, debates ou diálogos.

4. Valora-la importancia de situarse na época e na sociedade obxecto de estudio para comprendela mellor.

4.1. Recoñecemento da existencia de actitudes, crenzas e formas de vida propias doutras sociedades e épocas históricas.

4.2. Desenvolvemento de actitudes de empatía e tolerancia cara a outras actitudes, crenzas e formas de vida de persoas, sociedades e países con ideas e costumes distintos ós nosos.

CIENCIA, CULTURA E ARTE

Conceptos

1. A Prehistoria.

1.1. Os inicios da arte. Arte mobiliaria e arte rupestre. O megalitismo.

1.2. Características xerais das manifestacións culturais e técnicas.

2. As primeiras civilizacións. Manifestacións artísticas: tumbas e templos.

2.1. Principais manifestacións da arte exipcia. A arquitectura. Características da cultura: a escritura e a relixión.

2.2. Contribucións culturais e artísticas das civilizacións mesopotámicas.

2.3. Contribucións culturais das civilizacións mediterráneas: minoicos, micénicos e fenicios. A evolución da escritura e do alfabeto.

3. Principais manifestacións culturais e artísticas dos pobos prehistóricos da península Ibérica.

3.1. A importancia da arte rupestre. Arte mobiliaria. Megalitismo.

4. O mundo grego.

4.1. A arte grega: un novo ideal estético.

4.2. A evolución da arte grega.

4.3. O legado cultural: o pensamento e as letras.

5. A civilización romana.

5.1. A arte romana e as súas manifestacións: a influencia da arte etrusca na arquitectura romana. O sentido práctico e monumental da arte romana.

5.2. O urbanismo romano. Características das cidades e das vías de comunicación.

5.3. O legado cultural.

6. O cristianismo.

6.1. Orixe e desenvolvemento da relixión cristiá no Imperio Romano: da persecución á integración.

6.2. A arte paleocristiá. Edificios característicos e simbolismo da arte.

7. A arte dos pobos xermánicos.

8. Principais manifestacións culturais e artísticas dos pobos da península Ibérica na Antigüidade.

8.1. Tartesos, iberos e celtas.

8.2. As contribucións dos fenicios, cartaxineses e gregos.

8.3. A romanización. O legado artístico e cultural de Roma.

8.4. Principais manifestacións da arte visigoda e sueva.

Procedementos

1. Análise dalgunhas obras de arte, de épocas e culturas distintas, inseríndoas no seu contexto histórico.

1.1. Selección das obras de arte máis representativas de cada período histórico.

1.2. Descrición dos elementos máis significativos.

1.3. Detección das influencias que teñen cada unha delas, con respecto á época e á cultura que corresponda.

2. Análise de determinados aspectos da cultura e os cambios científico-técnicos que caracterizan unha sociedade.

2.1. Determinación dos trazos destacables e diferenciadores que caracterizan á sociedade en estudio, nun momento histórico determinado.

2.2. Análise dos trazos fundamentais.

Actitudes

1. Interese por coñece-las formas de expresión artística e cultural de sociedades afastadas no espacio e no tempo.

1.1. Curiosidade por achegarnos ós elementos artísticos e culturais de sociedades doutras épocas.

1.2. Respecto polas formas de expresión artísticas e culturais diferentes ás actuais.

1.3. Interese por descubrir nas formas de expresión artísticas e culturais de sociedades doutras épocas algúns trazos que permanecen ou desapareceron con respecto á época na que vivimos.

2. Interese por coñecer sociedades e culturas diferentes, valorándoas como elementos enriquecedores da existencia colectiva da humanidade.

2.1. Curiosidade por descubri-las características doutras culturas.

2.2. Respecto polas particularidades e os trazos diferenciadores que posúen outras culturas con respecto á nosa.

3. Valoración dos restos e vestixios do pasado que existen no noso contorno, como manifestacións valiosas da nosa experiencia e minoría colectiva e disposición favorable a actuar de forma que se asegure a súa conservación.

3.1. Recoñecemento da importancia dos restos materiais e vestixios do pasado como fontes de información histórica.

3.2. Concienciación da responsabilidade que teñen as xeracións actuais de conserva-los restos histórico-artísticos que existen no noso contorno como legado para as futuras xeracións.

3.3. Aprecio e respecto polos restos materiais do noso pasado.

4. Adquisición de actitudes de respecto e tolerancia ás persoas, independentemente do seu sexo, raza, relixión, procedencia social, etc.

4.1. Interese por coñece-los costumes, as crenzas e as formas de vida de sociedades e culturas diferentes á nosa.

4.2. Valoración das peculiaridades e dos trazos diferenciadores que posúen outras culturas.

4.3. Adopción de conductas respectuosas coas diferentes sociedades e culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Localiza lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obtén información sobre o espazo representado a partir da lenda e da simboloxía, e elabora mapas sinxelos iniciándose no emprego de recursos informáticos.
- Localiza nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de España e de Galicia, sendo capaz de caracterizar os trazos que predominan nun espazo concreto.
- Realiza unha lectura comprensiva de fontes de información e é capaz de comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.
- Compara os trazos físicos máis destacados (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta, con especial referencia a Galicia, sabendo localizalos no espazo representado e sendo capaz de poñer exemplos das paisaxes que resultan da actividade humana.
- Interpreta a paisaxe da súa contorna, identificando os seus trazos característicos e relacionando elementos físicos, recursos e formas de asentamentos rurais e urbanos.
- Identifica e explica exemplos de riscos de impactos que a acción humana ten sobre o medio, analizando as súas causas e efectos, e achegando medidas e condutas para prevelos e limitalos, facendo unha especial referencia ao ámbito galego.
- Utiliza as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio, sendo capaz de aplicalas a feitos e procesos referidos á prehistoria e historia antiga do mundo, da península Ibérica e Galicia.
- Identifica e expón os cambios que supuxo a revolución neolítica na evolución da humanidade e valora axeitadamente a súa importancia e as súas consecuencias ao comparalos cos elementos que conformaron as sociedades cazadoras e recolectoras.
- Diferencia os trazos que caracterizan algunha das primeiras civilizacións urbanas e a civilización grega, identificando os elementos orixinais desta última e valorando aspectos relevantes da súa achega á civilización occidental.
- Comprende os trazos característicos da cultura castrexa, a área xeográfica na que se desenvolven e a súa particular forma de ocupación do territorio.
- Caracteriza os trazos de organización política, económica e social da civilización romana na súa época de expansión, sendo capaz de valorar a trascendencia da romanización en *Hispania* e en *Gallaecia* e a permanencia do seu legado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.-

- A cualificación dos alumnos en cada trimestre é resultado das cualificacións das probas escritas, do traballo na aula e da actitude cara á asignatura e os compañeiros. Os aspectos conceptuais e procedimentais non superados poden ser recuperados en probas extraordinarias orais e escritas, mentres que as carencias actitudinais só poden ser recuperadas cun cambio de actitude positivo na aula. O mesmo criterio rexe para as probas extraordinarias de setembro.
- Para a cualificación de cada avaliación teranse en conta, aparte das probas escritas puntuadas sobre 10, o traballo e a actitude do alumno cara a materia.
- Por traballo, enténdese as actividades que se realicen na clase e as tarefas na casa. O profesor/ra, terá en conta este traballo persoal, con especial relevancia do extraescolar, de xeito que, se un alumno/a, aínda sen abandona-la asignatura, amosa apatía e escaso interese sistemático para a súa realización, poderá ser penalizado/a cunha diminución na súa cualificación de ata un 25%.
- Por actitude, enténdese a atención, o esforzo por progresar e o respecto ó profesor e ós compañeiros.
- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

A cualificación do alumno terá en conta que o alumno saiba expresarse con corrección, no seu nivel de madurez, e tentando, no posible, non ter faltas de ortografía. Valorarase especialmente que o alumnado procure autocorrixirse para evitar as faltas repetidas. Nas probas de setembro, que teñen un carácter extraordinario, valoraranse nas cualificacións os seguintes aspectos:

- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.
- Para superar positivamente esta proba extraordinaria débese acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.
- O alumno deberá amosar un coñecemento MÍNIMO dos contidos conceptuais e procedimentais de TÓDALAS AVALIACIÓNS. Débense, polo tanto, desenvolver equilibradamente tódolos aspectos da proba, xa que esta referirase ás unidades didácticas traballadas durante todo o curso.
- Dada a distribución das unidades didácticas en dous bloques ben definidos: Xeografía e Historia, esixiráselle ó alumnado amosar un contido mínimo do 50% de cada un dos bloques. É dicir non será cualificado positivamente ningún alumno que unicamente demostre coñecer (aínda que sexa ó 100%) só un destes bloque, ben sexa Xeografía ben Historia.

A.II.- SEGUNDO CURSO DA E.S.O.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DE 2º DA ESO

- Identifica-los procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento dos feitos sociais, utilizando este coñecemento para comprende-la diversidade social e cultural; analiza-los seus problemas e formar un xuízo persoal, crítico e razoado.

- Resolver problemas e levar a cabo estudios e pequenas investigacións aplicando as técnicas e procedementos básicos característicos das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, empregando con precisión e rigor o vocabulario específico para explica-las causas e as consecuencias.
- Utiliza-las imaxes e as representacións cartográficas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos e explica-la súa distribución a distintas escalas, con especial atención ó territorio español e galego. Elaborar esbozos e gráficos sinxelos.
- Coñecer e utiliza-las principais fontes das Ciencias Sociais (textos escritos, obxectos materiais, series estatísticas, gráficos, imaxes…) e obter delas información sobre os feitos e fenómenos sociais e culturais, contrastándoas de forma crítica.
- Analiza-la utilización dos recursos polos grupos sociais e valora-las consecuencias ambientais.
- Identificar e analizar a diferentes escalas as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espacio e do aproveitamento dos recursos naturais, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental destas.
- Comprende-la idea de Estado como entidade política e xeográfica e entende-la diversidade xeográfica e cultural do Estado español e dos Estados europeos.
- Identificar e localizar no tempo e no espacio os procesos e os acontecementos relevantes da Idade Media, co fin de adquirir unha perspectiva global deste período histórico, dentro dun marco cronolóxico preciso e dun esquema de datas clave.
- Comprende-la interrelación dos factores multicausais que explican a evolución das sociedades humanas, así como o papel desempeñado nese proceso por colectividades e grandes personalidades, evitando unha visión reduccionista da historia, en especial unha visión eurocéntrica e androcéntrica.
- Adquirir unha memoria histórica que permita elaborar unha interpretación persoal do mundo, a través duns coñecementos básicos tanto de Historia Universal, como de Historia de España, respectando e valorando os aspectos comúns e os de carácter diverso, co fin de facilita-la comprensión da posible pertenza simultánea a máis dunha identidade colectiva.
- Obter e relacionar información verbal, icónica, estatística e cartográfica a partir de distintas fontes, en especial dos actuais medios de comunicación, e tratala de forma autónoma e crítica, comunicándollela ós demais de xeito organizado e intelixible.
- Valorar e respecta-lo patrimonio natural, histórico, lingüístico, cultural e artístico, asumindo as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
- Potencia-los valores de tolerancia e solidariedade, mediante o coñecemento dos feitos e sucesos das distintas etapas históricas e da diversidade xeográfica e cultural.
- Sensibilizarse ante as situacións de marxinación e desigualdade que afectan a persoas, grupos sociais e pobos; e adoptar unha actitude responsable ante os problemas que afectan ás comunidades sociais ás que pertence.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

XEOGRAFÍA

- -A distribución espacial da poboación mundial. Factores de distribución. Densidade e concentración. -A dinámica da poboación. Movemento natural da poboación: natalidade, fecundidade e mortalidade. Crecemento da poboación mundial. Os réximes demográficos, desprazamentos e migracións. As grandes correntes migratorias do mundo actual. -A

emigración en Galicia. Situación actual. -As estruturas demográficas. O problema do envellecemento das poboacións: o caso galego.

- -As fontes demográficas. Interpretación de taxas e índices. Pirámides de poboación e outros gráficos: Elaboración e comentario. Mapas temáticos de poboación.
- -O funcionamento da actividade económica. Depredación, producción, distribución, intercambio e consumo. Os sectores productivos e os axentes económicos. Os recursos naturais. Factores productivos: traballo e capital. Sindicatos de traballadores e organizacións empresariais.
- -Características da actividade económica. A economía europea, española e galega. Sociedades rurais, industriais e postindustriais: o caso galego.
- -Economía e sociedade da información.
- -O problema do esgotamento dos recursos naturais e a degradación ambiental.
- -Gráficos e mapas temáticos sobre os recursos e a súa explotación. Análise.
- -Localización xeográfica dos principais recursos do mundo, Europa, España e Galicia.
- -A explotación dos recursos no mundo desenvolvido e subdesenvolvido.
- -Consumo e xeración de residuos.
- -A estructura da sociedade. Estratificación social. A división técnica e social do traballo. A dinámica da sociedade. Os procesos de cambio e conflicto social. A sociedade europea, española e galega. Diferencias e similitudes.
- -Diversidade cultural, lingüística e relixiosa no mundo. Aspectos culturais e lingüísticos propios de Galicia en relación co resto de España e Europa.
- -O Estado como entidade política e xeográfica. Organizacións subestatais e superestatais.
- -Os réximes políticos. Estados democráticos e non democráticos.
- -España, Estado constitucional, social e democrático de dereito: soberanía, poderes do estado e forma política. A autonomía galega: o estatuto. A Unión Europea.
- -Organigrama do sistema político español.
- -Monarquía e república. Diferencias.
- -Países do mundo. A Organización das Nacións Unidas.

HISTORIA

- -Bizancio: a organización do Imperio. Economía e sociedade. A caída do Imperio bizantino.
- -O imperio de Carlomagno: o reino franco. O nacemento de Europa. A administración, a economía e a sociedade carolinxia.
- -Cultura e arte bizantina e carolinxia.
- -O Islam. Principios relixiosos e expansión territorial. A economía. Unha sociedade urbana e desigual. O legado artístico e cultural islámico.
- -A orixe do feudalismo. A sociedade feudal: nobres, clérigos e labregos. As relacións feudo vasaláticas. As monarquías feudais. O goberno das cidades.
- -Castelos e mosteiros. A economía feudal: a reserva e os mansos.
- -A cultura, a ciencia e a arte románica.
- -O renacemento das cidades europeas. A revolución agrícola. Desenvolvemento do comercio e a artesanía: Talleres, oficios e organización gremial. As transformacións sociais: o xurdimento da burguesía.
- -O rexurdimento do comercio. Feiras e mercados.
- -A expansión do cristianismo: as cruzadas (séculos XI ó XIII).
- -Conflictividade política, relixiosa, económica e social.
- -Evolución do pensamento: dos mosteiros ás universidades. Os primeiros centros universitarios de Europa.

- -A arte gótica.
- -A expansión do Islam na Península Ibérica: Al-Ándalus.
- -Evolución política: emirato, califato e reinos de taifas. Evolución económica e social.
- -O legado cultural e artístico.
- -Vestixios da cultura islámica que permanecen na Península Ibérica: lingüísticos, urbanísticos, arquitectónicos...
- -Primeiros núcleos de resistencia ó Islam.
- -Reconquista e repoboación.
- -Institucións políticas. O Reino de Galicia.
- -Os Reinos de Castela e Aragón.
- -Castelos, mosteiros e cidades na Galicia feudal.
- -Conflictividade en Galicia. Os irmandiños.
- -España. Punto de encontro de culturas: cristiáns, musulmáns e xudeus.
- -A vida cotiá de cristiáns, musulmáns e xudeus. O papel da muller.
- -Manifestacións artísticas. O Camiño de Santiago.

ACTITUDES, VALORES E NORMAS

- -Valoración positiva da súa propia lingua como vehículo imprescindible no desenvolvemento da identidade persoal.
- -Curiosidade por saber e interese polas novas informacións, considerando o erro como estímulo e elemento informativo para avanzar nas aprendizaxes.
- -Participación e cooperación na realización de actividades colectivas respectando as normas de convivencia e as ideas dos demais e aceptando as responsabilidades que contraen.
- -Organización, resolución e presentación adecuada do traballo realizado.
- -Valoración crítica de problemas cotiáns ou presentes nos medios de comunicación, publicidade, etc.
- -Participación activa na conservación e mellora do medio e do patrimonio cultural na procura dunha mellor calidade de vida.
- -Adquisición de actitudes de respecto ás persoas, independentemente do seu sexo, raza, relixión, procedencia social, etc.
- -Interese por coñecer sociedades e culturas diferentes, valorándoas como elementos enriquecedores da existencia colectiva da humanidade.
- -Sensibilización e preocupación polo rigor e obxectividade na investigación e interpretación de información histórica.
- -Valora-la importancia de situarse na época e sociedade obxecto de estudio para comprendela mellor.
- -Sensibilidade ante os problemas sociais derivados das situacións de desigualdade.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

I BLOQUE DIDÁCTICO: AS SOCIEDADES HUMANAS

I,1. A POBOACIÓN MUNDIAL.

I.1.1 CONTIDOS:

- A distribución espacial da poboación mundial. Factores de distribución. Densidade e concentración.

- A dinámica da poboación. Movemento natural da poboación: natalidade, fecundidade e mortalidade. Crecemento da poboación mundial.
- Os réximes demográficos, desprazamentos e migracións. As grandes correntes migratorias do mundo actual.
- A emigración en Galicia. Situación actual.
- As estructuras demográficas. O problema do envellecemento das poboacións: o caso galego.
- As fontes demográficas. Taxas e índices.

I.1.2 PROCEDEMENTOS:

- Pirámides de poboación e outros gráficos. Elaboración e comentario.
- Mapas temáticos da poboación.
- Resolución de problemas de cálculo demográfico.
- Realización de esquemas sobre causas e consecuencias dos fenómenos demográficos.
- Realización e comentario de mapas temáticos e gráficos.
- Comentario dirixido de textos.
- Investigación do esquema demográfico da familia no pasado e no presente.
- Análise do padrón municipal e do censo.

I.1.3. ACTITUDES:

- Tolerancia e comprensión ante os problemas demográficos do Terceiro Mundo.
- Tolerancia e comprensión ante o fenómeno migratorio.
- Toma de conciencia sobre os problemas da terceira idade nos países avellentados.
- Toma de conciencia da relación entre nivel económico e acceso a sanidade, a hixiene, a educación. O papel do Estado, das organizacións internacionais e das O.N.G. na procura de solventar as carencias deses servicios.
- Toma de conciencia dos diferentes modelos de familia no espacio e no tempo.

I.2. A ACTIVIDADE ECONÓMICA DAS SOCIEDADES

I.2.1 CONCEPTOS:

- O funcionamento da actividade económica. Depredación, producción, distribución, intercambio e consumo. Os sectores productivos e os axentes económicos. Os recursos naturais. Os factores productivos: traballo e capital. Sindicatos de traballadores e organizacións empresariais.
- Características da actividade económica. A economía europea, española e galega.
- Sociedades rurais, industriais e postindustriais: o caso galego.
- Economía e sociedade da información.
- problema do esgotamento dos recursos naturais e a degradación ambiental.
- A explotación dos recursos no mundo desenvolvido e subdesenvolvido.
- Consumo e xeración de residuos.

I.2.2 PROCEDEMENTOS:

- Gráficos e mapas temáticos sobre os recursos e a súa explotación.
- Localización xeográfica dos principais recursos do mundo, de Europa, de España e de Galicia. Países do Terceiro Mundo e do Primeiro Mundo. Países de economía

primaria exportadora e países consumidores de materias primas e fontes de enerxía. As rutas do comercio internacional.
- Elaboración e análise de gráficos de composición sectorial da poboación activa en diversos países e diversas épocas.
- Análise dalgunha sociedade de economía premonetaria.
- Análise e visita a algunha planta industrial da bisbarra.
- Seguimento diario dos prezos dalgún producto agrario para analiza-la lei da oferta e a demanda.
- Estudio do proceso de deforestación da área de Amazonas e a súa vinculación cos intereses industriais e comerciais do Primeiro Mundo.
- Análise do traballo infantil e das carencias de dereitos laborais en certos sectores e países do Terceiro Mundo.
- Análise somero dos dereitos e deberes dos traballadores en España.

I.2.3 ACTITUDES:

- Toma de conciencia das relacións económicas desiguais entre o Centro e a Periferia.
- A esgotabilidade de certos recursos naturais. A necesidade de preservación e de alternativas.
- Toma de conciencia dos privilexios da sociedade da opulencia. O consumismo. O reciclaxe.
- Toma de conciencia dos esforzos dos nosos antergos para garantir os dereitos dos traballadores.

I.3. A ORGANIZACIÓN.3. DAS SOCIEDADES:

I 1 CONCEPTOS:

- A estructura das sociedades. Estratificación social. A división técnica e social do traballo. A dinámica da sociedade. Os procesos de cambio e conflicto social.
- A sociedade europea, española e galega. Diferencias e similitudes.
- Diversidade cultural, lingüística e relixiosa no mundo.
- Aspectos culturais e lingüísticos propios de Galicia en relación co resto de España e Europa.

I.3.2 PROCEDEMENTOS:

- Uso e elaboración de gráficos sobre estratificación social en diversos países e en diferentes momentos históricos: a sociedade estamental e a sociedade de clases, o dominio das clases medias no Primeiro Mundo.
- Elaboración e comentario do mapa do arraigo das diferentes culturas relixiosas no mundo.
- Análise dalgunha tradición local vinculada ó feito relixioso.
- Análise dalgún texto sobre o papel da muller en diferentes sociedades.
- Análise dun mapa cos principais dominios lingüísticos no mundo.
- Análise do pasado, presente e futuro das linguas minoritarias no mundo.

I.3.3 ACTITUDES:

- Respecto ós modelos culturais alleos. Valoración crítica de certas costumes culturais que atentan contra os Dereitos Humanos.
- Valoración positiva da cultura local e compromiso de preservala coma unha sinal de identidade.
- Valoración crítica do modelo de sociedade de clases. Importancia das medidas correctoras ante as inxustizas sociais.

I.4. A ORGANIZACIÓN POLÍTICA DAS SOCIEDADES:

I.4.1 CONCEPTOS:

- O Estado como entidade política e xeográfica. Organizacións subestatais e supraestatais.
- Os réximes políticos. Estados democráticos e non democráticos.
- España, estado constitucional, social e democrático de dereito: soberanía, poderes do estado e forma política. A autonomía galega: o estatuto. A Unión Europea.
- Organigrama do sistema político español.
- Monarquía e República. Diferencias.
- Países do mundo. A Organización das Nacións Unidas.

I.4.2 PROCEDEMENTOS:

- Elaboración e memorización do mapa político mundial.
- Elaboración e memorización do mapa político de España.
- Elaboración do mapa comarcal galego.
- Análise de certos artigos da Constitución Española.
- Análise de certos artigos do Estatuto de Autonomía.
- Análise de certos fragmentos da Carta das Nacións Unidas.
- Elaboración de cadros comparativos entre estado unitario, autonómico, federal e confederal. Exemplos. Elaboración de esquema sobre a evolución do concepto de soberanía.
- Elaboración de cadros comparativos entre monarquía e república, entre estado democrático e autoritario, totalitario, aristocrático, teocrático...os modelos alternativos ácratas. Exemplos.
- Elaboración de esquema sobre o organigrama do sistema político español e europeo.
- Análise básico de certas organizacións supranacionais: U.E., O.N.U. (Unesco, Unicef, FAO...), O.T.A.N.

I.4.3. ACTITUDES:

- Fomenta-la idea de cidadán con dereitos e deberes.
- Comprender a situación de privilexio político da democracia respecto a outros modelos políticos no mundo e outras épocas históricas.
- Fomenta-los principios de solidariedade a nivel mundial e o valor do compromiso.
- Fomenta-la participación en actividades da comunidade e a reivindicación responsable, rexeitando a inhibición política.

II BLOQUE TEMÁTICO: A IDADE MEDIA

II.1 A RUPTURA DA UNIDADE DO MEDITERRÁNEO:

II.1.1 CONCEPTOS:

- O Islam. Expansión territorial.
- Bizancio.
- O Imperio de Carlomagno.
- Cultura e arte.

II.1.2 PROCEDEMENTOS

- Análise de mapas.
- Uso de cadros cronolóxicos.
- Análise comparativo de obras de arte das culturas estudiadas
- Análise dalgunhas manifestacións culturais procedentes das culturas estudiadas.

II.1.3 ACTITUDES

- Fomento da tolerancia e respecto as culturas diferentes.

II.2 A EUROPA FEUDAL:

II.2.1 CONCEPTOS:

- Antecedentes do feudalismo. A sociedade feudal: nobres, cregos e labregos. Castelos e mosteiros.
- As relacións feudo vasaláticas.
- nacemento das cidades europeas. Factores. A burguesía.
- Obradoiros, oficios e organización gremial. Vestixios.
- O rexurdimento do comercio.

II.2.2 PROCEDEMENTOS:

- Análise de documentos escritos sobre pactos feudais.
- Comentario de láminas que documente sobre a vida campesiña e urbana na idade media.
- Análise do mapa das principais rutas e productos do comercio internacional.
- Lectura de fragmentos do "Libro das Marabillas" de Marco Polo.
- Lectura de crónica de viaxes de autores musulmáns (Al-Idrisi, Ibn-Battuta...)

II.2.3 ACTITUDES:

- Recoñecer a importancia da liberdade individual.
- Recoñecer a importancia do comercio e as viaxes como vía de coñecemento das culturas.

II.3 EUROPA DOS SÉCULOS XI Ó XV:

II.3.1 CONCEPTOS:

- As Cruzadas.

- Conflictividade política, económica e social.
- Evolución do pensamento: dos mosteiros ás Universidades.
- Arte románica e gótica

II.3.2 PROCEDEMENTOS:

- Estudio de mapas, láminas e textos.
- Análise comparativo da arte románica e gótica.
- Lectura da biografía de Ricardo Corazón de León.
- Estudio de textos sobre os Irmandiños.

II.3.3 ACTITUDES:

- Importancia do estudio para o progreso das civilizacións.
- Entender que os conflictos relixiosos envolven, na maioría das ocasións, intereses económico-políticos.

II.4 A PENíNSULA IBÉRICA NA IDADE MEDIA: AL-ANDALUS E OS REINOS CRISTIÁNS:

II.4.1 CONCEPTOS:

- Expansión do Islam na Península Ibérica.
- Evolución política, económica e social de Al-Andalus.
- O legado cultural e artístico de Al-Andalus.
- Primeiros núcleos de resistencia ó Islam.
- Reconquista e repoboación.
- Institucións políticas.
- Diferencias entre os distintos reinos cristiáns.
- A Idade Media en Galicia.
- Os intercambios culturais entre xudeus, cristiáns e musulmáns.
- A vida cotiá na época medieval na Península Ibérica.
- As manifestacións artísticas nos reinos cristiáns: o Camiño de Santiago.

II.4.2 PROCEDEMENTOS:

- Estudio de mapas, textos e gráficos.
- Análise comparativo entre civilización e historia política dos reinos cristiáns e mundo musulmán.
- Análise comparativo entre arte cristián e musulmán.
- Análise dos vestixios da cultura islámica na Península Ibérica.

II.4.3 ACTITUDES:

- Fomento da tolerancia ante culturas diferentes.
- Recoñecemento da inexistencia de civilizacións illadas, sen interferencias e aportacións doutras culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE SEGUNDO CURSO DE E.S.O.

- Realiza cálculos sinxelos sobre parámetros demográficos. Analiza series estatísticas, pirámides de poboación e gráficos demográficos.
- Analiza causas, manifestacións e consecuencias dos feitos demográficos.
- Coñece de forma diacrónica e sincrónica as características dos movementos migratorios.
- Caracteriza os principais sistemas de explotación agraria existentes no mundo, identificando e localizando algúns exemplos representativos dos mesmos. Utiliza eses contidos para xustifica-la escaseza de alimentos nalgunha rexión do mundo.
- Localiza en Galicia, España e no mundo as principais rexións económicas e demográficas, analizando algúns factores físicos e humanos que interviñeron no seu desenvolvemento.
- Localiza os principais espacios industriais e centros de materias primas e fontes de enerxía de Galicia, España e o mundo, sinalando os factores que poden influír na súa localización.
- Localiza os grandes eixes de comunicación de España e o mundo, analizando os condicionamentos físicos, económicos e políticos que inflúen no seu trazado.
- Identifica a organización político-administrativa de España e Europa. Analiza dos desequilibrios rexionais.
- Ordena e localiza as principais civilizacións e sociedades históricas na Idade Media. Analiza dos procesos de cambio e permanencia e as repercusións para o mundo actual.
- Identifica e sitúa cronoloxicamente e xeograficamente os principais pobos, sociedades e culturas que se desenvolveron en Galicia e España na Idade Media e analiza algunhas das súas aportacións á diversidade e riqueza do noso patrimonio cultural.
- Vincula as diferentes culturas coas súas características económicas, políticas e sociais.
- Sitúa no mapa mudo de España e de Galicia os principais accidentes xeográficos, así como as provincias e CC.AA. no mapa político. Sitúa as capitais de Europa nun mapa mudo.
- Sitúa cronoloxicamente e comparar as obras de arte mais representativas das diferentes épocas históricas e culturas. Domina unha mínima linguaxe artística.
- Analiza os obxectivos básicos da Unión Europea e as súas principais institucións. Integra tamén a nosa cultura no marco iberoamericano de relacións culturais, económicas, históricas e de parentesco.
- Analiza a división técnica do traballo, comparación dos distintos sectores productivos no mundo e a súa influencia no nivel de renda.
- Obtén, organiza e sintetiza información relevante a partir de varias fontes de información.
- Interpreta cartografía e analiza gráficos , mapas temáticos e información estatística.
- Analiza comparativamente as características diferenciadoras dos países desenvolvidos e subdesenvolvidos. Analiza criticamente o círculo da pobreza.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- A cualificación dos alumnos en cada trimestre é resultado das cualificacións das probas escritas, do traballo na aula e da actitude cara á asignatura e os compañeiros. Os aspectos conceptuais e procedimentais non superados poden ser recuperados en probas extraordinarias orais e escritas, mentres que as carencias actitudinais só poden ser recuperadas cun cambio de actitude positivo na aula. O mesmo criterio rexe para as probas extraordinarias de setembro.
- Para a cualificación de cada avaliación teranse en conta, aparte das probas escritas puntuadas sobre 10, o traballo e a actitude do alumno cara a materia.
- Por traballo, enténdese as actividades que se realicen na clase e as tarefas na casa. O profesor/ra, terá en conta este traballo persoal, con especial relevancia do extraescolar, de xeito que, se un alumno/a, aínda sen abandona-la asignatura, amosa apatía e escaso interese sistemático para a súa realización poderá ser penalizado/a cunha diminución na súa cualificación de ata un 25%.
- Por actitude, enténdese a atención, o esforzo por progresar e o respecto ó profesor e ós compañeiros.
- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.

O profesor Don Fortunato José Quintela Rego, de conformidade co establecido no artigo 97 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, propón a seguinte variación con respecto á programación conxunta do Departamento Didáctico de Xeografía e Historia, a aplicar no presente curso académico 2007-08 nos grupos A, C, D e F de 2º curso da ESO, aos que imparte docencia.

A cualificación de cada avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Apartados	Instrumentos de Avaliación	Observacións	Ponderación
A	Probas Escritas (exames).	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos. A nota de este apartado será a media das cualificacións obtidas.	70%
B	Exercicios:(Actividades realizadas na aula ou na casa, así como, de ser o caso, actividades complementarias).	Cada exercicio valorarase de 0 a 10 puntos A nota de este apartado será a media das cualificacións obtidas.	20%
C	Cadro de observación e rexistro de incidencias da actitude do alumno na aula e, de ser o caso, nas actividades complementarias.	O profesor valorará de 0 a 10 ao longo de cada avaliación os seguintes aspectos: Interese, participación, traballo en equipo e ortografía. A nota de este apartado será a media das cualificacións obtidas en cada un dos aspectos.	10%

A imposibilidade de cualificar ao alumnado por causas xustificadas nos apartados B e/ou C incrementará na correspondente porcentaxe a cualificación do apartado A.

A superación da materia producirase pola obtención dunha cualificación igual ou superior a 5 puntos nas tres avaliacións. Polo que se programarán ao longo da segunda e terceira avaliacións probas e actividades de recuperación, así como unha proba de recuperación final.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

A cualificación do alumno terá en conta que o alumno saiba expresarse con corrección, no seu nivel de madurez, e tentando, no posible, non ter faltas de ortografía. Valorarase especialmente que o alumnado procure autocorrixirse para evitar as faltas repetidas. Nas probas de setembro, que teñen un carácter extraordinario, valoraranse nas cualificacións os seguintes aspectos:

- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.
- Para superar positivamente esta proba extraordinaria débese acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.
- O alumno deberá amosar un coñecemento MÍNIMO dos contidos conceptuais e procedimentais de TÓDALAS AVALIACIÓNS. Débense, polo tanto, desenvolver equilibradamente tódolos aspectos da proba, xa que esta referirase ás unidades didácticas traballadas durante todo o curso.
- Dada a distribución das unidades didácticas en dous bloques ben definidos: Xeografía e Historia, esixiráselle ó alumnado amosar un contido mínimo do 50% de cada un dos bloques. É dicir non será cualificado positivamente ningún alumno que unicamente demostre coñecer (aínda que sexa ó 100%) só un destes bloque, ben sexa Xeografía ben Historia.

HISTORIA E CULTURA DAS RELIXIÓNS (1º ESO)

O fenómeno relixioso foi e segue a ser unha das dimensións persoais máis interiorizadas, á vez que un dos elementos fundamentais na configuración dos grupos humanos e das sociedades no mundo de hoxe. A maiores das súas crenzas, preceptos e símbolos, as relixións adquiren unha importante dimensión cultural pola súa influencia no mundo do pensamento e da arte, polas raíces relixiosas de moitas estruturas, costumes e usos sociais actuais, así como por inspirar códigos de conduta individual e colectiva. No caso de Galicia, as raíces, influencias e inspiracións do feito relixioso, especialmente da relixión cristiá, son ben evidentes.

No mundo actual asistimos a un pluralismo que se manifesta nunha gran variedade de crenzas relixiosas e non relixiosas. Simultaneamente, dáse unha progresiva secularización da sociedade que está a propiciar cambios no papel e importancia das distintas relixións. Todo este dinamismo afecta profundamente a vida das persoas, as relacións entre elas e os diversos grupos socioculturais. A materia de historia e cultura das relixións concibe o estudo das crenzas e prácticas relixiosas como un elemento da civilización. A súa análise tenta acercar o

alumnado ao coñecemento das principais relixións e das súas manifestacións en relación con outras realidades sociais e culturais, así como á comprensión da influencia da relixión no pensamento, na vida social e política das distintas civilizacións e culturas ao longo do tempo.

Este coñecemento das relixións enmarca a expresión relixiosa na súa realidade histórica concreta, coas súas proxeccións positivas e negativas, tanto na configuración das sociedades en que xorden e se desenvolven como nas relacións entre os pobos. A materia fai un estudo das relixións cun enfoque non confesional, nin de vivencia relixiosa; tampouco desde unha defensa d e posturas agnósticas ou ateas. Pretende mostrar ao alumnado o pluralismo ideolóxico e relixioso existente no mundo en que viven, desde o coñecemento dos trazos relevantes das principais relixións e a súa presenza nas sociedades actuais, á vez que dá importancia á liberdade das conciencias e á liberdade relixiosa como elementos esenciais dun sistema de convivencia. Así mesmo, busca desenvolver actitudes de tolerancia cara ás persoas con crenzas ou sen elas, no respecto aos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos, no marco da Constitución española e do Estatuto de autonomía da nosa comunidade galega.

COMPETENCIAS BÁSICAS.

En relación coa historia e cultura das relixións, o alumnado terá que entrar no debate e no diálogo para comunicar os seus pensamentos, emocións, vivencias e opinións, formarse un xuízo crítico e un comportamento ético, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao seu discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e desfrutar escoitando, lendo, falando e escribindo.

Comunicarse e conversar supoñen habilidades para establecer relacións construtivas coas demais persoas e co contorno, e acercarse a novas culturas, que adquiren consideración e respecto na medida en que se coñecen. Exercitar a competencia en comunicación lingüística implica tomar conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais; desenvolve,

igualmente, a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas, de ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico. O estudo da historia e cultura das relixións axudará a coñecer os espazos xeográficos en que se desenvolveron e manifestaron as diversas tradicións e contribuirá a enriquecer o coñecemento da nosa terra, contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia do coñecemento e interacción co mundo físico.

O coñecemento da historia e cultura das relixións débese completar acudindo ás novas tecnoloxías, especialmente á internet. Esta inclusión favorecerá, non só o seu estudo e o aumento de información, senón tamén, o desenvolvemento da competencia dixital.

O estudo da historia e cultura das relixións favorece a comprensión da realidade histórica e social do mundo, a súa evolución, cos seus problemas, logros e deficiencias. Comporta recorrer á análise multicausal e sistémica para xulgar os feitos e problemas sociais e históricos e para reflexionar sobre eles de forma global e crítica, así como realizar razoamentos sobre situacións, e dialogar para mellorar colectivamente a comprensión da realidade.

O estudo desta materia axuda tamén a entender os trazos das sociedades actuais, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo, ademais de facilitar a comprensión das contribucións das diferentes culturas relixiosas ao progreso da humanidade, e dispor dun sentimento común de pertenza á sociedade en que se vive. Todo isto forma parte da competencia social e cidadá. Da mesma maneira, a historia e cultura das relixións promove a adquisición das habilidades sociais que permiten saber que os conflitos de valores, crenzas e intereses forman parte das relacións humanas e que debemos resolvelos con actitude construtiva e convivencial, mediante a reflexión crítica e o diálogo, no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade. Estes marcos culturais deben compatibilizarse co respecto aos principios e valores universais, como os expresados na Declaración universal dos dereitos humanos, nos

Dereitos da infancia, Constitución española e Estatuto de autonomía de Galicia e noutras lexislacións complementarias. Isto supón entender e interiorizar que non toda posición relixiosa é ética, se non está baseada no devandito respecto.

O estudo da historia e cultura das relixións leva consigo coñecer, comprender e valorar criticamente as diferentes manifestacións culturais e artísticas de carácter relixioso, utilizalas como fonte de enriquecemento e gozo e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Esta dimensión artística do feito relixioso que se mostra a través da arquitectura e das artes plásticas, da música, da literatura, das artes escénicas e das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares, contribúen ao desenvolvemento da competencia cultural e artística.

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo cos propios obxectivos e necesidades. A didáctica da historia e cultura das relixións promove distintas estratexias e técnicas: de estudo e información, de observación e rexistro de feitos e relacións, de traballo cooperativo, de resolución pacífica dos conflitos, de aceptación de erros, de aprender de e coas demais persoas. Implica, así mesmo, a curiosidade de formular preguntas, identificar e manexar a diversidade de respostas diante de situacións e problemas

que teñen que ver co feito relixioso A competencia de autonomía e iniciativa persoal vai referida á adquisición dun conxunto de valores e actitudes persoais, como a iniciativa e perseverancia, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a autocrítica, o control emocional, a creatividade, a capacidade de afrontar problemas e optar con criterio propio e responsabilizarse das propias opcións.

Na medida en que a autonomía e iniciativa persoal involucran outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades prosociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo, etc.

OBXECTIVOS

O ensino da historia e cultura das relixións nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das capacidades que habiliten o alumnado para alcanzar os seguintes obxectivos:

1. Coñecer o feito relixioso nas súas diferentes manifestacións e identificar os trazos básicos das principais relixións como forma de axudar a comprender a pluralidade relixiosa existente na sociedade actual.

2. Comprender o nacemento e desenvolvemento das relixións no contexto político, social e cultural en que xurdiron e relacionalas coa traxectoria dos pobos nas diferentes facetas da súa realidade histórica.

3. Valorar as manifestacións culturais e artísticas e as tradicións relixiosas como parte do patrimonio cultural dos pobos, asumindo a responsabilidade da súa conservación e apreciándoas como recurso para o enriquecemento persoal.

4. Localizar e identificar, en España e en Galicia, as ricas contribucións das tradicións relixiosas á vida dos pobos e a través de monumentos, artes plásticas e literarias.

5. Identificar as contribucións morais de determinadas relixións e valorar a súa influencia nas relacións humanas.

6. Concretar e analizar as causas dos enfrontamentos violentos entre as diferentes confesións relixiosas e propoñer solucións pacificadoras a estes conflitos.

7. Destacar as principais iniciativas a prol do diálogo interrelixioso para fomentar a interculturalidade no seo dos Estados pluriculturais.

8. Recoñecer o dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión, manifestando actitudes de respecto e tolerancia cara a crenzas ou non crenzas das persoas, e de

rexeitamento cara a situacións de inxustiza, discriminación e fanatismo baseadas nas crenzas relixiosas.

9. Adquirir un pensamento crítico, desenvolver un criterio propio e as necesarias habilidades para defender as propias posicións, a través da argumentación documentada e razoada, así como valorar as razóns e argumentos das outras persoas.

10. Sinalar a relación entre unha educación cívica e democrática e a educación relixiosa.

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

- As primeiras manifestacións relixiosas na Prehistoria: a manifestación do sagrado na natureza. As pinturas rupestres e o seu significado relixioso.Vida despois da morte.
- A relixión no Neolítico galego: megalitos e petroglifos: os cultos prerromanos en Galicia. A influencia máxico-relixiosa nos mitos e lendas.
- O politeísmo relixioso en Mesopotamia e Exipto: As claves da relixión: o máis alá. Mitos, ritos, templos e sacerdotes mediadores.
- A relixión en Grecia e Roma. Mitos, ritos e templos. A dimensión artística do politeísmo grecorromano.
- As relixións orientais: os mitos e as doutrinas morais do hinduísmo. As castas e os intocables. O hinduísmo actual. Gandhi e a a-himsa (non-violencia). Buda e o budismo. As Catro Nobres Verdades e o Camiño cara á Iluminación. Karma, samsara e nirvana. Confucio, mestre de sabedoría. Ética universal e tradición relixiosa no confucianismo. Lao Tzé e o taoísmo. O significado do Tao te king: o curso do ceo e o fluír pacífico da natureza. O taoísmo ecolóxico. O ying e o yang, opostos que se complementan. O xintoísmo e o culto familiar clónico. A divindade do poder imperial en Xapón.
- As relixións da América precolombiana. Aztecas, maias e incas: un politeísmo mítico e ritual.

CONTIDOS.

Os contidos preséntanse agrupados en tres bloques que, con progresiva dificultade, estarán presentes nos tres primeiros cursos de educación secundaria obrigatoria.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

MANIFESTACIÓNS RELIXIOSAS A TRAVÉS DOS TEMPOS.

ARTE E RELIXIÓN NOS POBOS PREHISTÓRICOS

- Interpretación do paradigma relixioso en covas e cavernas durante a prehistoria.
- A sociedade de cazadores e os cultos totémicos: a arte rupestre e o seu significado relixioso.
- Os petroglifos.Mitos e lendas de Galicia.
- Cultos prerromanos. Os cultos funerarios e significación dos enterramentos.Vestixios en Galicia.

A RELIXIÓN EN MESOPOTAMIA E EXIPTO

- Mesopotamia: as cidades-estado e o seu deuses.
- As claves da relixión de Exipto e a súa influencia na sociedade.
- Representacións das divindades nas culturas mesopotámica e exipcia.

RELIXIÓNS DA TRADICIÓN INDOEUROPEA: HINDUÍSMO, BUDISMO

- Múltiples deuses e forzas da natureza no Hinduísmo.
- O camiño de Buda.

RELIXIÓN EN GRECIA E ROMA

- Orixe dos deuses gregos na tradición indoeuropea.
- Mitos e deuses en Grecia. O panteón orixinal romano e a súa referencia á relixión grega.
- As orixes do Cristianismo. Das persecucións a cristianización do Imperio.

AS RELIXIÓNS DA AMÉRICA PRECOLOMBIANA.

- Os aztecas, os maias, os incas: características.
- O cristianismo no continente americano: A Igrexa e os dereitos dos indios. As reduccións.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Elaboración dun caderno de clase.
- Recollida de información: biografías, prensa.
- Lectura comprensiva e análise de textos.
- Elaboración de resumes críticos sobre vídeos que amosen outra realidade relixiosa, noticias de prensa...
- Acercamento á outras culturas relixiosas por medio da análise de representacións artísticas diversas.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Desenvolvemento de actitudes de respecto polo patrimonio cultural e artístico de orixe relixioso, así como o compromiso de conservalo.
- Curiosidade por descubri-la influencia que teñen as crenzas e o sistema de valores no desenvolvemento das sociedades.
- Adquisición e manifestación de actitudes de comprensión, aceptación da diferencia e apertura ó diálogo.
- Valoración do papel das Igrexas cristiás na cultura e na sociedade americanas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Valorarase que o alumno/a:

- Describa algúns mitos significativos das distintas relixións, establecendo comparacións entre eles e identificando a súa posible influencia na nosa tradición cultural.

Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado coñece algúns mitos presentes nas diferentes relixións, por exemplo, sobre a creación do mundo e do ser humano, o diluvio, o máis alá, a orixe do ben e do mal, etc.; se é quen de identificar elementos semellantes e diferentes nesta mitoloxía e coñece algún exemplo da súa pervivencia en tradicións, festas, lendas e obras literarias. É importante que as devanditas comprobacións teñan unha especial referencia ao contexto relixiosocultural de Galicia.

- Recoñeza nalgúns ritos das relixións máis antigas a relación con aspectos significativos da vida das persoas, como son o nacemento, o matrimonio ou a morte, e a pervivencia desas crenzas na tradición relixiosa- cultural dos pobos.

Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado coñece algúns dos ritos que aparecen nas relixións máis antigas, identifica as diferenzas entre eles e constata a pervivencia de determinadas concepcións relixiosas nas prácticas e costumes sociais actuais.

De novo a importancia de referir as devanditas comprobacións ao contexto relixioso-cultural de Galicia.

- Sitúa xeograficamente as principais manifestacións máxico-relixiosas da prehistoria en pinturas, petroglifos, esculturas e monumentos megalíticos.

Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado sabe situar estas manifestacións nun planisferio e, máis localmente, na Península Ibérica, con especial referencia a Galicia.

- Caracteriza os edificios sagrados das primitivas relixións politeístas e as súas creacións artísticas en xeral, recoñecéndoas como manifestacións do patrimonio cultural-relixioso.

Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado identifica os espazos sagrados e as creacións artísticas das primitivas relixións politeístas e se coñece a función que cada relixión lles outorga. Por outra parte, permite comprobar se estima o valor estético que teñen como manifestacións artísticas do patrimonio cultural-relixioso dos pobos.

- Coñece e valora as achegas morais e a orixinalidade doutrinal das relixións orientais e a súa influencia nas sociedades actuais.

Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado é capaz de percibir as profundas achegas morais e a orixinalidade doutrinal do hinduísmo, budismo, taoísmo, confucianismo..., e de establecer unha comparación valorativa coas manifestacións de carácter máxico-relixioso doutras relixións politeístas antigas.

Igualmente, trátase de comprobar en que medida as relixións orientais aludidas inflúen nas actitudes e comportamentos do alumnado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A cualificación dos alumnos en cada trimestre é resultado das cualificacións das probas escritas, do traballo na aula e da actitude cara á asignatura e os compañeiros. Os aspectos conceptuais e procedimentais non superados poden ser recuperados en probas extraordinarias orais e escritas, mentres que as carencias actitudinais só poden ser recuperadas cun cambio de actitude positivo na aula. O mesmo criterio rexe para as probas extraordinarias de setembro.
- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

Nas probas de setembro, que teñen un carácter extraordinario, valoraranse nas cualificacións os seguintes aspectos:

- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.
- Para superar positivamente esta proba extraordinaria débese acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.
- O alumno deberá amosar un coñecemento MÍNIMO dos contidos conceptuais e procedimentais de TÓDALAS AVALIACIÓNS. Débense, polo tanto, desenvolver equilibradamente tódolos aspectos da proba xa que esta referirase ás unidades didácticas traballadas durante todo o curso.

CULTURA RELIXIOSA (2º ESO)

INTRODUCCIÓN

A área de Sociedade, Cultura e Relixión consta de dúas opcións: confesional e non confesional.

Dado que estas ensinanzas forman parte da programación escolar, o conxunto da área, na súa dobre vertente, confesional e non confesional, deberá proporcionarlle ó alumnado unha formación humanística o máis completa posible e garanti-la súa calidade formativa.

Deberá enmarca-la expresión relixiosa no seu contexto histórico e social, incluídos os fundadores das grandes relixións, e dotala dun sentido de evolución no tempo.

Así mesmo, incluirá a dimensión cultural e artística do feito relixioso, de xeito que o seu coñecemento contribúa, en todo caso, ó mellor achegamento do alumnado ás distintas expresións culturais.

Asemade, posibilitará a análise comparada dos contidos e liñas básicas das grandes relixións vixentes hoxe no mundo e a súa relación cunha orde política baseada nos dereitos fundamentais das persoas.

Dentro da área de Sociedade, Cultura e Relixión, a súa opción non confesional entende o feito relixioso como un elemento da civilización e, as manifestacións e expresións históricas das distintas relixións, como fenómenos que influíron en maior ou menor grao na configuración social e cultural dos pobos e na súa traxectoria histórica. En consecuencia, a opción non confesional da área de Sociedade, Cultura e Relixión vén contribuír á formación humanística do alumnado, que completa con ela os coñecementos adquiridos noutras materias.

Con este fin encadrarase o feito relixioso dentro das seguintes dimensións: dimensión histórica e cultural, que sitúa o coñecemento das relixións na súa realidade histórica concreta, coas súas proxeccións positivas e negativas tanto na configuración das sociedades nas que xorden e inflúen como nas relacións entre os pobos. Tamén caben aquí os condicionamentos e claves culturais que configuran as manifestacións da relixión, así como os condicionamentos relixiosos que influíron nos feitos políticos, sociais e culturais da civilización.

A dimensión humanística, que será desenvolvida mediante a combinación de tres tipos diferentes de factores relativos ás relixións: primeiro, as raíces relixiosas de moitas

estructuras, costumes e usos sociais da actualidade; segundo, as diferencias entre os códigos de conducta individual e de relación que sustentan as distintas relixións, derivadas das súas respectivas concepcións do mundo e, terceiro, a importancia determinante da liberdade das conciencias e da liberdade relixiosa como elementos esenciais dun sistema político de liberdade e convivencia.

A dimensión científica, consistente na consideración dos feitos relixiosos á luz da metodoloxía da historia e das ciencias sociais e da natureza para distinguir con claridade o que corresponde a estas e o que é propio da dimensión especificamente relixiosa.

A dimensión moral, resultado da análise dos diferentes sistemas morais propios de cada relixión e do estudio das diversas posturas que as distintas relixións manteñen respecto dos grandes problemas actuais da humanidade.

O feito relixioso ten polo tanto importancia obxectiva en si mesmo. Tódalas dimensións foron decisivas na constitución da identidade sociocultural de Galicia e de presencia continua na nosa historia, na nosa cultura, na sociedade, así como na historia de España, do mundo occidental e de toda a humanidade.

Por outra parte, debe recordarse que as relixións máis importantes transmiten a súa tradición e contidos de fontes escritas de alto valor literario polo que a lectura dos documentos que conteñen lendas, narracións, discursos doutrinais ou poesía relixiosa deberá contribuír ó fin buscado na totalidade da programación educativa: estimula-lo interese do alumnado pola lectura, afondar no coñecemento das crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, analizar e valorar criticamente as realidades do mundo actual e os factores e antecedentes que en el inflúen.Así mesmo, as representacións que as distintas culturas realizaron da relixión, como as imaxes, símbolos e rituais de cada sistema relixioso, deberán estimular tamén o exercicio da valoración estética das manifestacións artísticas do relixioso. Por último, dada a importancia que a sociedade concede á conservación, reconstrucción e coñecemento do patrimonio relixioso da humanidade polos seus valores históricos e artísticos, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación servirán para facilitar ó alumnado o acceso e coñecemento de todo ese rico patrimonio. Por outro lado, no proceso que o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria vai desenvolvendo arredor das grandes cuestións do sentido da vida, descobre e constata a relixión como unha das fontes de sentido que a humanidade foi desenvolvendo ó longo da historia. Por iso, o alumnado de primeiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria efectuará un percorrido pola dimensión histórica das relixións, desde a Prehistoria, Mesopotamia e Exipto, as relixións indoeuropeas, Grecia e Roma e, máis tarde, a partir do segundo curso, analizará os grandes temas do fenómeno relixioso, a realidade de Deus nas distintas relixións e as grandes respostas que estas deron ás cuestións sobre o sentido da vida, poñendo especial énfase nas tres relixións monoteístas presentes na historia da nosa cultura. En cuarto curso, coñecerán a existencia dos principais debates e reflexións sobre o feito relixioso, forxados en Occidente desde o Racionalismo do século XVII e a Ilustración do século XVIII. O programa inclúe, tamén, a análise dos intentos totalitarios de aboli-la relixión ou convertela, como na antigüidade, nunha ideoloxía de Estado.

No aspecto metodolóxico o labor escolar centrarase no alumnado. O profesorado garantirá un coñecemento sistemático, coherente e progresivo ó longo da etapa: Estimulando a reflexión individual e en grupo; facilitándolles liñas de indagación, selección e claves de análise; promovendo o desenvolvemento da capacidade de comprensión e expresión e creando ámbitos que faciliten a tolerancia, a comprensión e aceptación da diferencia, o diálogo e a cooperación entre os distintos grupos ou persoas con ideoloxías, crenzas ou opinións diferentes.

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

- Encadra-lo nacemento e desenvolvemento das relixións dentro dunha situación histórica que permita ó alumnado situalas no contexto político, social e cultural no que xurdiron e se desenvolveron, e relacionalas co desenvolvemento dos pobos nas diferentes facetas da súa realidade histórica.
- Coñece-los feitos máis significativos das tres relixións que influíron na historia e a cultura de España e as súas principais contribucións á evolución política, cultural e social do noso país.
- Aplicar estructuras e métodos propios do estudio científico da relixión ó coñecemento dos feitos e problemas actuais das relixións; de modo especial a lectura dos textos máis representativos das principais relixións.
- Analiza-los factores que subxacen ó feito relixioso, as realidades, aspiracións ou problemas humanos que o animan.
- Valora-las tradicións relixiosas e o patrimonio sociocultural que xeraron.
- Coñecer e valora-los distintos posicionamentos filosóficos e culturais sobre a relixión, tanto na súa dimensión histórica como na actualidade.
- Analiza-los sistemas morais propostos polas diferentes relixións, comparar cada un dos seus elementos, a coherencia que amosan entre eles e as implicacións persoais e sociais que teñen.
- Analiza-los procesos históricos, intelectuais, culturais e políticos, que converteron a liberdade de conciencia e a liberdade relixiosa no fundamento da civilización occidental.
- Valorar as achegas das grandes culturas monoteístas á sociedade europea actual.
- Valorar a importancia do Camiño de Santiago no noso patrimonio artístico e cultural
- Aplica-las tecnoloxías da información e da comunicación para buscar intercambiar e analizar información, así como para presenta-los coñecementos adquiridos, sobre as principais relixións e as súas relacións coas sociedades e a cultura onde xurdiron tanto no pasado como no presente.

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

- A comunicación entre o relixioso e o profano: as hierofanías. Hierofanías nas relixións politeístas e na tradición relixiosa galega.
- Ningunha relixión sen símbolos. O mito como relato simbólico. O rito e as celebracións. Influencia das relixións nas manifestacións artísticas.
- Influencia da relixión nas tradicións culturais galegas. Festas, romaxes e santuarios.
- As mediacións do feito relixioso: tradicións, persoas mediadoras e ritos
- A moral relixiosa e os valores éticos universais.
- Deus cuestionado. A diversidade de respostas fronte ao feito relixioso: persoas relixiosas, ateas e agnósticas.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

CONTIDOS CONCEPTUAIS

UNIDADE DIDÁCTICA I: UNHA REALIDADE EN DÚAS DIMENSIÓNS

- O relixioso e o profano.
- Elementos que constitúen o fenómeno relixioso.

UNIDADE DIDÁCTICA II: POLITEÍSMO E MONOTEÍSMO

- Deuses e Deus: a transcendencia do ser supremo.

UNIDADE DIDÁCTICA III: AS MEDIACIÓNS DO FEITO RELIXIOSO: LUGARES, PERSOAS E ACCIÓNS.TEMPLOS, SACERDOTES, FEITICEIROS E PROFETAS

- O mito e os relatos. Mitos máis significativos das principais relixións.
- O rito e as celebracións: símbolos e signos. A eficacia simbólica. A oración. A moral. Función social da relixión: normas sagradas. División do tempo. Influencia na tradición cultural.

UNIDADE DIDÁCTICA IV: A ACTITUDE RELIXIOSA

- A persoa ante o misterio, o temor e a fascinación do relixioso: Manifestacións literarias e artísticas

UNIDADE DIDÁCTICA V: OS GRANDES INTERROGANTES

- A orixe da vida, o sufrimento e a morte. As relixións e o sentido da vida.
- Representacións do divino, da morte e do máis alá nas distintas relixións.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Elaboración dun caderno de clase.
- Recollida de información: biografías, prensa.
- Lectura comprensiva e análise de textos.
- Elaboración de resumes críticos sobre vídeos que amosen outra realidade relixiosa, noticias de prensa...
- Acercamento á outras culturas relixiosas por medio da análise de representacións artísticas diversas.
- Estudio dunha romaría galega (local preferentemente).
- Estudio comparativo das crenzas na outra vida ó longo da historia.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Valoración da dimensión relixiosa do ser humano.
- Desenvolvemento de actitudes de respecto cara lugares, persoas, símbolos e ritos de tipo relixioso.
- Interese polo coñecemento da mitoloxía e principios das distintas relixións.
- Valoración da importancia dos símbolos nas expresións de tipo relixioso.
- Toma de postura ante os grandes interrogantes propostos en relación co dereito a vida.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase que o alumnado:

- Identifica os principais elementos que constitúen o fenómeno relixioso e as relacións que se establecen entre eles.
- Aplica o esquema básico dos elementos clave da relixión á análise das diferentes relixións.
- Localiza lugares, persoas e accións sagradas nas distintas relixións razoando a orixe e as causas desas realidades.
- Identifica as preguntas polo sentido da vida e é capaz de sinalar cales son os grandes temas sobre os que xiran en relación con outras preguntas máis orientadas ó ámbito científico.
- Compara as diferentes concepcións e expresións do divino nas distintas relixións establecendo as semellanzas e diferencias entre elas.
- Establece relacións entre os ritos e as celebracións das relixións cos ciclos e ritmos da vida humana identificando as constantes que se presentan nas distintas relixións.
- Identifica en oracións das diferentes relixións as actitudes básicas dunha persoa relixiosa.
- Localiza os mitos máis significativos das distintas relixións establecendo relacións e comparacións e identificando a influencia dalgúns deles na nosa propia tradición cultural.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A cualificación dos alumnos en cada trimestre é resultado das cualificacións das probas escritas, do traballo na aula e da actitude cara á asignatura e os compañeiros. Os aspectos conceptuais e procedimentais non superados poden ser recuperados en probas extraordinarias orais e escritas, mentres que as carencias actitudinais só poden ser recuperadas cun cambio de actitude positivo na aula. O mesmo criterio rexe para as probas extraordinarias de setembro.
- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

Nas probas de setembro, que teñen un carácter extraordinario, valoraranse nas cualificacións os seguintes aspectos:

- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.
- Para superar positivamente esta proba extraordinaria débese acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.
- O alumno deberá amosar un coñecemento MÍNIMO dos contidos conceptuais e procedimentais de TÓDALAS AVALIACIÓNS. Débense, polo tanto, desenvolver equilibradamente tódolos aspectos da proba xa que esta referirase ás unidades didácticas traballadas durante todo o curso.

B.- SEGUNDO CICLO DA E.S.O.

OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO DA E.S.O.

- Estudio das interrelacións do medio co home, continuando a labor iniciada no primeiro ciclo de identificación e localización de feitos xeográficos, pero centrándose en analizar, avaliar e explicar eses feitos.
- Analizar as relacións entre os diferentes feitos históricos de Idade Moderna e Contemporánea, con especial referencia a Galicia e a España. Atopar no pasado a xustificación de boa parte da actualidade política, económica, social e cultural.
- Elaborar secuencias temporais de acontecementos e fases históricas, seguindo os métodos aprendidos no primeiro ciclo. Incidir no concepto de tempo histórico e a duración relativas dos sucesos históricos.
- Recoñecer os elementos básicos das artes moderna e contemporánea en relación co seu momento histórico. Iniciación ó vocabulario artístico.
- Obter, seleccionar e relacionar información a partir de fontes diversas e tratalas de forma autónoma e crítica; saber comunicar os resultados de forma oral e escrita con claridade.
- Comprender que o patrimonio artístico, cultural e histórico da humanidade debe ser obxecto de defensa e conservación.
- Participar criticamente dos proxectos, valores e problemas das comunidades sociais ás que se pertence con plena conciencia dos seus dereitos e deberes, rexeitando todo tipo de discriminacións e promovendo un sentimento positivo cara ó mundo da cultura.
- Utilizar os procesos e mecanismos básicos que rexen os feitos sociais para comprender as sociedades contemporáneas, analizando os problemas máis acuciantes das mesmas.
- Manifestar actitudes de tolerancia e respecto por outras culturas e opinións que non coincidan coas propias, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre as mesmas.
- Analizar a diferentes escalas as relacións que as sociedades establecen co seu territorio, valorando as consecuencias económicas, sociais, políticas e medioambientais.
- Explicar os procesos de degradación e contaminación do medio.
- Analiza-las relacións Norte/Sur nos aspectos políticos, económicos, demográficos e culturais, tomando conciencia da responsabilidade colectiva na busca de solucións ó desequilibrio.
- Realizar investigacións básicas con fontes e técnicas propias da xeografía.
- Analizar, explicar e avaliar feitos nos que se poda observar a interrelación entre o medio natural e a sociedade a escala mundial.
- Describir os principais países e as áreas xeopolíticas, económicas e culturais do mundo a partir dun coñecemento razoable do mapa político do mundo.
- Analizar a intervención humana no medio físico para a comprensión de feitos xeográficos relevantes en Galicia , en España e no mundo.
- Servirse da información cartográfica, gráfica, estatística e escrita para explicar, analizar e aportar solucións a determinados problemas xeográficos.
- Progresar na adquisición de conceptos relativos a percepción e representación do espacio (escalas, proxección...).
- Elaborar mapas temáticos incorporando a información de táboas estatísticas, textos escritos...

- Recoller a análise multicausal de factores ou condicionantes humanos que interveñen nos feitos xeográficos.
- Coñecer as normas básicas da investigación xeográfica e histórica.
- Promover a responsabilidade individual e colectiva ante os graves riscos que a actividade humana pode ocasionar no medio.
- Tomar conciencia de gravidade dos desequilibrios demográficos e económicos do mundo.
- Promoves a solidariedade entre individuos e colectividades que sofren os desequilibrios económicos do Planeta.
- Realizar estudios sincrónicos identificando as distintas características das sociedades históricas a partir da Idade Moderna.
- Realizar estudios sincrónicos sobre temas referidos á evolución histórica da cultura humana, sobre a evolución das ideas políticas, as relacións entre ciencia e relixión, o papel da muller na vida social...
- Coñecer os distintos estilos e tendencias artísticas da cultura occidental a partir de Idade Moderna, captando as diferencias a as influencias. Profundizar no coñecemento da linguaxe visual e plástica.
- Estudiar as grandes transformacións da época contemporánea que dan sentido ó noso mundo actual.
- Fomentar a capacidade de contraste, avaliación crítica e síntese de informacións diverxentes a partir de fontes escritas.
- Avanzar na tolerancia cara a outras culturas, formas de pensar e crenzas do pasado e do presente.
- Contextualizar e explicar feitos relativos ó mundo actual.
- Desenvolver argumentacións fundamentadas, orais e escritas, sobre asuntos controvertidos. Procurar certa coherencia na adopción de opinións e puntos de vista persoais. Fomentar actitudes de cooperación e aceptación de puntos de vista alleos, valorando o enriquecemento dos resultados dun traballo feito desde o contraste de opinións e puntos de vista.
- Analizar algúns dos problemas medio ambientais do mundo derivados da sobreexplotación dos recursos, da industrialización e do urbanismo.
- Estudiar el modelo demográfico de Galicia, de países do Primeiro Mundo e de países do Terceiro Mundo.Análise dos movementos migratorios do pasado e do presente.
- Analizar os sistemas agrarios máis característicos do mundo, valorando as diferencias entre modelos tradicionais e tecnificados e relacionándoos cas características sociais,culturais e políticas.
- Estudiar as características físicas das cidades, a súa evolución histórica, a división funcional e a xerarquización social do espacio.
- Analizar as transformacións recentes dos medios de transporte, das actividades terciarias e da cultura do ocio.
- Identificar e localizar os principais países e áreas xeopolíticas, económicas e culturais do mundo e analizar exemplos representativos dos desequilibrios entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos, subliñando as relacións desiguais de intercambio.
- Distinguir entre datos e opinións, recoñecendo o carácter multicausal dos fenómenos e a posible parcialidade das fontes.
- Utilizar e interpretar cartografía e elaborar e interpretar gráficos a partir de series estatísticas.
- Elaborar sinxelas investigacións con fontes directas e orais relacionadas coa bisbarra.
- Ordenar e representar graficamente a evolución que sufriu ó longo da historia as formas de organización política e social, as manifestacións culturais e as estructuras económicas.

- Situar cronoloxicamente e comparar obras de arte dun mesmo xénero (arquitectura, pintura, escultura) representativas das principais sociedades e etapas históricas.
- Identificar os aspectos políticos, sociais e económicos mais característicos do Antigo Réxime, facendo especial fincapé na situación de Galicia.
- Identificar os rasgos máis significativos da Revolución Industrial e das revolucións liberais ou atlánticas. Comparar co Antigo Réxime e valora-la súa importancia histórica.
- Describir as principais transformacións sociais, políticas e económicas da España do século XX.
- Describir os principais conflictos mundiais do século XX.
- Valorar a importancia dos descubrimentos científicos e técnicos dos séculos XIX e XX.
- Análise da actualidade política, económica e social estudiando as informacións dos medios de comunicación.
- Estudio da economía política e das relacións macroeconómicas dos países e dos organismos supranacionais.
- Estudio das características das vangardas artísticas do século XX.
- Coñece-los principais tipos de recursos naturais e a súa distribución no mundo. Valora-la súa importancia social e comprende-la necesidade de explotalos racionalmente.
- Identificar e explica-la organización político-administrativa do Estado español. Analiza-lo grao de articulación interna e os desequilibrios territoriais en España. Coñece-los contrastes entre o litoral e o interior de Galicia.

B.I.- TERCEIRO CURSO DA E.S.O.

OBXECTIVOS DE TERCEIRO DA E.S.O.

- Identifica-los procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento dos feitos sociais, utilizando este coñecemento para comprende-la diversidade social e cultural; analiza-los seus problemas e formar un xuízo persoal, crítico e razoado.
- Resolver problemas e levar a cabo estudios e pequenas investigacións aplicando as técnicas e procedementos básicos característicos das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, empregando con precisión e rigor o vocabulario específico para explica-las causas e consecuencias.
- Utiliza-las imaxes e as representacións cartográficas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos e explica-la súa distribución a distintas escalas, con especial atención ó territorio español. Elaborar esbozos e gráficos sinxelos.
- Coñecer e utiliza-las principais fontes da xeografía (textos escritos, series estatísticas, gráficos, imaxes…) e obter delas información sobre os feitos e fenómenos demográficos, económicos, sociais, culturais e políticos, contrastándoas de forma crítica.
- Identifica-los elementos do medio físico e describir e caracteriza-los principais medios naturais e a súa distribución no mundo, en Europa, no Estado español e en Galicia. Analizar a diferentes escalas as interaccións das variables xeográficas.
- Analizar e localizar algúns dos problemas ambientais máis graves (contaminación, explotación abusiva dos recursos naturais, eliminación dos residuos…) no mundo, en Europa, no Estado español e en Galicia, a partir de análises concretas.
- Valora-las consecuencias ecolóxicas do crecemento da poboación e da presión humana sobre os recursos do medio e adoptar hábitos de consumo racionais e responsables.

- Diferencia-los principais fenómenos económicos, sociais e políticos e a súa interrelación. Describir e interpretar modelos demográficos e tipos de organización económica, social e política.
- Saber qué é un espacio xeográfico e coñece-las súas características. Describir e identifica-los espacios rurais, industriais, de servicios e urbanos.
- Comprende-los caracteres físicos e humanos de España, e a diversidade da súa xeografía e as súas culturas.
- Coñece-la organización territorial do Estado español e as orixes e perspectivas de futuro do proxecto europeo, valorando a súa repercusión na vida dos cidadáns.
- Coñece-los dereitos e deberes propios de calquera cidadán polo simple feito de selo, e rexeitar calquera forma de violación destes.
- Coñece-la diversidade xeográfica do mundo, os seus trazos básicos físicos e humanos e distingui-las grandes áreas socioeconómicas, culturais e políticas. Comprende-los trazos físicos e humanos de España e a diversidade da súa xeografía e as súas culturas.
- Aprecia-los dereitos e liberdades humanas como unha conquista da humanidade, potenciando os valores de tolerancia e solidariedade cos pobos, grupos sociais e persoas privadas dos seus dereitos ou dos recursos necesarios.
- Valorar e respecta-lo patrimonio natural e cultural, asumindo as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
- Valora-la diversidade lingüística e cultural como dereitos dos pobos e individuos á súa identidade e manifestar actitudes de tolerancia e respecto por outras culturas.
- Tomar conciencia das desigualdades tan profundas que se producen no noso mundo en relación co respecto polos dereitos humanos e pola repartición da riqueza; e adoptar unha actitude responsable ante os problemas que afectan ás comunidades sociais ás que pertence.
- Identifica-la pluralidade das comunidades sociais e promover un sentimento positivo de pertenza, rexeitando as discriminacións existentes por razón de nacemento, raza, sexo, relixión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Reflexionar globalmente sobre os problemas que se formulan no Estado español no contexto actual de desenvolvemento económico e social, valorando a importancia da participación democrática para lograr o bo funcionamento da vida dun país.
- Coñecer o funcionamento básico da economía.
- Identificar as claves imprescindibles para analizar feitos e problemas que nos afectan, como inflación, custo da vida, mercado laboral, consumo.
- Identificar as claves para analizar a globalización da economía e o seu funcionamento en situacións concretas.
- Recoñecer os trazos dos principais sistemas agrarios e as súas paisaxes.
- Caracterizar as transformacións técnicas e socioeconómicas do mundo rural.
- Utilizar os conceptos básicos da actividade primaria para analizar os problemas do mundo rural, especialmente do galego.
- Recoñecer os trazos da actividade pesqueira.
- Identificar as transformacións técnicas e socioeconómicas do mundo mariñeiro.
- Asimilar os conceptos básicos da actividade pesqueira para analizar os problemas e as posibles solucións do mundo da pesca, particularmente da Galicia mariñeira.
- Coñecer os principais tipos de industrias.
- Identificar as actuais formas de produción e as novas paisaxes industriais.
- Localizar as zonas produtoras máis destacadas, comprendendo os factores que explican tal distribución.
- Recoñecer as correntes de intercambio xeradas pola produción e o consumo, nun contexto de relacións desiguais.

- Analizar a situación actual da industria galega.
- Coñecer o progresivo proceso de terciarización da economía actual.
- Coñecer o papel do transporte e das comunicacións no artellamento do espazo.
- Utilizar os conceptos básicos do sector terciario para explicar a extensión de novas formas de procesos urbanos a partir da análise da realidade galega.
- Concienciarse dos problemas que a ocupación e explotación do espazo pode xerar.
- Coñecer posicións teóricas e políticas de defensa do medio natural.
- Suxerir actuacións e medidas concretas para mellorar a calidade ambiental.
- Colaborar na busca dun desenvolvemento sostible.
- Comprender a realidade político-territorial como unha construción lenta ao longo do tempo.
- Localizar os Estados europeos, os grandes países e áreas socioeconómicas do mundo.
- Comprender a realidade político-social española como Estado das Autonomías, con incidencia especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Analizar a situación de Galicia en Europa, valorando as repercusións das políticas comunitarias e as posibilidades de cooperación para superar as desvantaxes dunha posición excéntrica.
- Comprender a organización espacial de España e de Galicia.
- Aproximarse á realidade de España e de Galicia integrando o medio físico, a ocupación humana do territorio e a actividade económica.
- Explicar os contrastes e desequilibrios internos analizando a súa naturaleza, as súas causas, consecuencias e interrelacións.
- Comprender a información estatística, expoñendo as súas conclusións, identificando diferenzas no grao de desenvolvemento e benestar entre países e dentro deles.
- Deducir consecuencias, amosando rexeitamento ante as desigualdades.
- Valorar de xeito crítico o papel que desempeñan organismos e institucións na loita contra os mesmos.
- Saber utilizar os coñecementos sobre as tendencias do crecemento demográfico e de desenvolvemento económico –en particular a división mundial do traballo– para explicar os fluxos migratorios predominantes.
- Posuír capacidade para emitir un XUÍZO razoado desde o respecto pola diversidade cultural e o rexeitamento das situacións de explotación e dos comportamentos xenófobos e racistas.
- Manexar correctamente instrumentos gráficos e cartográficos.
- Utilizar as posibilidades que proporcionan as ferramentas informáticas básicas.
- Estar sensibilizado/a ante problemas do mundo actual, como racismo, sexismo, deterioro ambiental ou actitudes consumistas.
- Utilizar axeitadamente a linguaxe oral e a argumentación.
- Aceptar as normas que rexen o diálogo e a intervención en grupo

COMPETENCIAS BÁSICAS

As Ciencias Sociais teñen un carácter instrutivo e contextualizador porque axudan a centrar unha información dentro dunha perspectiva social. Deben crear cidadáns e cidadás cualificados e cualificadas capaces de analizar, valorar, opinar e tomar decisións coherentes; de preservar o patrimonio natural, cultural e histórico nunha sociedade en cambio permanente a un ritmo acelerado.

1. **Competencia social e cidadá**

A área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia desenvolve, especialmente, a competencia básica social e cidadá, pois facilita as relacións dentro dun modelo democrático nunha sociedade cada vez máis plural e diversa. Entre as competencias básicas deste tipo abordadas para 3º de ESO salientamos: Competencia para construír o tempo e o espazo persoal no alumnado para comprender a conformación de identidades sociais e territoriais. Estas categorías espazo-temporais deben traducirse no desenvolvemento dunha competencia social democrática que faga posible unha interacción responsable no medio, pois o mundo actual é o resultado das decisións que tomaron os nosos antepasados. Razón pola que é fundamental comprender que o planeta non ten capacidade ilimitada para soportar todas as agresións e que a nós nos corresponde unha actitude comprometida e responsable que garanta un futuro para as xeracións futuras. Competencia para comprender a realidade social actual, os seus logros e os seus problemas, axudando a analizar os elementos que a propiciaron e, se é posible, melloralos.

2. **Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico**

Competencia para analizar a acción humana na utilización do espazo e os seus recursos, os problemas xerados e as accións que aseguren a protección do medio natural. O patrimonio paisaxístico ten que estar en harmonía co medio. Para percibir o espazo físico no que se desenvolve a actividade humana pódense seguir estratexias de coñecemento con metodoloxías inversas: do máis próximo ao máis afastado ou do máis afastado ao máis próximo. Enténdese por medio a complexa urda de elementos e relacións en que o individuo se atopa inmerso, directa ou indirectamente, e non só o máis inmediatamente perceptible na contorna próxima. Este concepto de medio recolle a perspectiva dos feitos que a realidade sitúa á nosa beira, que se ve de maneira obxectiva, e a dos que poden ser próximos aos intereses do alumnado, aínda que non pertenzan á contorna próxima. Constitúe o noso medio todo o que actúa sobre nós, o que nos move e nos orienta, o que nos fai madurar e progresar, o que nos asusta ou proporciona seguridade, o que nos formula problemas ou impón eleccións; en definitiva, todo o que nos afecta.

3. **Competencia cultural e artística**

Competencia para, a partir do estudo da cultura propia, emprender o coñecemento doutras culturas afastadas, alleas ou distintas. Competencia que se verá facilitada pola sensación de proximidade dos lugares máis distantes que nos proporcionan os medios de comunicación, sobre todo a televisión, xa que vivimos cada vez máis nun mundo interrelacionado e, ás veces, o remoto é o máis próximo. Competencia para apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas, materiais e inmateriais, tanto para o enriquecemento persoal como para valoralas como elementos esenciais do patrimonio cultural que hai que preservar. Competencia para identificar e coñecer obras de arte relevantes, polo significado na caracterización de estilos e artistas e polo feito de formar parte do patrimonio cultural próximo. Son necesarias, pois, capacidades perceptivas e unha certa sensibilización por parte do alumnado sobre estas manifestacións.

4. **Competencia para aprender a aprender**

Competencia para chegar ao coñecemento por transferencia. Preténdese que a partir da idea de medio e de contorna os alumnos e alumnas poidan transferir os seus modelos da realidade estudada a distintos contextos sociais e espaciais. Competencia para construír novos coñecementos, nun proceso lento pero seguro, de aprendizaxe. O descubrimento de novas cousas formará parte deste proceso de construción. E para construír coñecementos, nada mellor que partir do que cada un sabe, razón pola que os materiais propoñen unha aprendizaxe significativa, adquirindo significados novos a partir do que cada alumno ou alumna xa coñece.

5. **Competencia no tratamento da información e competencia dixital**

Competencia para comprender fenómenos sociais, xeográficos e históricos empregando as ferramentas proporcionadas pola sociedade da información (Internet, especialmente). Competencia para establecer criterios de selección da información proporcionada por fontes

dixitais baseados na veracidade e na pertinencia, sendo tratados desde actitudes críticas para que enriquezan e non suplanten as contribucións persoais.

6. **Competencia en comunicación lingüística**

Competencia para describir, narrar, disertar, argumentar, tanto por oral como por escrito, utilizando un vocabulario preciso e específico da área, tanto os feitos históricos, como as realidades xeográficas e problemas sociais. A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento e para explicar e expresar o coñecemento construído. O desenvolvemento desta competencia implica o dominio de habilidades de lectura e escritura de diferentes tipos de textos. As preguntas a pé de páxina, presentes en todas as páxinas dos materiais, axudan nese intento de desenvolver a competencia lectora comprensiva e pormenorizada, obrigando ao alumnado a buscar o dato concreto ou a idea esencial. Competencia para valorar a lingua galega como un trazo esencial da identidade histórica de Galicia

7. **Competencia matemática**

Competencia para manexar datos numéricos e realizar operacións básicas con criterio de medición, codificación numérica e representación gráfica sobre feitos históricos ou realidades sociais e xeográficas. Moitos aspectos relacionados co marco espacial e da vida social teñen valores cuantitativos ou gráficos que deben ser abordados dende esta competencia.

8. **Autonomía e iniciativa persoal**

Competencia para desenvolver valores ou habilidades persoais, como autonomía, liberdade, autoestima, autocrítica, iniciativa, perseverancia, creatividade, seguridade, responsabilidade, honestidade, respecto ás normas e capacidade para afrontar os problemas; e valores sociais, como respecto polas ideas alleas, capacidade de diálogo e interese polo traballo cooperativo.

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

- -Definición de actividade económica. Clasificación. Os factores productivos: recursos naturais, traballo, capital. A economía de mercado: características: qué se produce, cómo, para quén e para qué. Os axentes económicos: consumidores, empresas, o Estado. Institucións da economía de mercado: bancos, Bolsa. Indicadores económicos: PNB, PIB, as balanzas comercial e de pagos, a renda per cápita, o IPC, a débeda externa. O mundo do traballo: novo mercado laboral (a deslocalización), os sindicatos e as organizacións empresariais.
- -O sector primario. Factores e elementos da paisaxe agraria. Os sistemas agrarios. Os sistemas agrícolas tradicionais. Os sistemas agrícolas tecnificados. A gandería extensiva e a intensiva. A silvicultura. A pesca: tipos de pesca, principais zonas pesqueiras. Os problemas do mar.
- -O sector secundario: a industria, a construcción, a produción de enerxía. As materias primas de orixe vexetal e as de orixe mineral. As fontes de enerxía: renovables e non renovables. A industria: tipos de industria. As tendencias actuais da industria: desenvolvemento da tecnoloxía, concentración industrial, deslocalización. Factores de localización industrial. Análise dunha paisaxe industrial. Os problemas ambientais.
- -Os servizos ou o sector terciario. Clasificación das actividades terciarias. Os servizos sociais: educación, sanidade. Os servizos ás empresas: as actividades financeiras e a administración de empresas. Os servizos ó consumidor: o turismo: Tipos e fluxos turístico. Tendencias do turismo. A actividade comercial: o comercio interior e o comercio exterior. A balanza comercial. O papel do Estado no comercio. Bloques comerciais. Os transportes e a articulación do territorio. As comunicacións: novas tecnoloxías, medios de comunicación de masas.

- -España: as actividades primarias, a industria e a construcción, as fontes de enerxía e a minería, os servizos: comercio, turismo e transportes. Localizar nun mapa os principais eixes e focos de actividade económica. As actividades económicas en Galiza, localización.
- -Observación e identificación das principais paisaxes xeográficas derivadas da actividade humana.
- -Os problemas ambientais. O desenvolvemento sostible.
- -Concepto de Estado. Os elementos do Estado. Concepto de Nación, Patria e País. A organización do territorio: Estado centralizado e Estado federal, as organización supraestatais (ONU). Os réximes políticos: democracia e dictadura. A monarquía e a república. Os fundamentos da democracia: Constitución, división de poderes, participación cidadá. As institucións democráticas: o Parlamento, o Goberno e a Administración, os tribunais de Xustiza. A participación política democrática: o proceso e os sistema electoral, os partidos políticos.
- -A organización político-territorial de Europa: o continente europeo, a poboación, a agricultura, a industria e os servizos en Europa. A formación da UE, a PAC, a política monetaria común, as políticas de cohesión, os acordos de Schengen, a PESC. Presente e futuro da UE. Galiza na UE.
- -A organización política de España: a democracia, a monarquía parlamentaria. As institucións do Estado: as Cortes, o Goberno, os Tribunais de Xustiza. A organización territorial española: os Municipios, as Provincias, as Comunidades Autónomas. A diversidade xeográfica de España. Os desequilibrios interterritoriais.
- -A Comunidade Autónoma de Galiza: orixe, institucións. Organización territorial de Galiza: Concellos, Comarcas, Provincias. As Parroquias. Os desequilibrios en Galiza: interior/eixe atlántico.
- -A diversidade xeográfica do mundo: os conxuntos xeopolíticos e xeoeconómicos.
- -Os indicadores de desenvolvemento: económicos, sociais. Análise dos indicadores. Terceiro Mundo e subdesenvolvemento: características demográficas, sociais e económicas. Os países desenvolvidos: características demográficas, sociais e económicas.
- -A globalización. Definición. Axentes e motores da globalización: os organismos internacionais (FMI, OMC, empresas multinacionais), Estados Unidos, Unión Europea, Xapón. Consecuencias da globalización: vantaxes e inconvenientes. Respostas a globalización: os movementos antiglobalización.
- -O desigual desenvolvemento humano: desequilibrios na distribución de recursos, os problemas dos países subdesenvolvidos. A cooperación e a solidariedade (0,7% do PIB), as organizacións non gobernamentais (ONG).
- -Os desprazamentos de poboación no mundo actual: causas das migracións, tendencias actuais das migracións. Consecuencias das migracións. As migracións en España e Galiza.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

I.- O MEDIO FÍSICO E EUROPEO

Contidos

Conceptos

- O relevo mundial: características xerais e principais unidades do relevo.
- As costas mundiais e as principais illas.
- Ríos e lagos do mundo: características xerais.
- O relevo de Europa: características xerais e principais unidades do relevo.

- As costas de Europa e as principais illas.
- Ríos e lagos de Europa: características xerais e vertentes.
- Factores e elementos do clima.
- Os climas fríos, temperados e cálidos.
- A humanización da paisaxe natural: as accións humanas.
- O impacto das actividades humanas.

Procedementos

- Lectura e interpretación dun mapa físico mundial.
- Obtención de información a partir de imaxes.
- Lectura e interpretación dun mapa físico de Europa.
- Lectura e interpretación dun mapa de zonas climáticas.
- Lectura e interpretación de debuxos.

Actitudes

- Valoración crítica do impacto da actividade humana sobre o entorno natural.

II.- O MEDIO FÍSICO DE ESPAÑA

Contidos

Conceptos

- O relevo peninsular e insular.
- A costa peninsular e insular.
- Os ríos da España peninsular: as vertentes.
- As zonas húmidas peninsulares: lagos e lagoas, albuferas, marismas e embalses.
- A auga nas Baleares e nas Canarias.
- Os factores do clima.
- A paisaxe natural atlántica: clima e vexetación.
- A paisaxe natural mediterránea: clima e vexetación.
- A paisaxe natural continental: clima e vexetación.
- A paisaxe natural de alta montaña: clima e vexetación.
- A paisaxe natural subtropical canaria: clima e vexetación.
- As unidades do relevo.
- O clima.
- A hidrografía.
- As paisaxes naturais.

Procedementos

- Lectura e interpretación do mapa físico de España.
- Lectura e interpretación de mapas temáticos.

Actitudes

- Curiosidade por descubrir a diversidade de relevos e paisaxes de España.

III.- A ACTIVIDADE ECONÓMICA

Contidos

Conceptos

- Definición de actividade económica.
- Clasificación das actividades económicas.
- Os factores productivos.
- Características da economía de mercado.
- A economía de mercado hoxe.
- O papel dos consumidores, as empresas e o Estado na economía.
- Problemas económicos que afectan á economía familiar.
- Os bancos e a Bolsa.
- Os principais indicadores económicos.
- O mercado laboral na actualidade.
- Os sindicatos e as organizacións empresariais.

Procedementos

- Análise de textos.
- Interpretación de esquemas.
- Análise de gráficas.

Actitudes

- Valoración dalgúns aspectos da actualidade económica

IV.- AS ACTIVIDADES PRIMARIAS

Contidos

Conceptos

- As actividades primarias. Orixe e clasificación.
- sector primario. Características actuais.
- Os factores condicionantes das actividades agrarias.
- Os elementos da paisaxe agraria.
- Os sistemas agrarios. Tipoloxía e localización.
- Os problemas da agricultura e a gandería actuais.
- Os sistemas agrícolas tradicionais. Características e localización.
- Os sistemas agrícolas tecnificados. Características e localización.
- A gandería. Características tipoloxía.
- A silvicultura. Características.
- A pesca. Características e tipoloxía.
- Localización das zonas pesqueiras.

Procedementos

- Lectura e interpretación de mapas e gráficas.
- Elaboración dun esquema.
- Análise dunha paisaxe agraria.

Actitudes

- Valoración da relación entre o problema da fame e a producción agrícola.
- Valoración da importancia dos bosques.
- Valoración dos problemas do mar.

V.- O SECTOR SECUNDARIO

Contidos

Conceptos

- As actividades secundarias: industria, construcción e producción de enerxía.
- Definición de materia prima. Tipos: de orixe vexetal e animal, de orixe mineral.
- Fontes de enerxía non renovables.
- Fontes de enerxía renovables.
- Tipos de industria.
- As tendencias actuais da industria.
- Elementos do proceso industrial.
- A empresa industrial.
- Principais factores de localización industrial.
- Definición de paisaxe industrial.
- Principais problemas medioambientais xerados pola industria: a chuvia ácida, os residuos, o deterioro da capa de ozono, o efecto invernadoiro e o cambio climático.

Procedementos

- Obtención, análise comparación de información obtida en táboas de datos e mapas.
- Búsqueda de información en Internet para ampliar coñecementos sobre un tema.
- Análise dunha paisaxe industrial.
- Lectura e elaboración de esquemas.

Actitudes

- Toma de conciencia dos conflictos xerados pola explotación de materias primas estratéxicas, especialmente en países subdesenvolvidos.
- Valoración da importancia do uso de enerxías renovables.
- Valoración positiva da existencia e o cumprimento de leis de protección do medio ambiente.
- Toma de conciencia do impacto negativo da industria sobre o medio ambiente e valoración das iniciativas que defendan un desenvolvemento sostible.

VI.- OS SERVIZOS

Contidos

Conceptos

- O sector terciario: rasgos característicos y actividades que engloba.
- Os servizos sociais: definición e tipos.
- A sanidade e a educación: importancia económica e desigualdades Norte-Sur.
- A xestión de empresas: características e tendencias.
- As actividades financeiras: características e tendencias.
- O turismo: importancia económica e tipos.
- Clasificación dos tipos de turismo.
- As tendencias do turismo.
- Os fluxos turísticos mundiais e europeos.

Procedementos

- Análise de un mapa temático.
- Análise de gráficas.
- Análise de datos estatísticos.
- Obtención de información a partir de fotografías.
- Análise e interpretación de datos estatísticos.
- A interpretación dun mapa de fluxos: identificación de fluxos e deducción de conclusións.

Actitudes

- Conciencia das desigualdades nos servizos sociais e actitude crítica cara elas.
- Valoración crítica do impacto medioambiental e socioeconómico das actividades turísticas.

VII.- COMERCIO E TRANSPORTE

Contidos

Conceptos

- O comercio interior: definición e tipos.
- As tendencias do comercio interior.
- O comercio internacional: definición.
- A intervención do Estado no comercio internacional.
- Fluxos e bloques comerciais.
- Os sistemas de transporte: definición.
- Tipos de transporte por sistemas.
- As novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC): soportes e medios.
- Os medios de comunicación de masas: clasificación.

Procedementos

- Obtención de información a partir de fotografías.
- Análise de gráficas.
- Análise de datos estatísticos.
- Análise de mapas temáticos.

Actitudes

- Valoración do impacto económico do transporte

VIII.- AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS EN ESPAÑA E EN GALIZA

Contidos

Conceptos

- Características do sector servizos en España.
- comercio.
- Os transportes.
- papel do turismo na economía española.
- Os tipos de turismo. Análise dunha zona turística de Galicia: o Camiño de Santiago
- As principais fontes de enerxía.
- As fontes de enerxía non renovables e a dependencia enerxética.
- As fontes de enerxía renovables.
- A minería.
- A situación actual da industria en España.

- Distribución territorial do tecido industrial.
- Características do sector da construcción en España.
- As características principais das actividades primarias.
- Os retos de futuro do sector primario español.
- As actividades económicas en Galiza: Situación da economía galega.
- Estudo sectorial da economía galega

Procedementos

- Análise de gráficas.
- Análise de mapas.
- Análise de datos económicos e estatísticos

Actitudes

- Valoración dos impactos medioambientais do turismo, e das actividades industriais e mineiras.

IX.- O SISTEMA MUNDIAL

Contidos

Conceptos

- Principais conxuntos xeopolíticos e xeoeconómicos mundiais.
- Centro e periferia
- Orixe do Terceiro Mundo.
- Características demográficas, sociais e económicas do Terceiro Mundo.
- Os países desenvolvidos: situación xeográfica e características demográficas, sociais e económicas dos países desenvolvidos.
- Os indicadores económicos e sociais.
- Os indicadores de desenvolvemento.

Procedementos

- Análise de táboas estatísticas.
- Lectura e interpretación de textos.
- Análise e interpretación de fotografías.
- Análise de indicadores de desenvolvemento.

Actitudes

- Valoración da pobreza e o subdesenvolvemento como un problema global e búsqueda de soluciones.
- Valoración crítica do consumismo nas sociedades desenvolvidas occidentais.

X.- UN MUNDO GLOBALIZADO

Contidos

Conceptos

- A globalización: concepto e datos.
- Axentes e motores da globalización.
- Consecuencias positivas da globalización.
- Consecuencias negativas da globalización.

- Movementos antiglobalización

Procedementos

- Lectura e interpretación de textos.
- Interpretación e identificación de diversas proxeccións cartográficas: Mercator, Peters, proxección acimutal, mapa anamórfico.

Actitudes

- Valoración da globalización como unha consecuencia da evolución económica dentro do sistema mundial.
- Valoración crítica das vantaxes e desvantaxes da globalización.

XI.- OS PROBLEMAS DO MUNDO ACTUAL

Contidos

Conceptos

- O desenvolvemento humano desigual: o desequilibrio na distribución de recursos. Cooperación e solidariedade.
- As migracións na actualidade: Causas e consecuencias.
- Os problemas medioambientais. O desenvolvemento sostible.

Procedementos

- Análise de táboas estatísticas.
- Lectura e interpretación de textos.
- Lectura e interpretación de mapas temáticos
- Lectura, interpretación e contraste de informacións de prensa e Internet.
- Análise e interpretación de fotografías.

Actitudes

- Respecto e defensa do patrimonio ambienta.
- Actitude positiva cara un desenvolvemento sostible.
- Comprensión e solidariedade cara os problemas de desigualdade no desenvolvemento e cara a inmigración.

XII.- A ORGANIZACIÓN POLÍTICA DAS SOCIEDADES

Contidos

Conceptos

- Concepto de Estado. Elementos do Estado. A nación.
- A organización do territorio: Estado centralizado, descentralizado. Estados federais.
- As organizacións supraestatais: a ONU.
- Os réximes políticos: Democracia e ditadura.
- Monarquía e República.
- Os fundamentos da democracia: Constitución, división de poderes, a participación cidadá, as institucións democráticas.
- A participación política democrática: o proceso e os sistema electora. Os partidos políticos.

Procedementos

- Lectura e interpretación de textos.
- Comparanza entre textos con información diverxente.
- Análise de datos estatísticos

Actitudes

- Valoración da democracia e a participación política como un logro para a sociedade galega e española.
- Comprensión cara os puntos de vista dos demais e manifestación, con corrección das propias.

XIII.- EUROPA E A UNIÓN EUROPEA

Contidos

Conceptos

- A organización político-territorial de Europa: o continente europeo.
- A poboación europea: as tendencias da demografía europea.
- A agricultura europea.
- A industria e os servizos en Europa.
- A formación da Unión Europea.
- Presente e futuro da UE
- Galiza na Unión Europea.

Procedementos

- Elaboración e análise de mapas temáticos.
- Elaboración e análise de gráficas e estatísticas.
- Busca e análise de información en Internet.

Actitudes

- Valoración da U.E. como un feito positivo para España e Galiza que contribuíu ao seu desenvolvemento.

XIV.- A ORGANIZACIÓN POLÍTCA E TERRITORIAL DE ESPAÑA E DE GALICIA

Contidos

Conceptos

- A organización política de España: unha democracia, unha monarquía parlamentaria.
- A organización territorial de España: os municipios, as provincias, as Comunidades Autónomas.
- A Comunidade Autónoma de Galiza: orixe, institucións autonómicas.
- A organización territorial de Galiza: parroquias, comarcas, provincias.
- Os desequilibrios demográficos entre as comunidades autónomas.
- Os desequilibrios económicos.
- Os desequilibrios económicos en Galiza.

Procedementos

- Análise de táboas estatísticas.
- Lectura e interpretación de textos.
- Lectura e interpretación de mapas temáticos
- Lectura, interpretación e contraste de informacións de prensa e Internet.
- Análise e interpretación de fotografías.

Actitudes

- Valoración da consecución da democracia en España e Galiza como un gran logro.
- Valoración positiva da consecución da autonomía para Galiza.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Valorarase que o alumnado:

- Identifica os principais axentes e institucións económicas así como as funcións que desempeñan no marco dunha economía cada vez máis interdependente, e aplica este coñecemento á análise e valoración crítica dalgunhas realidades actuais.
- Caracteriza os principais sistemas de explotación agraria e pesqueira existentes no mundo, e as paisaxes ás que dan lugar, localizando algúns exemplos representativos dos mesmos, e utiliza esa caracterización para analizar algúns problemas do campo e da pesca español e galego.
- Comprende e describe as transformacións que nos campos das tecnoloxías, da organización empresarial e da localización se están producindo nas actividades, espazos e paisaxes industriais, localizando e caracterizando os principais centros de produción no mundo, España e Galicia, e analizando as relacións de intercambio desigual.
- Identifica o desenvolvemento e a transformación recente das actividades terciarias, para entender os cambios que se están producindo tanto nas relacións económicas como sociais, e analiza as súas diversas repercusións espaciais, en particular no ámbito galego.
- Describe algún caso, con preferencia do ámbito galego, que mostre as consecuencias medio ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais e colectivos, recoñecendo as formas de desenvolvemento sostible e aportando algún exemplo de medidas correctoras, así como de acordos e políticas para frear o deterioro do medio ambiente.
- Identifica e localiza os principais países e áreas xeoeconómicas e culturais do mundo, os estados europeos, e as comunidades autónomas de España, coñecendo a estrutura da Unión Europea e a organización político-administrativa e territorial galega e española.
- Comprende os rasgos xeográficos comúns e diversos que caracterizan o territorio español e galego, e explica a súa organización e os contrastes internos a partir do papel dos principais centros e eixes de actividade económica e de comunicación, en canto vertebradores do espazo.
- Analiza indicadores socioeconómicos de diferentes países para comprender os conceptos de desenvolvemento humano e de estado de benestar, e recoñecer desequilibrios na súa distribución e a dos recursos, explicando algunhas das súas causas e consecuencias, e amosando sensibilidade ante as desigualdades.
- Analiza algún exemplo representativo das tendencias migratorias na actualidade, identificando as súas causas e relacionándoas co proceso de globalización, así como as consecuencias para os países receptores e emisores, e manifestando actitudes de solidariedade no enxuizamento deste fenómeno.

- Utiliza fontes diversas para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para isto as posibilidades que ofrecen as TICs.
- Participa en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumnado, argumentando as propias opinións e manifestando actitudes de solidariedade.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A cualificación dos alumnos en cada trimestre é resultado das cualificacións das probas escritas, do traballo na aula e da actitude cara á asignatura e os compañeiros. Os aspectos conceptuais e procedimentais non superados poden ser recuperados en probas extraordinarias orais e escritas, mentres que as carencias actitudinais só poden ser recuperadas cun cambio de actitude positivo na aula. O mesmo criterio rexe para as probas extraordinarias de setembro.
- Cada avaliación ven asociada a unha ou dúas probas escritas (puntuadas sobre 10). Na cualificación da avaliación terase en conta o resultado de ditas probas escritas, a participación e actitude na aula e a aportación de traballos escritos e orais voluntarios e obrigatorios. Os alumnos que non superasen as probas escritas terán dereito a unha recuperación que, si acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos e a participación e actitude do alumno é positiva, supoñerá a proposta de promoción a Xunta Avaliadora no que respecta a asignatura de CC.SS. A proba de setembro réxese polos mesmos criterios.
- Por traballo, enténdese as actividades que se realicen na clase e as tarefas na casa. O profesor/ra, terá en conta este traballo persoal, con especial relevancia do extraescolar, de xeito que, se un alumno/a, aínda sen abandona-la asignatura, amosa apatía e escaso interese sistemático para a súa realización poderá ser penalizado/a cunha diminución na súa cualificación de ata un 25%.
- Por actitude, enténdese a atención, o esforzo por progresar e o respecto ó profesor e ós compañeiros.
- Dado o carácter da asignatura, realizaranse probas, escritas ou orais, nas que o alumnado deba amosar o seu coñecemento xeográfico localizando en mapas mudos determinados estados ou accidentes xeográficos. A superación ou non superación destas probas influirá na cualificación de cada avaliación. Nalgúns casos, se o alumno ou alumna amosase un total desinterese pola superación destas probas elo condicionará a cualificación da avaliación, independentemente da proba ou probas teóricas de cada avaliación.
- Na cualificación terase en conta a expresión axeitada do alumno, tanto léxica como ortográfica, podendo afectarlle, negativamente, ata un máximo dun punto. Tamén se terá en conta a actitude do alumno, cara os seus compañeiros, cara a asignatura e cara o profesor ou profesora.

A profesora Dona Josefa López Rivas de conformidade co establecido no artigo 97 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, propón a seguinte variación con respecto á programación conxunta do Departamento Didáctico de Xeografía e Historia, a aplicar no presente curso académico 2007-08 nos grupos C e D de 3º curso da ESO, aos que imparte docencia.

A cualificación de cada avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Apartados	Instrumentos de Avaliación	Observacións	Ponderación
A	Probas Escritas (exames).	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos. A nota de este apartado será a media das cualificacións obtidas.	70%
B	Exercicios:(Actividades realizadas na aula ou na casa, así como, de ser o caso, actividades complementarias).	Cada exercicio valorarase de 0 a 10 puntos A nota de este apartado será a media das cualificacións obtidas.	20%
C	Cadro de observación e rexistro de incidencias da actitude do alumno na aula e, de ser o caso, nas actividades complementarias.	O profesor valorará de 0 a 10 ao longo de cada avaliación os seguintes aspectos: Interese, participación, traballo en equipo e ortografía. A nota de este apartado será a media das cualificacións obtidas en cada un dos aspectos.	10%

A imposibilidade de cualificar ao alumnado por causas xustificadas nos apartados B e/ou C incrementará na correspondente porcentaxe a cualificación do apartado A.

A superación da materia producirase pola obtención dunha cualificación igual ou superior a 5 puntos nas tres avaliacións. Polo que se programarán ao longo da segunda e terceira avaliacións probas e actividades de recuperación, así como unha proba de recuperación final.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

Nas probas de setembro, que teñen un carácter extraordinario, valoraranse nas cualificacións os seguintes aspectos:

- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.
- Para superar positivamente esta proba extraordinaria débese acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.
- O alumno deberá amosar un coñecemento MÍNIMO dos contidos conceptuais e procedimentais de TÓDALAS AVALIACIÓNS. Débense, polo tanto, desenvolver equilibradamente tódolos aspectos da proba xa que esta referirase ás unidades didácticas traballadas durante todo o curso.

B.II.- CUARTO CURSO DA E.S.O.

OBXECTIVOS DE 4º DA ESO

- Identifica-la pluralidade das comunidades sociais e promover un sentimento positivo de pertenza, rexeitando as discriminacións existentes por razón de nacemento, raza, sexo, relixión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Resolver problemas e levar a cabo estudios e pequenas investigacións aplicando as técnicas e procedementos básicos das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, empregando con precisión e rigor o vocabulario específico para explica-las causas e as consecuencias.
- Utiliza-las imaxes e as representacións cartográficas para situar e explicar feitos históricos, con especial atención ó territorio español, e tamén para obter información histórica.
- Analizar con sentido crítico os trazos básicos de sociedades e pobos da Idade Moderna e da Idade Contemporánea a través das fontes propias da historia (textos da época, análises historiográficas, ilustracións, obras de arte, películas, etc.).
- Identificar e localizar no tempo e no espacio os procesos e os acontecementos relevantes da Historia Moderna e Contemporánea, co fin de adquirir unha perspectiva global da evolución histórica da Humanidade.
- Comprende-la interrelación dos factores multicausais que explican a evolución das sociedades humanas, así como o papel desempeñado nese proceso por colectividades e grandes personalidades, evitando unha visión reduccionista da historia, especialmente a androcéntrica e a eurocéntrica.
- Percibir dentro da evolución histórica as nocións de cambio e permanencia, distinguindo os procesos de longa duración dos ritmos acelerados.
- Adquirir unha memoria histórica que permita elaborar unha interpretación persoal do mundo, a través duns coñecementos básicos tanto de Historia Universal, como de Historia de España, respectando e valorando os aspectos comúns e os de carácter diverso, co fin de facilita-la comprensión da posible pertenza simultánea a máis dunha identidade colectiva.
- Coñecer e utilizar de forma crítica as tecnoloxías da información e da comunicación, no nivel correspondente, como un medio para aumenta-lo coñecemento da realidade, pero tamén da investigación histórica.
- Valorar e respecta-lo patrimonio histórico, lingüístico, cultural e artístico, asumindo as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
- Potencia-los valores de tolerancia e solidariedade, mediante o coñecemento dos feitos e sucesos das distintas etapas históricas e da diversidade xeográfica e cultural.
- Sensibilizarse ante as situacións de marxinación e desigualdade que afectan a persoas, grupos sociais e pobos, tanto ó longo da historia como na actualidade.
- Realizar tarefas en grupo e participar en discusións e debates cunha actitude constructiva, crítica e tolerante, valorando a discrepancia e o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas.

CONTIDOS MÍNIMOS DE 4º DA ESO

I. A IDADE MODERNA.

I.1. O NACEMENTO DO ESTADO MODERNO. -Os Reis Católicos: os fundamentos do Estado moderno. Fundamento teórico do autoritarismo real: Maquiavelo.-Os efectos da política centralizadora e unificadora dos Reis Católicos en Galicia.-A expansión europea: a integración das illas Canarias e o Descubrimento de América. A importancia económica do Descubrimento: o comercio triangular. Principais productos de exportación e de importación.

I.2. RENACEMENTO E REFORMA.-Humanismo e crise relixiosa. Personaxes destacados do Humanismo e a súa contribución. Lutero e o protestantismo. Diferencias entre a súa doutrina e a da Igrexa católica.-A Europa de Carlos V. A perda do poder da nobreza galega e o papel secundario de Galicia no contexto da monarquía hispánica. O voto galego en Cortes.-A monarquía hispánica de Felipe II. Cambios territoriais en tempos dos Austrias maiores.

I.3. A EUROPA DO BARROCO.-A crise demográfica e social. A estructura social e política de Galicia.-Transformacións económicas: o mercantilismo.-Transformacións políticas: o absolutismo. O fundamento teórico do absolutismo: Hobbes, Bossuet.A crítica teórica contra o absolutismo: Locke.-A Europa de Westfalia.-O século de ouro español. O barroco galego.

I.4. O SÉCULO DAS LUCES. A Ilustración. A crítica do Antigo Réxime. Ilustrados máis destacados polas súas críticas contra o absolutismo. Xustificacións das súas teorías.-O despotismo Ilustrado e o parlamentarismo inglés.-O reformismo borbónico en España e América.O caso galego. Mapa da configuración administrativa da monarquía hispánica no século XVIII.

II.- A IDADE CONTEMPORÁNEA.

II.1. A REVOLUCIÓN FRANCESA. A EUROPA NAPOLEÓNICA. RESTAURACIÓN E REVOLUCIÓNS LIBERAIS.-A Europa napoleónica e a da Restauración: mapa comparativo.-A independencia dos EE.UU e da América española. Líderes e a súa contribución no proceso independentista norteamericano. Mapa do proceso independentista da América española.

II.2. A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.-As transformacións económicas e sociais. O auxe da burguesía e o nacemento do proletariado. Contrastes entre a vida e os costumes da burguesía e do proletariado.-Lento crecemento económico e sociedade de base agraria en Galicia. Dous enclaves industriais en Galicia: Ferrol e Sargadelos.-O movemento obreiro. O movemento ludista en Galicia. Outras formas de protesta proletaria en Galicia e as súas repercusións.

II.3. ESPAÑA NO SÉCULO XIX -Crise do Antigo Réxime: guerra e revolución.-A construcción do Estado liberal: o reinado de Isabel II. Fundamentos teóricos do liberalismo político. As novas organizacións administrativas de España e de Galicia. Representación cartográfica.-Aparición do pensamento liberal en Galicia.O pronunciamento.-O sistema da Restauración e a crise de final de século. O caciquismo en Galicia.-Arte e cultura do século XIX.-O Rexurdimento galego.

II.4. A ÉPOCA DO IMPERIALISMO.-Nacionalismo e a expansión colonial. Representación cartográfica da expansión colonial.-O galeguismo: rexionalismo e nacionalismo.-A I Guerra Mundial. Eixe cronolóxico dos acontecementos bélicos da contenda. A Paz de París. O novo mapa europeo: diferencias co mapa de 1914.-A cultura europea no s. XIX: do Romanticismo ó Impresionismo.

II.5.PERÍODO DE ENTREGUERRAS.-A Revolución rusa.-A Gran Depresión.-Ascenso do totalitarismo. Analoxías e diferencias entre o nazismo e o fascismo.-Arte e cultura do s. XX. As Vangardas.

II.6.ESPAÑA NO PRIMEIRO TERCIO DO S. XX. -O reinado de Alfonso XIII. O agrarismo en Galicia.-A II República. O proceso estatutario: o Estatuto do 36. Análise comparativa co actual.-A Guerra civil. Eixe cronolóxico e principais feitos bélicos.

III.- O MUNDO ACTUAL.

III.1.A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUENCIAS.-Eixe cronolóxico e principais feitos da contenda. Modificacións territoriais en 1945.-A nova orde internacional. A ONU.-A Guerra Fría e a descolonización. Comparación ideolóxica e institucional dos bloques. Mapas representativos dos principais conflictos da Guerra Fría.

III.2.O MUNDO OCCIDENTAL.-A hexemonía dos EE.UU.-A construcción da unidade europea. Evolución cronolóxica do proceso integrador.

III.3. O MUNDO COMUNISTA.-A URSS e as democracias populares.-Situación da Europa do Leste. Modificacións territoriais trala caída do comunismo.-China: do maoísmo á actualidade.

III.4.ESPAÑA DURANTE O FRANQUISMO.-Réxime político e relacións internacionais.-Evolución económica e social. A emigración galega.-A oposición ó franquismo. O caso galego.

III.5.A ESPAÑA DEMOCRÁTICA.-A transición. A Constitución de 1978 e o Estado das Autonomías. Nova división territorial.-O Estatuto de autonomía.-Os gobernos democráticos e a integración europea.O impacto da integración en Galicia.-Eixe cronolóxico dos principais feitos políticos desta etapa. Análise dun proceso electoral a nivel galego ou estatal.

IV.ACTITUDES, VALORES E NORMAS.-Sensibilidade e preocupación polo rigor e obxectividade na busca e interpretación da información histórica.-Valoración dos vestixios do pasado e disposición a actuar de maneira favorable á súa conservación.-Valoración positiva da súa propia lingua como vehículo imprescindible no desenvolvemento da identidade persoal.-Tolerancia, respecto e valoración crítica de épocas e sociedades distintas da propia, valorándoas como elementos enriquecedores da existencia colectiva da sociedade.-Curiosidade por indagar na orixe das tensións e dos conflictos no mundo contemporáneo.-Valoración dos dereitos humanos como unha conquista histórica.-Interese por coñecer obras artísticas de épocas distintas para desenvolve-lo gusto estético persoal.-Respecto polo patrimonio cultural da propia comunidade e interese pola súa conservación.-Toma de conciencia da responsabilidade colectiva na conservación da paz mundial fronte a calquera ameaza.-Sensibilidade ante os problemas sociais derivados das situacións de desigualdade. Solidariedade e rexeitamento de toda discriminación por razón de idade, xénero, etnia, relixión, nacionalidade, etc., e participación na defensa dos dereitos fundamentais das persoas

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

CONTIDOS CONCEPTUAIS

BLOQUE I : A IDADE MODERNA:

I UNIDADE DIDÁCTICA: O NACEMENTO DO ESTADO MODERNO

- Os Reis Católicos: os fundamentos do Estado Moderno. Fundamento teórico do autoritarismo real: Maquiavelo.
- Os efectos da política centralizadora e unificadora dos Reis Católicos en Galicia.
- A expansión europea: a integración das illas Canarias e o Descubrimento de América. A importancia económica do Descubrimento: o comercio triangular. Principais productos de importación e exportación.

II UNIDADE DIDÁCTICA: RENACEMENTO E REFORMA

- Humanismo e crise relixiosa. Personaxes destacados do Humanismo e a súa contribución. Lutero e o protestantismo. Diferencias entre a súa doutrina e a da Igrexa católica.
- A Europa de Carlos V. Galicia no século XVI.
- A monarquía hispánica de Filipe II. Cambios territoriais en tempos dos Austrias Maiores.

III UNIDADE DIDÁCTICA: A EUROPA DO BARROCO

- A crise demográfica e social. A estructura social e política de Galicia.
- Transformacións económicas: o mercantilismo.
- Transformacións políticas: o absolutismo. O fundamento teórico do absolutismo: Hobbes, Bossuet. A crítica teórica contra o absolutismo: Locke.
- A Europa de Westfalia.
- Século de Ouro español. O Barroco galego.

IV UNIDADE DIDÁCTICA: O SÉCULO DAS LUCES

- A Ilustración. A crítica do Antigo Réxime. Ilustrados máis destacados pola súa crítica ó absolutismo. Xustificación das súas teorías.
- O Despotismo Ilustrado. E o parlamentarismo inglés.
- O reformismo borbónico en España e América. O caso galego. Estudio da configuración administrativa da monarquía hispánica no século XVIII.

BLOQUE II: A IDADE CONTEMPORÁNEA:

I UNIDADE DIDÁCTICA: A REVOLUCIÓN FRANCESA. A EUROPA NAPOLEÓNICA. RESTAURACIÓN E REVOLUCIÓNS LIBERAIS

- A Europa napoleónica e a da Restauración. Os cambios no mapa europeo.
- A independencia dos EE.UU. e da América española: principios inspiradores, causas próximas e proceso independentista. O novo mapa político de América.

II UNIDADE DIDÁCTICA: A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

- As transformacións económicas e sociais. O auxe da burguesía e o nacemento do proletariado. Contrastes entre as formas de vida entre o proletariado e a burguesía.
- Os ensaios de industrialización en España (Barcelona, Biscaia) e en Galicia (Ferrol e Sargadelos).
- O movemento obreiro: as primeiras formas de reivindicación obreira e o nacemento dos partidos e sindicatos obreiros.

III UNIDADE DIDÁCTICA: ESPAÑA NO SÉCULO XIX

- Crise do Antigo Réxime: Guerra da Independencia e Revolución liberal.
- A construcción do Estado liberal doutrinario: o reinado de Isabel II. Fundamentos teóricos do liberalismo político. As novas organizacións administrativas de España

e de Galicia: A nova organización provincial e o uniformismo legal. A aparición do pensamento liberal en Galicia. O pronunciamento.

- O liberalismo democrático e as novas fórmulas de articulación do Estado: o Sexenio Revolucionario.
- O sistema da Restauración e a crise do sistema. O caciquismo en Galicia.
- Arte e cultura do século XIX. O Rexurdimento galego.

IV UNIDADE DIDÁCTICA: A ÉPOCA DO IMPERIALISMO

- Nacionalismo e a expansión colonial. As potencias imperialistas e as súas áreas de influencia no mundo. Representación cartográfica das áreas de expansión.
- O galeguismo: rexionalismo e nacionalismo.
- A Primeira Guerra Mundial. Eixe cronolóxico dos acontecementos bélicos da contenda. A Paz de París. O novo mapa europeo: diferencias co mapa de 1914.
- Arte e cultura en Europa no século XIX: do Romanticismo ó Impresionismo.

V UNIDADE DIDÁCTICA: O PERÍODO DE ENTREGUERRAS

- A Revolución Rusa.
- A Depresión do ´29.
- Ascenso dos totalitarismos: o movemento fascista e o nazi. Analoxías e diferencias.
- O ascenso dos EE.UU.
- Arte e cultura do século XX. As Vangardas.

VI UNIDADE DIDÁCTICA: ESPAÑA NO PRIMEIRO TERCIO DO SÉCULO XX

- O reinado de Alfonso XII. O agrarismo en Galicia.
- A II República. O proceso estatutario: o Estatuto do ´36. Análise comparativa co actual.
- A Guerra Civil: Causas, fases, consecuencias, participación internacional., evolución político-social das dúas Españas. Eixe cronolóxico e principais feitos bélicos.

BLOQUE III: O MUNDO ACTUAL:

I UNIDADE DIDÁCTICA: A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUENCIAS

- Causas, fases e consecuencias a curto prazo da Guerra. O novo mapa europeo.
- A nova orde internacional. A O.N.U.
- A Guerra Fría e o proceso descolonizador. Conflictos bélicos vinculados á Guerra Fría, áreas de influencia de cada superpotencia. A O.T.A.N. e o Pacto de Varsovia.

II UNIDADE DIDÁCTICA: O MUNDO OCCIDENTAL

- A hexemonía dos EE.UU.
- A construcción da unidade europea: do Tratado e Roma ó Tratado de Maastricht. Evolución cronolóxica.

III UNIDADE DIDÁCTICA: O MUNDO COMUNISTA

- A área de influencia da U.R.S.S.
- O modelo da China de Mao.
- O modelo da Iugoslavia de Tito.
- A desintegración do bloque comunista e a evolución política básica dos países que o integraban. Modificacións territoriais trala caída do Muro.

IV UNIDADE DIDÁCTICA: ESPAÑA DURANTE O FRANQUISMO

- Fases do modelo político. Evolución do modelo de relacións internacionais.
- Fases na evolución económica e social. A emigración galega.
- A oposición ó franquismo no interior e no exterior. O caso galego.
- A cultura durante o franquismo.

V UNIDADE DIDÁCTICA: A ESPAÑA DEMOCRÁTICA

- A Transición Política e a Constitución do ´78. O Título VIII da Constitución e o seu desenvolvemento.
- O Estatuto de autonomía galego.
- A integración nos organismos internacionais: O.T.A.N. e C.E. Consecuencias. o impacto da integración en Galicia.
- Trazos esenciais das diferentes accións lexislativas e de goberno na época democrática en España e Galicia.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Comentario de textos de forma oral e escrita. Comentario comparativo de textos de diferente natureza e autores pero co mesmo tema de fondo.
- Traballo con mapas conceptuais, gráficos e láminas.
- Esquemas comparativos de diferentes modelos de organización política, social e económica.
- Análise de diversos mapas históricos.
- Análise de sucesos da actualidade que poidan vincularse a herdanza de momentos históricos estudiados.
- Utilización de fragmentos de películas e documentais que axuden a entender unha determinada fase histórica.
- Resolución de cuestións plantexadas polo profesor ó longo da clase e polos autores do libro de texto.
- Elaboración de pequenos traballos de investigación histórica no ámbito da familia e da bisbarra.
- Elaboración dunha pequena exposición sobre obxectos da vida cotiá da primeira metade do século XX en comparación cos actuais.
- Elaboración de eixes cronolóxicos.
- Comentario básico de láminas de obras de arte.
- Comentario de fotografías.
- Lectura de biografías de persoeiros salientables en cada período histórico.
- Análise dun proceso electoral a nivel galego ou estatal. (Eleccións autonómicas).
- Análise do desenvolvemento dun referendum: O referendum sobre a Constitución europea.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Sensibilidade e preocupación polo rigor e a obxectividade na busca e interpretacións da información histórica.
- Valoración dos vestixios do pasado e disposición a actuar de maneira favorable a súa conservación.
- Tolerancia, respecto e valoración crítica de épocas e sociedades distintas da propia, valorándoas como elementos enriquecedores da existencia colectiva, prescindindo de apriorismos e explicacións simplistas.
- Curiosidade por indagar na orixe das tensións e dos conflictos no mundo actual. Valora-la situación actual no mundo como producto da historia.
- Valoración dos dereitos humanos como unha conquista histórica.
- Valoración dos dereitos e benestar actuais como o producto do esforzo dos nosos antergos. Toma de conciencia dos privilexios asociados á vida no Primeiro Mundo.
- Interese por coñecer obras artísticas de épocas distintas para desenvolver o gusto estético e as implicacións políticas, económicas e sociais da obra artística.
- Respecto polo patrimonio cultural propio e interese pola súa conservación.
- Toma de conciencia dos seus deberes como cidadán.
- Rexeitamento de toda discriminación por razón de idade, xénero, etnia, relixión, nacionalidade...e participación activa na defensa dos dereitos fundamentais das persoas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase que o alumnado:

- Coñeza, analice e valore os cambios que no ámbito político, económico, social e intelectual, caracterizan ós derradeiros séculos en Europa e no mundo, relacionándoos cos propios da historia de España e Galicia.
- Distingue entre aspectos políticos, económicos, sociais e culturais; entre causas, manifestacións e consecuencias dun fenómeno; entre aspectos conxunturais e estructurais...
- Distingue claramente, no seu contexto, entre modelos sociais estamentais, de clases e modelos proletarios.
- Distingue claramente, no seu contexto, entre monarquía autoritaria, absoluta, parlamentaria; entre monarquía e república.
- Distingue, no seu contexto, entre Estado unitario, autonómico,federal, confederal; centralista e descentralizado.
- Distingue, no seu contexto, entre modelo económico mercantilista, librecambista, comunista, estado do benestar e neoliberalismo económico. Distingue entre os modelos económicos primarios exportadores, economías industriais e economías terciarizadas.
- Comprende a transcendencia política, económica, social e cultural do descubrimento e colonización de América.
- Comprende a interrelación de cambios políticos, económicos, sociais e culturais que preceden e acompañan á Revolución Industrial e as revolucións liberais. É quen de aplicar este modelo ó caso español e galego.
- Explica a multicausalidade de fenómenos como o imperialismo, a I e II Guerra Mundiais, a Crise do ´29, o auxe dos totalitarismos...
- Coñece e vincula fenómenos históricos da mesma época, recoñecendo as súas vinculacións.

- Explicar de forma ordenada e comprensiva as fases e consecuencias múltiples de fenómenos históricos.
- Comprende as profundas transformacións operadas despois da II Guerra Mundial, destacando a división do mundo en bloques e as características esenciais de cada un deles, o proceso de integración europea e os problemas derivados da descolonización.
- Identifica no presente algunhas consecuencias de feitos históricos estudiados.
- Recoñece os principios básicos e as institucións do sistema democrático actual.
- Analiza os cambios recentes no panorama político e económico mundial, identificando, valorando e debatendo de modo crítico os principais problemas.
- Redacta con corrección formal e precisión terminolóxica, e cunha ortografía adecuada ó nivel cursado. O profesorado poderá valorar negativamente, ata un punto máximo, a non consecución do alumno dos mínimos esixidos nestes aspectos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A cualificación dos alumnos en cada trimestre é resultado das cualificacións das probas escritas, do traballo na aula e da actitude cara á asignatura e os compañeiros. Os aspectos conceptuais e procedimentais non superados poden ser recuperados en probas extraordinarias orais e escritas, mentres que as carencias actitudinais só poden ser recuperadas cun cambio de actitude positivo na aula. O mesmo criterio rexe para as probas extraordinarias de setembro.
- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.
- Ó longo de cada trimestre os alumnos respostarán, a lo menos, a unha proba escrita na que deberán acadar a cualificación mínima de 5 puntos sobre 10. A cualificación de cada avaliación será o resultado das probas escritas ponderada positiva ou negativamente polas cualificacións dos exercicios e traballos orais e escritos, voluntarios e obrigatorios, polo grao de participación creativa do alumno na aula e pola actitude cara á asignatura e ós compañeiros. Cada avaliación leva asociada unha proba de recuperación de aspectos conceptuais e procedimentais, a recuperación no apartado actitudinal ten que demostrarse nun cambio de actitude na aula.
- Por traballo, enténdese as actividades que se realicen na clase e as tarefas na casa. O profesor/ra, terá en conta este traballo persoal, con especial relevancia do extraescolar, de xeito que, se un alumno/a, aínda sen abandona-la asignatura, amosa apatía e escaso interese sistemático para a súa realización poderá ser penalizado/a cunha diminución na súa cualificación de ata un 25%.
- Por actitude, enténdese a atención, o esforzo por progresar e o respecto ó profesor e ós compañeiros.
- Ó final do curso, os alumnos que non acadasen os obxectivos mínimos, terán que presentarse a unha proba final demostrativa do seu dominio dos aspectos conceptuais e procedimentais non superados; o resultado da proba será ponderado polo profesor en virtude das cualificacións actitudinais acumuladas ó longo do curso.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

Nas probas de setembro, que teñen un carácter extraordinario, valoraranse nas cualificacións os seguintes aspectos:

- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.
- Para superar positivamente esta proba extraordinaria débese acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.
- O alumno deberá amosar un coñecemento MÍNIMO dos contidos conceptuais e procedimentais de TÓDALAS AVALIACIÓNS. Débense, polo tanto, desenvolver equilibradamente tódolos aspectos da proba, xa que esta referirase ás unidades didácticas traballadas durante todo o curso.

OBRADOIRO DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS

Consciente do déficit emprendedor que padecemos, a Unión Europea vén promovendo o seu fomento instando os estados membros a crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras.

Os cambios habidos nos últimos tempos no mercado de traballo, os retos que supón o incremento dos movementos migratorios por todo o Planeta, exixen que o sistema educativo contribúa a dar aos novos mozos e mozas as ferramentas necesarias para enfrontar este novo mundo globalizado. Estas novas demandan unha nova forma de enfocar as finalidades da educación obrigatoria. A formación adquirida ao longo do ensino obrigatorio debe proporcionar aos nosos alumnos e alumnas os elementos necesarios para comprender e enfrontarse ao mundo actual, desenvolvendo competencias que os capaciten para resolver os problemas cos que se van enfrontar.

A Lei Orgánica de Educación recoñece como un dos seus principios inspiradores o compromiso decidido cos obxectivos educativos suscitados pola Unión Europea para os próximos anos. Entre eles, destaca a pretensión de que a educación contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica, capaz de lograr un crecemento económico sustentado, acompañado dunha mellora cuantitativa e cualitativa do emprego e dunha maior cohesión social. Así mesmo, recoñécese como máis necesario que nunca que a educación prepare a nosa mocidade xoves para un mundo cada vez máis cambiante, onde as tecnoloxías e as ciencias evolucionan a gran velocidade e que a educación facilite o tránsito da etapa da formación ao mundo do traballo e viceversa, nun proceso de aprendizaxe permanente.

O fomento do espírito emprendedor é recoñecido como unha competencia clave para enfrontar os cambios sociais e económicos que derivan da sociedade do coñecemento. Neste contexto, a LOE inclúe entre os fins do sistema educativo o desenvolvemento da capacidade dos alumnos para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor, a capacitación para a exercicio de actividades profesionais así como para a participación activa na vida económica. En concreto, na etapa da educación secundaria obrigatoria establécese como

finalidade a preparación dos alumnos e alumnas para a súa inserción laboral, prestándolle unha especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.

Así, Galicia introduce o fomento do espírito empresarial como un dos obxectivos que ten que acadar polo noso sistema educativo. Establécese a materia de Obradoiro de iniciativas emprendedoras coa finalidade básica de potenciar o desenvolvemento do espírito emprendedor dos alumnos e alumnas, así como relacionalos co realidade do seu contorno socioeconómico e produtivo.

O espírito emprendedor non debe considerarse só como un conxunto de calidades e habilidades co obxectivo de crear unha nova empresa, senón como unha actitude xeral ante a vida, que pode ser de utilidade tanto nas actividades profesionais, como na vida cotiá de calquera persoa. Baixo este enfoque, o concepto de espírito emprendedor debe incluír dous elementos diferentes: un concepto amplo de educación en actitudes e capacidades emprendedoras que incluirá o desenvolvemento de calidades persoais que potenciarán as habilidades dos alumnos; e un concepto específico de formación dirixido á elaboración e execución dun proxecto emprendedor, sexa baixo a forma de empresa, de cooperativa, de asociación. Esta será a orientación que presida o deseño desta materia.

COMPETENCIAS BÁSICAS

En canto á competencia en comunicación lingüística, a materia exixirá dos alumnos que utilicen as diversas formas da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. Os alumnos e as alumnas veranse obrigados a expresar pensamentos, a xerar ideas, formarse xuízos críticos, a dialogar, a organizar a información (tanto a propia como a xerada por outros). Así mesmo, a materia préstase a que os alumnos desenvolvan as capacidades lingüísticas orais, expoñendo as ideas, presentando proxectos e produtos, promocionándoos e relacionándose cos potenciais clientes e provedores.

A materia contribúe á competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico en canto incorpora habilidades para desenvolverse axeitadamente na comprensión de sucesos e na predicción das consecuencias das nosas actividades. Por outra banda, as capacidades desenvolvidas con esta materia facilitarán que os alumnos e alumnas poidan interpretar o mundo tendo unha correcta percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade económica humana. As consecuencias no medio físico da actividade levada a cabo polas empresas serán outro aspecto destacable como resultado dos contidos traballados na materia, promovendo un uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio, o consumo racional e a protección da saúde individual e colectiva como un dos fins que deberá guiar a actividade empresarial.

A materia Obradoiro de iniciativas emprendedoras contribúe dun xeito especial á consecución da competencia dixital e do tratamento da información. Os alumnos veranse obrigados a buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento.

A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación serán un elemento imprescindible para o desenvolvemento da materia. Así mesmo, contribuirase ao desenvolvemento da capacidade dos alumnos e as alumnas para transformar a gran cantidade de información que as novas tecnoloxías poñen á nosa disposición en coñecemento útil, facilitando que os alumnos poidan resolver problemas tanto propios como alleos: detectar necesidades insatisfeitas, ofertar produtos novidosos ao mercado, utilizar as novas tecnoloxías para a promoción e as vendas dos produtos.

A conexión da materia co desenvolvemento da competencia social e cidadá é enorme. A presenza das empresas como elemento fundamental da actividade económica é incuestionable. A través das capacidades desenvolvidas na nosa materia, os alumnos adquirirán conciencia da

importancia do papel coordinador das empresas, e do asociacionismo en xeral, axudándoos a comprender a realidade social e económica do mundo en que viven. Desenvolverán habilidades sociais relativas á xestión de conflitos e á necesidade de negociación presentes en calquera organización social (e a empresa non deixa de selo). Asumirán que a actividade económica e empresarial ten unha dimensión ética e unha responsabilidade social cada vez máis ineludibles. Así mesmo, os alumnos e as alumnas comezarán o exercicio da súa cidadanía achegándose ao contacto coa lexislación económica e laboral, ao coñecemento e exercicio dos dereitos e deberes dos cidadáns, partindo da dobre dimensión de patróns e traballadores.

As empresas deben coñecer e respectar esas diferenzas e ofrecer diferentes posibilidades e alternativas que satisfagan os potenciais clientes. Por outro lado, as necesidades de deseñar (logos, imaxes de marca, envases, campañas de publicidade) contribuirán a desenvolver as capacidades artísticas, de iniciativa, imaxinativas, o fomento da creatividade en suma, dos nosos alumnos.

O Obradoiro de iniciativas emprendedoras contribúe á competencia para aprender a aprender fomentando a adquisición por parte do alumnado da conciencia das propias capacidades, do que pode facer un por si mesmo e do que se pode chegar a facer coa axudas dos demais. Alumnos que en ocasións desconectan dos contidos educativos máis académicos e tradicionais, conseguen contactar co sistema a través de materias como esta que teñen un forte carácter práctico e que lles permiten desenvolver a competencia persoal, que os estimula e os motiva, fomentando a confianza en si mesmo e o gusto por aprender. Contribúe tamén a que tomen conciencia de que as capacidades das persoas son diferentes, de que cada un ten as súas, pero todas son válidas e de que xuntas poden chegar a producir xuntas bos resultados. Pon de manifesto a posibilidade de emprender proxectos persoais, dividíndoos en metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e vendo a necesidade de aplicar o esforzo á aprendizaxe de forma progresiva e realista.

No que toca á autonomía e iniciativa persoal, a nosa materia axuda os estudiantes a desenvolver a confianza en si mesmos e a motivación por actuar. Verán que todos temos ideas, como se poden seleccionar aquelas máis axeitadas e levalas á práctica. Contribúe a elevar a autoestima, a autocrítica e o coñecemento de si mesmo.

A necesidade de tomar decisións, de elixir cun criterio propio, calculando os riscos e avaliándoos para despois asumir as consecuencias das nosas decisións, serán capacidades que se desenvolvan nesta materia. O desenvolvemento de proxectos emprendedores contribúe a que os alumnos e as alumnas se habitúen a transformar as ideas en accións planificadas, propoñéndose obxectivos, planificando e deseñando, levando a cabo os proxectos e avaliándoos finalmente. tamén implica desenvolver habilidades relacionadas co liderado de proxectos, que inclúen a confianza nun mesmo, a empatía, o espírito de superación, a capacidade de organización. En suma, a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, responsabilidade e sentido crítico.

OBXECTIVOS

O desenvolvemento desta materia debe contribuír a lograr a adquisición das seguintes capacidades:

1. Comprender o concepto de empresa e da persoa emprendedora e valorar o seu papel como axente xerador de riqueza e motor económico.

2. Valorar a importancia do asociacionismo como fonte de dinamización social, e como un medio de sumar esforzos e compartir ideais.

3. Coñecer os trazos básicos das actitudes, calidades persoais e as capacidades que constitúen a base do espírito emprendedor.

4. Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción laboral.

5. Coñecer estratexias de xeración e maduración de ideas emprendedoras.

6. Definir os aspectos xerais e os elementos necesarios para levar a cabo un proxecto emprendedor, tendo sempre respecto polo medio.

7. Realizar actividades que contribúan a mellorar as capacidades de traballo en equipo, negociación, resolución de conflitos e planificación.

8. Desenvolver no alumnado a iniciativa persoal, a autoestima, a creatividade.

9. Buscar, seleccionar e interpretar información, utilizala de forma crítica e responsable de acordo co fin perseguido e comunicala de forma organizada e intelixible aos demais.

10. Empregar as novas tecnoloxías da información e a comunicación como ferramentas de traballo eficaces na vida cotiá.

11. Utilizar as linguas estranxeiras como medio de comunicación necesario no mundo globalizado actual.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Partimos dunha explicación dos contidos en clase polo profesor/ra con apoio dun libro para que o alumno poida realizar un traballo individual. Para a profundización nos conceptos e poder avaliar a comprensión dos mesmos en determinadas unidades traballarase con exercicios individuais tanto de repaso como de profundización.

Dende o principio de curso o alumno deberá utilizar os coñecementos adquiridos para aplicalos o seu proxecto empresarial tomando decisións e aportando solucións os problemas plantexados combinando traballo individual con decisións en grupo.

Ademais actividades tanto de profundización como de repaso ou recuperación en cada unidade didáctica que se levaron a cabo na medida en que o profesor as considere necesario para poder adaptalas os contidos a realidade do grupo e poder así alcanzar os contidos mínimos.

MÍNIMOS EXIXIBLES

1. Emprendedor a súa achega á comunidade como xeradora de riqueza.

2. Valorar positivamente o papel económico desenvolvido polos emprendedores como xentes económicos e dinamizadores sociais que engaden valor e xeran riqueza

3. Describir as características básicas do emprendedor, diferenciando as calidades persoais, as habilidades sociais e as habilidades directivas, separando as tres dimensións da acción emprendedor/ra (a individual, asocial e a directiva) e que comprendan que a actitude emprendedora é unha actitude vital que serve para calquera proxecto en que se trate de conseguir obxectivos e resultados, nun proceso de mellora constante.

3. Descubrir e identificar as capacidades e potencialidades propias e as características do contorno sociolaboral, para establecer obxectivos persoais e profesionais de futuro.

4. Formas de constituir unha empresa. Características de cada unha delas, ventaxas e inconvenientes, órganos de administración e xestión, responsabilidade dos socios fronte a terceiros, tipos de aportacións, representacións de capital e clases de socios.

5. Estudio das distintas formas xurídicas que se poden adoptar en España

6. Análise das vantaxes e inconvenientes de cada unha das formas xurídicas estudiadas. Escolla da forma xurídica mais axeitada ás características do/s empresario/s.

7. Estudio da responsabilidade dos socios fronte a terceiros polos actos realizados en nome da empresa. Compromiso do seu capital persoal

8. Estudio das distintas formas de representación do capital e dos distintos tipos de aportacións que poden face-los socios.

9. Estudio das clases de socios e principais características dos mesmos nos distintos tipos de sociedades.

10. Planificar e levar a cabo un plano de observación dunha empresa local e presentar a información de forma organizada e intelixíbel, incorporando xuízos propios e con referencias a exemplos e datos apropiados.

11.Elaborar un proxecto de creación de empresas, planificando o proceso que é necesario levar a cabo e avaliar a súa posibilidade económica, integrando os distintos coñecementos da materia, aplicándoos con creatividade para abordar un proxecto de iniciativa empresarial. A planificación debe recoller, tanto os aspectos económicos e financeiros como as formalidades legais de constitución, anticipando os diversos recursos e trámites necesarios.

CONTIDOS

BLOQUE 1. O EMPRENDEDOR

Contidos conceptuais

- O emprendedor e a xeración de ideas emprendedoras.
- A importancia da motivación por emprender:importancia económica e social do emprendedor.
- As habilidades do emprendedor. Calidades persoais. Habilidades sociais. Habilidades de dirección.
- Fontes de ideas. Como atopar ideas.
- Xeración e maduración das ideas para un proxecto emprendedor. A valoración da idea xerada.

Contidos procedementais

- Achegar formación, asesoramento, no momento en que sexan requiridos, para facilitar a transformación de ideas en proxectos de empresa, por unha parte, e habilitar ferramentas, servizos e instrumentos financeiros adecuados para apoiar a implantación das novas iniciativas empresariais, por outra.
- Consensuar as definicións mais usuais no mundo do emprendizaxe (p.e.: emprendedor; empresa de base tecnolóxica, ...)
- Identificar a normativa aplicable e puntos de mellora na mesma.
- A atención ao emprendedor: mecanismos de coordinación interterritorial e derivación entre distintas institucións.
- Elaboración dun mapa de recursos.
- Nesta sección expoñemos as ferramentas e servizos que pon o Igape a disposición dos emprendedores. Trátase fundamentalmente de actividades formativas de asesoramento e ferramentas informáticas que axuden ao emprendedor no seu camiño de facer realizable o seu proxecto.

- Tamén poñemos ao alcance multitude de documentación e fichas tipo que serven de guía para o desenvolvemento da actividade elixida: Guías de actividade empresarial; banco de ideas, etc.
- Todo proxecto de empresa desenvólvese ó redor dunha idea que aparece como consecuencia da detección dunha oportunidade de negocio. A maneira de dar coa idea acertada varía en función das circunstancias de cada persoa.
- Son moitos os factores que poden levar a unha persoa a inclinarse por un proxecto en concreto, non existe unha fórmula concreta. Non obstante, a repetición de certas circunstancias comúns nas empresas que se crearon lévanos a identificar as primeiras fontes de ideas empresariais, a maneira de realizalas e o obxectivo que se persegue para lograr o éxito.

Contidos actitudinais

- Interese polo uso preciso dos conceptos empresariais.
- Curiosidade intelectual pola metodoloxía.
- Predisposición para a aplicación práctica dos razoamentos abstractos e para a utilización imaxinativa e creativa dos coñecementos e dos conceptos manexados na análise da realidade.
- Actitudes sociais e éticas positivas respecto dos problemas tratados na materia.

BLOQUE 2. PLANIFICAR PARA EMPRENDER.

Contidos conceptuais

- A necesidade e a conveniencia de planificar.
- Importancia e utilidade dos plans.
- Elaboración do plan emprendedor.
- A concreción da idea.
- A presentación das persoas promotoras do proxecto.
- A forma xurídica elixida.
- Características do produto ofrecido.
- A quen vai dirixido.
- A difusión do proxecto.
- Como se vai desenvolver.
- Os recursos humanos necesarios.
- O financiamento necesario.

Contidos procedementais

- O plan de empresa é un documento no que o emprendedor expresa cómo quere converte-la súa idea en empresa.
- Achegar formación, asesoramento, no momento en que sexan requiridos, para facilitar a transformación de ideas en proxectos de empresa, por unha parte, e habilitar ferramentas, servizos e instrumentos financeiros adecuados para apoiar a implantación das novas iniciativas empresariais, por outra.
- Consensuar as definicións mais usuais no mundo do emprendizaxe (p.e.: emprendedor; empresa de base tecnolóxica, ...)
- Identificar a normativa aplicable e puntos de mellora na mesma.

- A atención ao emprendedor: mecanismos de coordinación interterritorial e derivación entre distintas institucións.
- Elaboración dun de recursos en internet.
- Planificar e levar a cabo un plano de observación dunha empresa local e presentar a información de forma organizada e intelixíbel, incorporando xuízos propios e con referencias a exemplos e datos apropiados.
- Elaborar un proxecto de creación de empresas, planificando o proceso que é necesario levar a cabo e avaliar a súa posibilidade económica, integrando os distintos coñecementos da materia, aplicándoos con creatividade para abordar un proxecto de iniciativa empresarial. A planificación debe recoller, tanto os aspectos económicos e financeiros como as formalidades legais de constitución, anticipando os diversos recursos e trámites necesarios
- Definición dunha metodoloxía de intercambio de información entre diferentes axentes de atención a emprendedores e de identificación unívoca dun proxecto emprendedor en todo o territorio.
- Definición dun protocolo estándar de atención a emprendedores que permita avaliar a calidade dos servicios prestados.
- financiamento de proxectos emprendedores
- ¿Cales son os elementos básicos do plan de empresa?
- O plan de empresa é un documento de análise, e como tal debe estar ó servicio da idea, por eso é polo que o seu contido adaptaráse ás necesidades de análise e presentación do proxecto empresarial.
- Orixe e contía dos fondos, describindo con carácter obrigatorio a xustificación da orixe dos fondos para financia-lo proxecto, que inclúa a xestión mediante autofinanciamento de, polo menos, un 30% do proxecto.
- A estructura da propiedade e capital da empresa que inclúa a relación de apoderados e futuros apoderados.
- O mercado. Definición do mercado. Características
- A comercialización do producto ou servicio.
- O proceso de producción ou de prestación do servicio.
- A localización da empresa
- Organigrama. Recursos humanos Postos de traballo que se van crear
- Plan económico-financeiro. Investimentos.

Contidos actitudinais

- Antes de redacta-lo documento é conveniente reparar nunhas preguntas básicas:
- ¿É necesario e útil o producto/servicio?
- ¿Hai suficiente capacidade para levar adiante o proxecto?
- ¿Pódese vende-lo producto/servicio?
- ¿É rendible o proxecto?
- ¿Hai suficientes recursos para poñer en marcha o proxecto?
- ¿Estamos preparados?
- alumno/a debe prestar atención a todas estas preguntas e participar dunha maneira activa na súa resposta.

BLOQUE 3. A POSTA EN MARCHA: A EXECUCIÓN DO PROXECTO.

Contidos conceptuais

- Formas xurídicas de empresa. As empresas de economía social: as cooperativas. As asociacións.
- Os trámites de constitución e as obrigas ante as diferentes administracións: mercantís, fiscais, sociais...
- As relacións co mundo laboral: selección de persoal, carta de presentación, currículo, entrevista de traballo.
- As axudas aos proxectos emprendedores.
- A memoria do proxecto.
- Conclusión do proxecto emprendedor: control do proxecto, avaliación e propostas de mellora.

Contidos procedementais

- Os aspectos formais do proxecto.
- Estudio e elección da forma xurídica.
- Patentes, marcas e licencias.
- Autorizacións, permisos, etc.
- Estatutos ou proxecto de estatutos.
- Estructura de dirección e xestión.
- A innovación Aspectos innovadores (orixe, obxecto e grao de cambio).
- Capacidade imitativa da competencia e grao de protección.
- Elementos de sustentabilidade da innovación.
- Organización de recursos e medios técnicos e humanos.
- Planificación temporal da posta en marcha.

Contidos actitudinais

- Participar nas tarefas concretas que irán sendo paulatinamente enumeradas
- Elaborar fichas.
- Participar nos discursos.
- Preparado para intuír demostrar que calquera, con ganas e esforzo, pode creala.

TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN 21 días de clase en 3º da ESO, 2 días para probas.

* O emprendedor e a xeración de ideas emprendedoras	3 clases
* A importancia da motivación por emprender:importancia económica e social do emprendedor.	3 clases
* As habilidades do emprendedor. Calidades persoais. Habilidades sociais. Habilidades de dirección.	4 clases
* Fontes de ideas. Como atopar ideas.	3 clases
* Xeración e maduración das ideas para un proxecto emprendedor.	5 clases
*A valoración da idea xerada.	3 clases

Contidos 16 clases
Exames e probas 2 clases

Total 18 clases

2ª AVALIACIÓN 16 días de clase en 3º da ESO, 2 días para probas.

* A necesidade e a conveniencia de planificar. Importancia e utilidade dos plans.	2 clases
*Elaboración do plan emprendedor.	3 clases
*A concreción da idea.	1 clases
* A presentación das persoas promotoras do proxecto	2 clases
* A forma xurídica elixida.	2 clases
* Características do produto ofrecido	1 clases
* A quen vai dirixido.	1 clases
* A difusión do proxecto.	1 clases
* Como se vai desenvolver.	1 clases
* Os recursos humanos necesarios.	2 clases
* O financiamento necesario	2 clases

Contidos 21 clases
Exames e probas 2 clases

Total 23 clases

3ª AVALIACIÓN 19 días de clase en 3º da ESO, 2 días para probas.

* Formas xurídicas de empresa. As empresas de economía social: as cooperativas. As asociacións.	4 clases
* Os trámites de constitución e as obrigas ante as diferentes administracións: mercantís, fiscais, sociais...	3 clases
* As relacións co mundo laboral: selección de persoal, carta de presentación, currículo, entrevista de traballo.	3 clases
* As relacións co mundo laboral: selección de persoal, carta de presentación, currículo, entrevista de traballo	2 clases
* As axudas aos proxectos emprendedores	2 clases
* A memoria do proxecto.	2 clases
*Conclusión do proxecto emprendedor: control do proxecto, avaliación e propostas de mellora	3 clases

Contidos 19 clases
Exames e probas 2 clases

Total 21 clases

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Recoñecer a importancia do espírito emprendedor e valorar a súa achega á comunidade como xeradora de riqueza.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas coñecen e valoran positivamente o importante papel económico desenvolvido polos emprendedores como xentes económicos e dinamizadores sociais que engaden valor e xeran riqueza á comunidade realizando unha tarefa que implica a asunción de riscos, anticipándose aos cambios e ás necesidades da sociedade.

2. Describir as características básicas do emprendedor, diferenciando as calidades persoais, as habilidades sociais e as habilidades directivas.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas recoñecen cales son as principais habilidades presentes nos emprendedores, separando as tres dimensións da acción emprendedor/ra (a individual, asocial e a directiva) e que comprenden que a actitude emprendedora é unha actitude vital que serve para calquera proxecto en que se trate de conseguir obxectivos e resultados, nun proceso de mellora constante.

3. Descubrir e identificar as capacidades e potencialidades propias e as características do contorno sociolaboral, para establecer obxectivos persoais e profesionais de futuro.

Pretende valorar a capacidade do alumnado para actuar de forma autónoma e tomar decisións sobre o seu futuro profesional de acordo co seu autocoñecemento e as posibilidades da súa realidade socioeconómica, aproveitando o seu potencial persoal e as oportunidades do seu contorno.

4. Precisar diversos procedementos para a xeración de ideas emprendedoras, así como distintos métodos para seleccionalas e facelas madurar.

Trátase de comprobar que os alumnos e alumnas asumen que existen técnicas específicas que axudan a desenvolver a creatividade e a detectar posibilidades

mesmo en contextos pouco propicios, e que valoran positivamente os efectos do seu desenvolvemento.

Comprobarase o desenvolvemento da proactividade como un xeito de actuar anticipándose aos problemas futuros, necesidades ou cambios, buscando detectar as oportunidades que ofrece o contorno.

5. Identificar a importancia da planificación dos proxectos emprendedores, coñecer os elementos fundamentais que a integran e desenvolver proxectos e iniciativas persoais e profesionais.

Preténdese que os alumnos e alumnas demostren a importancia que ten a planificación para calquera tarefa, asumindo que, antes de poñerse a actuar, compre reflexionar facendo un labor de deseño que actúe como guía da actividade que se vai emprender. Así mesmo, comprobarase que o alumnado coñece cales son as partes fundamentais en que debe estruturarse calquera acción planificadora e mostran hábitos de traballo individuais e cooperativos, asumen e responsabilízanse das tarefas encomendadas mostrando actitudes de perseveranza, autonomía e espírito de equipo.

6. Coñecer os trazos básicos das principais formas xurídicas de empresa e valorar especialmente os tipos de empresas de economía social.

Os alumnos e alumnas deben demostrar que recoñecen a importancia da forma xurídica dunha empresa e da súa elección, en que se diferencian unhas doutras

incidindo especialmente no relativo ás diferenzas en materia de responsabilidade e de obrigas contraídas.

Incidirase nas causas da especial valoración das empresas de economía social.

7. Describir os principais trámites de constitución e cubrir algúns dos documentos relacionados, facendo especial fincapé nos dereitos e obrigas laborais.

Verifícase que os alumnos e as alumnas coñecen os procedementos e documentos básicos de constitución e xestión dunha empresa ou asociación, incidindo na súa familiarización cos impresos e documentos relacionados co mundo laboral e fiscal (carta de presentación, currículo, instancia, nómina...), así como que son capaces de buscar e seleccionar información de forma obxectiva e crítica e de comunicala de forma razoada e correcta.

8. Valorar a importancia dos procesos de avaliación e das reflexións finais tras a execución dos proxectos.

Trátase de comprobar que os alumnos e as alumnas tomaron conciencia da necesidade de control que todo proxecto implica, que as avaliacións teñen un dobre enfoque como comprobación e como medio de detecciónsde erros e problemas co obxectivo final de mellorar.

9. Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de uso habitual e transmitir mensaxes escritas ou orais básicas nunha lingua estranxeira.

Trata de comprobar que os alumnos e as alumnas seleccionan as novas tecnoloxías axeitadas aos traballos que deben realizar e as utilizan con frecuencia e eficacia, ao mesmo tempo que asumen a realidade do mundo globalizado actual que exixe coñecer outras realidades culturais e económicas, o que nos obriga a interpretar e transmitir mensaxes básicas nunha lingua estranxeira.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación debe proporcionar información tanto ao profesorado como ao alumnado sobre o proceso da aprendizaxe, e debe, ao mesmo tempo, servir de base para levar adiante iniciativas para modificar ou mellorar o propio proceso de ensinanza e aprendizaxe. A avaliación non é un acto illado ao final dunha unidade didáctica ou do curso, senón un proceso de recollida constante de información, que nos permitirá emitir xuízos cos que cualificar unha actuación e tomar as decisións correspondentes.

Os instrumentos que utilicemos deben valer para comprobar o grao de aprendizaxe, ao mesmo tempo que coñecer o non aprendido e determinar o por qué.

O obxectivo da avaliación formativa non é tanto certificar o nivel de coñecementos do alumnado, senón máis ben servir de axuda tanto aos alumnos e alumnas como ao profesorado a reconducir esforzos, en caso necesario, a fin de conseguir un dominio total dos obxectivos programados. Como unha norma importante a seguir os criterios que empreguemos na avaliación deben ser coñecidos previamente polos nosos alumnos e alumnas.

As actividades de avaliación deben ser acordes co que se realizou durante o proceso de ensinanza e aprendizaxe, e deben recorrer toda a gama de contidos desenvolvidos na unidade ou no curso. Segundo isto é necesario propor e desenvolver actividades de avaliación referidas a feitos (que implican memorización, relación con outros contidos...), a conceptos (coñecementos, comprensión, ser quen de transferir a outra situación un método ou caso, probas que impliquen a actividade intelectual do alumno ou alumna...), a procedementos (habilidades na resolución de problemas, cálculo de variábeis, construcción de gráficos, elaboración de táboas, uso da información, realización de guións ou esquemas...), a actitudes (colaboración nos traballos, desenvolvemento de opinións críticas, participación nas tarefas colectivas, colaboración no bo funcionamento e desenvolvemento da clase...).

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Cuestionarios, son útiles para:

- Indagar ideas previas.
- Contrastar marcos conceptuais de inicio e final.
- Probas obxectivas escritas

Durante o curso iremos propoñendo aos alumnos e alumnas unha serie de probas, que nos servirán para levar adiante unha avaliación formativa que, dado o nivel e os contidos que se manexan, van recaer fundamentalmente en traballos e exames. Todo este proceso debe proporcionarnos información non só dos pasos dados polos alumnos e alumnas, senón do propio proceso de ensinanza en si mesmo: se as actividades foron as necesarias, se o material proporcionado foi adecuado, se os programas de recuperación foron unha mera repetición do xa realizado, ou ben estiveron adaptados a cada alumno ou alumna segundo o tipo de carencia que tiña, e, por último, se o tempo dedicado ao desenvolvemento da unidade foi o preciso.

No caso de conceptos ou principios, pódese utilizar o método de pedir definicións ou o sistema de identificacións de obxectos ou situacións. Deben ser quen de facer exposicións, ben orais ou escritas nas que necesariamente se han relacionar entre si os conceptos de modo significativo (orde, conexións, comparacións, e deben ter un principio e un final), ademais de ser, á vez, un procedemento.

A avaliación de actitudes e valores e moi difícil, ten moito a ver coa capacidade persuasiva que o profesorado posúe e ten que ser recoñecida polos alumnos e alumnas como útil. De todas formas hai cosas medíbeis como son: a realización de xuízos reflexivos e sistematizados, o recoñecemento de valores positivos cara a certo tipo de comportamentos recoñecíbeis como desexábeis (funcionamento da clase, participación nos traballos, grao de cumprimento dos compromisos adquiridos, nivel de traballo en grupo).

A avaliación final ou sumativa ten como obxectivo o de clasificar, nivelar e certificar aos alumnos e as alumnas a respecto do grao de cumprimento dos obxectivos marcados na unidade ou no curso.Ao final, resumindo moito, supoñería coñecer se o rendementos dos alumnos e alumnas foi suficiente e satisfactorio.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

O exame con outros instrumentos de avaliación pode ser unha fonte de información útil para:

- Reproducir contidos conceptuais relevantes.
- Relacionar contidos próximos.
- Expresar opinións ou xuízos de valor.
- Aplicar contidos, especialmente procedementais.
- Resolver e formular problemas.

Probas que permiten valorar diversas actividades desde aprendizaxes de tipo elemental como coñecer: datas, sucesos, clasificacións, pasando por aprendizaxes de tipo superior, que supoñen procesos de descomposición-integración, é dicir, analizar e sintetizar.

Poderían consistir en:

- Elaboración de resumos, esquemas e gráficas conceptuais.
- Elaboración de sínteses.
- Preguntas nas que se pide desenvolver un tema concreto.

Este tipo de probas permite valorar a capacidade do alumno e alumna para a selección e organización das ideas principais dun tema traballado, a súa capacidade de análise e, en menor medida, o seu xuízo crítico.

Probas obxectivas

Son probas que se caracterizan pola súa brevidade, tanto na formulación da pregunta como na posíbel solución que está previamente determinada; son útiles para comprobar un amplo rango de tarefas de coñecemento e comprensión, e poden ser cualificadas con facilidade, sendo a súa interpretación exacta; en concreto para avaliar o coñecemento de datos, dominio da terminoloxía e precisión de conceptos.

Informes, proxectos...

Coa avaliación pretendemos premiar dalgún xeito todas as tarefas realizadas polos alumnos e alumnas, polo que consideraremos enormemente positiva a valoración do seu traballo

diario, a participación na clase, e mesmo a asistencia como unha forma máis de manterse motivado pola materia. Considérase importante salientar as tarefas en grupo, sen deixar de valorar as probas que se poidan desenvolver ao longo do curso, tratando, iso si, de comprobar a comprensión dos temas tratados na aula, que non a súa memorización.

- A cualificación dos alumnos en cada trimestre é resultado das cualificacións das probas escritas, do traballo na aula e da actitude cara á asignatura e os compañeiros. Os aspectos conceptuais e procedimentais non superados poden ser recuperados en probas extraordinarias orais e escritas, mentres que as carencias actitudinais só poden ser recuperadas cun cambio de actitude positivo na aula. O mesmo criterio rexe para as probas extraordinarias de setembro.
- Para a cualificación de cada avaliación teranse en conta, aparte das probas escritas puntuadas sobre 10, o traballo e a actitude do alumno cara a materia.
- Por traballo, enténdese as actividades que se realicen na clase e as tarefas na casa. O profesor/ra, terá en conta este traballo persoal, con especial relevancia do extraescolar, de xeito que, se un alumno/a, aínda sen abandona-la asignatura, amosa apatía e escaso interese sistemático para a súa realización poderá ser penalizado/a cunha diminución na súa cualificación de ata un 25%.
- Por actitude, enténdese a atención, o esforzo por progresar e o respecto ó profesor e ós compañeiros.
- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

Por reforzo educativo enténdese toda medida ordinaria de atención á diversidade que afecta á secuencia dos contidos, a forma e instrumentos de avaliación, á organización da aula, etc. É unha acción educativa específica, adicional ou complementaria, no marco de traballo na aula para atender dificultades de aprendizaxe, que non precisan doutras adaptacións curriculares máis profundas.

RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO

Actividades complementarias que consistan en entrega de materiais
Unha proba teórico e práctica con material de apoio.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

1. Explicación docente
2. Debates e discusión
3. Dinámicas de grupo

Outros recursos:
Xogos de aprendizaxe distribuídos pola Consellería de EOU.
CD, vídeos, e especialmente WEBs.
Prensa especializada e revistas.

PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS

Os temas transversais que a Lei establece, Educación para a Paz, Educación cívica, Educación para a saúde, Educación para igualdade dos sexos, Educación ambiental, sobre todo nesta asignatura terá especial importancia. Educación para o consumidor, por ser contidos que responden a unha demanda da sociedade, estarán presentes ao longo do curso fundamentalmente no sentido actitudinal e de valores. Serán traballados conxuntamente cos temas que, polas súas características, sexan máis acordes.

MEDIDAS DE ATENCION A DIVERSIDADE

Intentarase facer un esforzo para atender a cada alumno ou alumna da forma máis personalizada posíbel, tendo en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe, etc.

Naquelas ocasións en que sexa necesario realizaranse adaptacións curriculares, modificando material escolar, actividades, método, grupos de traballo, tempo e orde dos contidos e criterios de avaliación, aplicándoos de forma individualizada.

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que na maioría das veces se basean en soportes informáticos, escritos ou visuais. O uso do xornal e páxinas WEB segue a ser importante, dada a variedade da información que proporciona e a facilidade do seu manexo. Internet é unha fonte de información que cada vez se fará máis imprescindíbel para obter datos, ampliar informacións, contactar con organismos, etc.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

Realmente é moi difícil valorar unha asignatura eminentemente práctica cun exame. Pero decidiu facelo así, preguntando ós alumnos sobre a creación de empresas dun xeito teórico, para tentar ser o máis obxectivos posibles.

Nas probas de setembro, que teñen un carácter extraordinario, valoraranse nas cualificacións os seguintes aspectos:

- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a sintaxe, descontando por cada erro ortográfico e/ou sintáctico 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto por exame.
- Para superar positivamente esta proba extraordinaria débese acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

BACHARELATO

Entre os retos que enfronta o sistema educativo a comezos do novo milenio ocupa un lugar preferente o de concilia-las necesidades de formación dos xoves no uso das novas tecnoloxías coa práctica dos valores esenciais do Humanismo. Só a harmonización no currículo de ciencia, técnica e humanismo pode contribuír á formación de cidadáns responsables e conscientes dos seus dereitos e deberes coa sociedade e á defensa dos valores democráticos e dos dereitos humanos fronte á intolerancia.

CRITERIOS METODOLÓXICOS XERAIS

O bacharelato e unha etapa de ensinanza non obrigatoria que debe preparar ós alumnos para ós seus estudios profesionais especializados. A preparación non só debe ser estrictamente conceptual, senón que deberemos prepara-los para ser individuos responsables, autónomos, cidadáns de pleno dereito e conscientes dos seus deberes cívicos. O paso da E.S.O. a este modelo pode ser traumático para algúns deles, polo que se pretende que sexa o máis progresivo posible. Asimesmo, no BAC. o alumno xa decide a súa orientación académica, podendo elixir as asignaturas que mellor se acomodan ós seus intereses profesionais e vocación, por isto o nivel de esixencia da programación proposta ten que ser necesariamente máis alto, tanto nos aspectos conceptuais como nos procedimentais e actitudinais, e encamiñado, a lo menos, a que superen con facilidade as probas de acceso á universidade ou o ingreso nos ciclos formativos de grao superior.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias irán orientadas, sobre todo, ós alumnos de 2º de Bacharelato:

- Como outros anos plantéxase a realización dunha viaxe de gran interese para o alumnado destas idades. Coa viaxe a Madrid a parte da clara orientación didáctica, preténdese ampliar os horizontes dos alumnos, de maneira que poidan rastrear as pegadas do pasado, coñecer outras realidades dende tódolos puntos de vista, cultural e artisticamente. Sobre todo, na viaxe farase fincapé na visita aos Museos do Prado e do Thyssen, para que poidan ver in situ algunhas das obras maestras da pintura occidental, así como poñer en práctica algúns dos coñecementos adquiridos na clase de Historia da Arte. A viaxe plantexada iría adicada ós alumnos de Humanidades de segundo de Bacharelato.
- Para o alumnado do Bacharelato de Ciencias Sociais prográmase unha viaxe ao Lago de Sanabria (Zamora), o Parque Natural onde se ubica este lago, permitirá aos alumnos e alumnas observar in situ aqueles aspectos máis áridos da Xeografía, como son os relacionados coa Xeografía Física, e poderán relacionar os aspectos teóricos estudados nas aulas coa súa plasmación práctica.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

Nas probas de setembro, que teñen un carácter extraordinario, valoraranse nas cualificacións os seguintes aspectos:

- Terase en conta, como ó longo do curso, a ortografía e a expresión correcta, podendo valorarse negativamente, se o alumno comete fallos moi graves ou repetitivos, a razón de 0'1 por cada erro, ATA UN MÁXIMO DE 1 PUNTO.
- Para superar positivamente esta proba extraordinaria débese acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.
- O alumno deberá amosar un coñecemento MÍNIMO dos contidos conceptuais e procedimentais de TÓDALAS AVALIACIÓNS. Débense, polo tanto, desenvolver equilibradamente tódolos aspectos da proba, xa que esta referirase ás unidades didácticas traballadas durante todo o curso.
- En primeiro de Bacharelato, os alumnos deben amosar as destrezas suficientes que lles permitan realizar un comentario de texto sen preguntas, ademais das preguntas de teoría ou de definicións necesarias para amosar o coñecemento SUFICIENTE da materia.
- En segundo de Bacharelato seguiranse as orientacións dos Grupos de Traballo nesta materia. Como o curso, e as probas conseguintes están orientadas á superación da Selectividade, as probas de setembro basearanse en modelos da CIUG, de xeito que o alumno amose ser quen de desenvolverse na materia obxecto de exame.

ATENCIÓN A PENDENTES

O Seminario asume asemade a supervisión dos alumnos coa asignatura de Historia Contemporánea Universal pendente de 1º. As sesións de traballo levaranse a cabo os luns de 11'15 a 11'45 horas, e nestas breves reunións o profesor solucionará as dúbidas dos alumnos e recollerá traballos semanais (comentarios de texto, fundamentalmente) que, xunto coa proba escrita, marcarán a cualificación dos alumnos en cada unha das tres avaliacións.

TEMAS TRASVERSAIS

No traballo das ensinanzas transversais, e dos valores en xeral, é especialmente importante respecta-la liberdade do alumno e o seu ritmo de progreso, buscando sempre unha resposta libre e persoal.

As ensinanzas transversais teñen carácter de valor. A asunción dun valor como norma habitual de conducta require un proceso de aprendizaxe apropiado, nos propoñemos o seguinte:

- Achegamento ó valor, para coñecelo, descubrilo como tal e aprecialo.
- Escolla das crenzas e das conductas entre varias alternativas, despois dunha consideración das consecuencias, e adhesión a esas crenzas e conductas. Tanto a elección coma a adhesión deben realizarse libremente.
- Incorporación do valor na conducta, ata obrar habitualmente de acordo a el.

Os temas transversais que se tratarán no curso de Historia Contemporánea son os seguintes:

- Educación para a paz:
    - Delimita-lo concepto de paz máis aló da visión occidental herdada do termo "pax romana" (ausencia de conflictos bélicos), senón como termo oposto ó de violencia, onde a guerra só sería unha forma organizada de violencia.
    - Delimita-lo concerto de conflicto para consideralo como un proceso natural e consubstancial coa existencia humana en sociedade.

- Comprende-la interdependencia mundial entre os países e a mundialización dos problemas sociais, para reparar na súa complexidade.
- Formar unha identidade universal desde o respecto e a afirmación da diferencia de etnias culturas.
- Coñece-las bases éticas do sistema democrático , as súas características e os problemas de interiorización das regras do xogo democrático.
- Tomar decisións ante un conflicto, tendo en conta os puntos de vista e as necesidades de tódolos implicados.

- Educación para a saúde:
  - Considera-la saúde como estado de benestar xeral ó que todo ser humano ten dereito.
  - Coñecer , desde unha perspectiva histórica, a ampla gama de hábitos culturais relacionados coa saúde, a hixiénicos comportamentos sexuais...así como a evolución que se pode observar ó longo da historia.
  - Comprende-lo lecer desde unha perspectiva histórica como unha conquista social que deriva da diminución da xornada laboral e a disposición de máis tempo libre.
- Educación non sexista:
  - Comprende-la diferencia entre sexo e xénero.
  - Recoñece-los trazos sexistas que se atopan nas interpretacións dos feitos sociais e incorporar nos seus traballos e na súa vida cotiá unha visión non sexista.
  - Consolidar hábitos non discriminatorios na explicación dos procesos da historia.

PRIMEIRO DE BACHARELATO

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

INTRODUCCIÓN.

A comprensión do mundo actual, a través da análise e da valoración das súas realidades e dos antecedentes e factores que inflúen nelas, constitúe un dos obxectivos xerais do bacharelato. Precísase que os mozos tomen conciencia da súa propia dimensión humana e se sintan capaces de contribuír dun xeito activo e responsable á construcción do futuro.

Na formación dos alumnos de bacharelato débeselle prestar atención prioritaria ó coñecemento dos procesos que contribuíron a forma-la realidade inmediata da que forman parte.

Dentro desta perspectiva, a historia do mundo contemporáneo debe achegarlles a alumnos e alumnas as claves para a comprensión das transformacións que se produciron nos séculos pasados. Tamén ten que contribuír á adquisición dos valores propios do humanismo, que constitúen a base e o fundamento da civilización occidental. Ademais, debe proporcionar unha visión máis ampla, a escala global, que lles permita achegarse dun xeito máis respectuoso ós ámbitos culturais

distintos do seu propio, de acordo co concepto dunha civilización común e, ó mesmo tempo, plural, da que hoxe participa toda a humanidade.

Trátase de formar cidadáns responsables, conscientes dos seus dereitos e obrigas coa sociedade á que se incorporan de xeito activo, dentro do marco de referencia dun mundo cada vez máis integrado, no que os acontecementos rompen en moitas ocasións coas antigas barreiras. A noción «mundo contemporáneo» identifícase, quizais por primeira vez na historia da humanidade, cos límites xeográficos do Planeta. O espacio europeo, incluso o mundo occidental, non constitúen xa, como nas épocas anteriores, o marco exclusivo do que sucede.

Os alumnos, a través do estudio da historia contemporánea, deben adquirir tamén unha sensibilidade especial ante os retos do presente, e desenvolver unha actitude crítica e responsable respecto ós problemas de hoxe, solidaria na defensa da liberdade, os dereitos humanos, os valores democráticos e a construcción da paz.

A historia preséntase en dezaseis unidades temáticas,que comprenden a historia universal, desde a crise do Antigo Réxime ata o momento actual.

Para desenvolver na aula a materia de Historia do Mundo Contemporáneo do primeiro curso de Bacharelato, o Departamento acordou establecer como libro de texto o editado polo Consorcio Editorial Galego, do que son autores Xosé Alfeirán Rodríguez e Ana Romero Masiá. Considera o Departamento que este libro se adapta ao D.C.B. de Galicia e as orientacións conceptuais e didácticas que consideramos que se deben abordar neste nivel de estudio. A asignatura de Hª Universal do Mundo Contemporáneo está afectada polas modificacións derivadas da aplicación do Decreto 3474/2000 e a súa adaptación á Comunidade Autónoma de Galicia que altera sensiblemente o programa precedente.

O plantexar esta materia débese ter en conta que trátase dunha asignatura troncal só para os bacharelatos de Humanidades e Ciencias Sociais, non é polo tanto obrigatoria para todo o alumnado. Sen embargo, elo non é óbice para que non se deba profundizar nela posto que este alumnado poderá así adquirir unha base e unha explicación do contexto europeo que serva para entender mellor os feitos da Historia de España e de Galicia.

OBXECTIVOS XERAIS

- Explicar, situándoos adecuadamente no tempo e no espacio, feitos e acontecementos relevantes da Historia do Mundo Contemporáneo, valorando a súa significación no proceso histórico e as súas repercusións no presente.
- Comprende–los principais procesos económicos, sociais, políticos e culturais que configuran a historia recente, identificando os seus rasgos máis significativos e analizando os factores que os conformaron.
- Adquirir unha visión global do mundo contemporáneo e dos seus problemas á luz dos antecedentes históricos, superando enfoques eurocéntricos e parciais, comprendendo as súas relacións de interdependencia e a interrelación de factores (políticos, económicos, tecnolóxicos, ...) que se dan nel e analizando a función que cumpren as institucións supranacionais.
- Empregar con propiedade a terminoloxía básica acuñada pola historiografía e realizar actividades de indagación e de síntese nas que se analicen, contrasten e integren informacións diversas, valorando o papel das fontes e o labor do historiador.
- Desenvolve–la sensibilidade e o sentido da responsabilidade ante os problemas sociais do noso tempo, en especial os que afectan ós dereitos humanos e á paz, adoptando actitudes democráticas e tolerantes e adquirindo independencia de criterio e hábitos de rigor intelectual.

- Argumenta–las propias ideas sobre a sociedade e revisalas de forma crítica tendo en conta novas informacións, corrixindo estereotipos e prexuízos e entendendo a análise histórica como un proceso en constante reelaboración.
- Desenvolver unha actitude crítica acerca dos valores que subxacen na actuación dos distintos grupos sociais e das persoas, analizando a correspondencia entre principios declarados e conductas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Comprende-lo concepto de Historia, clasifica-la duración do tempo histórico e valora-la súa utilización como ferramenta científica para a comprensión da evolución das sociedades.
- Localizar xeograficamente os principais escenarios dos conflictos da época e elaborar mapas conceptuais dos feitos e dos fenómenos estudiados.
- Valora-la importancia dos principais acontecementos da Historia contemporánea no proceso histórico e as súas repercusións no presente.
- Identifica-las causas do fenómeno colonial do século XIX e comprende-la súa evolución e consecuencias máis importantes.
- Describi-la evolución e mailas consecuencias do proceso da Revolución Industrial.
- Comprende-la orixe e a evolución dos movementos liberais e emancipadores decimonónicos.
- Comprende-las diferencias máis destacadas entre os pensamentos liberal, anarquista e socialista, e relaciona-las súas teorías con circunstancias históricas do momento.
- Explica-las causas, o desenvolvemento e as consecuencias económicas, políticas e territoriais da Primeira Guerra Mundial.
- Analiza-la aparición do Estado socialista e a súa evolución.
- Identifica-las transformacións políticas dos Estados fascistas europeos en relación coa crise económica e social do período de entreguerras.
- Analiza-las manifestacións externas e o alcance da creba do 29, as alternativas intervencionistas e as características do modelo económico neocapitalista.
- Comprende-lo desenvolvemento das ideoloxías socialistas no tránsito entre os séculos XIX e XX e durante o período de entreguerras.
- Comprende-la situación política, económica e social de Europa antes da Segunda Guerra Mundial.
- Describi-lo desenvolvemento e mailas consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
- Coñece-la influencia das dúas potencias hexemónicas desde o final da Segunda Guerra Mundial ata a fase da coexistencia pacífica.
- Explica-la evolución das ideoloxías políticas durante a segunda metade do século XX.
- Describi-los cambios que a Segunda Guerra Mundial produciu na economía mundial.
- Coñece-los reaxustes políticos que se produciron en Europa durante a Guerra Fría.
- Analiza-los problemas culturais, económicos, sociais e políticos ós que levou o proceso de descolonización.
- Comprende-lo proceso de disolución da URSS e os cambios que levou ós países da Europa do Leste.
- Coñece-la situación actual e as características da Unión Europea.
- Explica-las características da etapa de desenvolvemento industrial a escala mundial.

- Comprende-las desigualdades do mundo actual, en especial por mor dos problemas derivados do crecemento demográfico indefinido.
- Analiza-lo funcionamento dos sistemas políticos do século XX: democracias e dictaduras.
- Coñece-los conflictos bélicos de finais do século XX a partir da información obtida nos medios de comunicación social.
- Comprende-la importancia da realidade histórico-cultural á que se pertence, respectando as diferentes realidades culturais e as dos tempos pasados.
- Supera-los enfoques localistas e adquirir unha visión global do mundo contemporáneo que axude a comprende-las situacións do presente.
- Comprende-la importancia dos antecedentes históricos e das relacións de interdependencia na análise dos problemas do presente.
- Identificar e aplica-las diversas fontes históricas, primarias e secundarias, valorando a súa importancia e comprendendo a súa relación cos coñecementos adquiridos.
- Analizar fontes e documentos literarios, filosóficos e artísticos para coñece-la evolución das formas de vida e mentalidades que se producen ó longo do século XX.
- Elaborar sínteses e resumos dos contidos traballados.
- Utilizar con corrección información adicional tirada de libros, enciclopedias e diccionarios históricos na realización de exposicións orais e debates.
- Utilizar correctamente o vocabulario específico pertinente.
- Evita-las interpretacións simplistas, dogmáticas e personalistas na análise das situacións históricas, comprendendo a gravidade dos problemas sociais, en especial os que afectan ós Dereitos Humanos e á paz.
- Utiliza-lo diálogo, a tolerancia, o pluralismo e mailos valores democráticos nas relacións persoais e de grupo.
- Adquirir independencia de criterio e hábitos de rigor intelectual.
- Formular hipóteses explicativas ás preguntas formuladas sobre a realidade histórica, adquirindo unha opinión fundamentada con base nas fontes consultadas.
- Entende-la análise histórica como un proceso en constante elaboración.

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

TRANSFORMACIÓNS DE BASE NO SÉCULO XIX.

I.1. O Antigo Réxime. -Economía agraria e capitalismo comercial. -Sociedade estamental e ascenso da burguesía. -Monarquía absoluta e parlamentarismo. Hobbes, Bossuet e Locke: diferencias. -A Ilustración: pensamento político e económico.

I.2. A Revolución Industrial. -Progreso científico-técnico, revolución agraria e demográfica. A revolución industrial e a súa difusión. O fracaso da industria téxtil e siderúrxica en Galicia.

I.3. Liberalismo, nacionalismo e romanticismo. -A independencia das colonias americanas: o nacemento dos EE.UU. -A Revolución francesa. O imperio napoleónico. -A Restauración e as revolucións liberais de 1820, 1830 e 1848. -O nacionalismo. As primeiras manifestacións do galeguismo. -As unificacións de Italia e Alemaña.

I.4. Cambios e movementos sociais. A nova sociedade de clases. A burguesía e o proletariado. Os grupos tradicionais: fidalguía e campesiñado en Galicia. -Problemas sociais da Industrialización. O movemento obreiro. -As grandes ideoloxías do movemento obreiro:

sindicalismo, socialismo e anarquismo. -A Primeira e a Segunda Internacional. As orixes do movemento obreiro en Galicia.

I.5. As grandes potencias europeas. -A Inglaterra victoriana. -O Segundo Imperio francés e a III República. -A Alemaña bismarckiana. -O imperio austro-húngaro e o imperio ruso.

I.6. A dominación europea do mundo. -A segunda revolución industrial e o gran capitalismo. -Os sectores innovadores: ferrocarril, banca, electricidade e industria pesqueira en Galicia. -A expansión colonial das potencias europeas. O reparto de África. -As grandes potencias extraeuropeas: EE.UU. e Xapón.

TENSIÓNS E CONFLICTOS NA PRIMEIRA METADE DE SÉCULO XX.

II.1. A I Guerra Mundial e a organización da paz.-A Paz Armada. A política de alianzas.-O desenvolvemento do conflicto. -A Paz de París.-A Sociedade de Nacións e as relacións internacionais no período de entreguerras (1919-1933).

II.2. A Revolución rusa. -Antecedentes. A revolución de 1905. -As revolucións de febreiro e outubro de 1917. -A construcción da URSS.

II.3. A economía no período de entreguerras. -Os anos 20. A crise de 1929. -A Gran Depresión dos anos 30. As consecuencias. Os retornados americanos en Galicia. -As respostas á crise. O New Deal.

II.4. As democracias e o ascenso dos totalitarismos. -A crise da democracia liberal. A República de Weimar. -Os totalitarismos nazi e fascista. -As viraxes cara á guerra (1933- 1939).

II.5. A II Guerra Mundial e as súas consecuencias. -O desenvolvemento do conflicto. -A nova orde mundial da ONU.

O MUNDO ACTUAL.

III.1. A Guerra Fría e a política de bloques. -A formación dos dous bloques. O movemento dos non-aliñados. -A Guerra Fría.-Conflictos, crise e coexistencia.

III.2. A descolonización. -A rebelión de Asia. -A independencia de África. -A cuestión do Próximo Oriente. -O mundo islámico.

III.3. O mundo comunista. -A URSS: do estancamento á Perestroika. -As democracias populares ata a caída do muro de Berlín. -Situación actual da Europa do leste. -China: do maoísmo á actualidade.

III.4. O mundo capitalista. -Os EE. UU. e a nova orde mundial. -Xapón e as novas potencias industriais do sueste asiático. -A construcción de Europa. A Unión Europea. -Iberoamérica no século XX.

III.5. Entre dous milenios. -A explosión demográfica. Os problemas do crecemento. -Impacto científico e tecnolóxico. -Democracia e dereitos humanos.

ACTITUDES, VALORES E NORMAS.

Actitude crítica ante informacións procedentes de distintas fontes: prensa, televisión, obras bibliográficas, etc. -Preocupación polo rigor e pola obxectividade na busca e na interpretación da información histórica. -Valoración dos dereitos humanos como unha importante conquista histórica e rexeitamento de calquera forma de violencia. -Sensibilidade ante os problemas sociais derivados das situacións de desigualdade e rexeitamento das discriminacións por razón de idade, xénero, etnia, relixión, nacionalidade, etc. e defensa dos dereitos e das liberdades fundamentais das persoas. -Rexeitamento da orientación belicista e fomento das actitudes a prol da paz. -Valora-las ideoloxías que subxacen nos distintos réximes políticos.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

CONTIDOS CONCEPTUAIS

TEMA 1. O ANTIGO RÉXIME.

- Economía agraria e capitalismo comercial.
- Sociedade estamental e ascenso da burguesía.
- Monarquía absoluta e parlamentarismo. Hobbes, Bossuet e Locke: diferencias.
- A Ilustración: Pensamento político e económico.

TEMA 2. AS TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS. FORMACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CAPITALISMO.

- A renovación das estructuras agrarias.
- A Revolución Industrial
    - Trazos definitorios do proceso de industrialización.
    - Sectores punteiros da primeira fase da Revolución Industrial.
    - A segunda fase da Revolución Industrial.
    - A Revolución Industrial en Galicia.
- A Revolución Demográfica.
- Características básicas da economía capitalista.

TEMA 3. AS TRANSFORMACIÓNS POLÍTICAS: O MODELO LIBERAL.

- As propostas de cambio político no pensamento do século XVIII.
- A independencia-revolución de os EE.UU.
- Transformacións revolucionarias en Francia (1789 – 1791). O Imperio napoleónico.
- A organización política liberal.
- A Restauración e as revolucións de 1820,1830 e 1848.
- Teorías e movementos nacionalistas en Europa. Nacionalismo en Galicia.
- As unificacións de Italia e Alemaña.

TEMA 4. AS TRANSFORMACIÓNS SOCIAIS: SOCIEDADE DE CLASES E MOVEMENTO OBREIRO.

- A nova estructura social como consecuencia do capitalismo.
- O dominio social da burguesía.
- O desenvolvemento do proletariado como clase.
    - Sindicalismo.
    - Socialismo.
    - Internacionalismo.
- A Primeira e Segunda Internacionais Obreiras.
- O nacemento do movemento obreiro en Galicia.

TEMA 5. AS GRANDES POTENCIAS, A EXPANSIÓN COLONIAL E O IMPERIALISMO.

- Desenvolvemento capitalista e imperialismo.
- A Inglaterra Victoriana.
- O Segundo Imperio Francés e a III República.
- A Alemaña do II Reich.

- O reparto do mundo.
- O imperialismo americano e xaponés
- Os conflictos imperialistas (1898 – 1914).

TEMA 6. O IMPACTO DA GRANDE GUERRA.

- As magnitudes do conflicto.
    - A extensión xeográfica.
    - A duración.
    - As novas formas da guerra.
    - O sistema de alianzas.
- A organización da paz: os tratados e a Sociedade de Nacións.
- O legado político, económico e social da guerra.

TEMA 7. A REVOLUCIÓN RUSA E A CONSOLIDACIÓN DA URSS.

- 1917: do tsarismo o poder dos soviets.
    - Os precedentes.
    - A caída do tsarismo e o fracaso do reformismo.
    - O triunfo da revolución bolxevique e as primeiras medidas.
- A construcción do réxime soviético: de Lenin a Stalin.
    - Cambio político e guerra civil. A economía de guerra.
    - A NEP.
    - A época de Stalin.

TEMA 8. A CRISE DAS DEMOCRACIAS.

- A prosperidade dos anos vinte nos Estados Unidos e en Europa.
- A crise de 1929 e a gran depresión. Consecuencias e respostas.
- O cuestionamento da democracia. O fracaso da República de Weimar.
- Repercusións da Crise en Galicia.

TEMA 9. AS RELACIÓNS INTERNACIONAIS DOS ANOS TRINTA.. ASCENSO DOS TOTALITARISMOS.

- A diplomacia da paz e o apoxeo da seguridade colectiva.
- Os totalitarismos nazi e fascista.
- O camiño cara á guerra: as relacións internacionais nos anos trinta.

TEMA 10. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL.

- Fases do conflicto.
- A organización das Nacións Unidas.
- Consecuencias territoriais e sociolóxicas.

TEMA 11. A GUERRA FRÍA E A POLÍTICA DE BLOQUES.

- Bipolarización e focos de tensión.
    - A formación dos bloques. Territorios e alianzas militares.
    - A Guerra Fría. Conflictos asociados.

- A linguaxe da distensión. A coexistencia pacífica.

TEMA 12. DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TRANSFORMACIÓNS POLÍTICAS.

- Reconstrucción económica e política do mundo occidental.
    - Recuperación e crecemento económico da posguerra.
    - A crise económica.
    - Reconstrucción política.
- Formación e evolución dos países socialistas.
    - Nacemento das democracias populares e dos países satélites.
    - Dificultades do sistema.
- Descolonización e neoimperialismo. A organización do Terceiro Mundo.
    - A significación do proceso descolonizador.
    - A realidade política do Terceiro Mundo.
    - A realidade económica dos países descolonizados: neocolonialismo e dependencia.
        - Neocolonialismo.
        - Trazos de dependencia.

TEMA 13. OS PROBLEMAS DO MUNDO ACTUAL.

- Os novos movementos sociais: movemento estudiantil, pacifismo, integrismo, ecoloxismo, feminismo e a cuestión racial.
- As dificultades no proceso de integración europea.
    - A constitución das comunidades.
    - desenvolvemento da política comunitaria e a 1ª ampliación (1969 - 1972).
    - A Europa dos 10 e as dificultades da terceira ampliación (1973 - 1986).
    - A Europa dos 12 (1986) e a firma da Acta Única.
    - Unión europea e Mercado Único: o Tratado de Maastricht.
- Perestroika e crise do socialismo real.
    - Do estancamento do modelo soviético á Perestroika.
    - O fracaso da Perestroika e o auxe dos nacionalismos.
    - O nacemento da CEI.
- O fundamentalismo islámico.
    - O papel do nacionalismo árabe (Umma) no proceso de descolonización.
    - O fundamentalismo.
- A nova orde internacional.
    - A busca de solucións ós problemas actuais.
    - A busca de novos modelos políticos e económicos.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Utilización da cronoloxía e dos diversos códigos de medida do tempo.
- Utilización de fontes primarias e secundarias de todo tipo para comprende-la evolución dos fenómenos históricos. Análise e comentario de documentos históricos: textos escritos, gráficos, diagramas de barras, series estatísticas...
- Localización xeográfica dos escenarios históricos.
- Tratamento diacrónico e sincrónico da información a partir de esquemas, gráficos, cadros estatísticos, textos, mapas ou audiovisuais.

- Interpretación de fontes con diferente contido historiográfico.
- Adquisición e aplicación do vocabulario histórico.
- Presentación e formulación de preguntas e hipóteses.
- Resolución de preguntas e hipóteses formuladas.
- Comunicación da información mediante debates e diálogo e das conclusións mediante informes e memorias dos resultados da reflexión ou da investigación histórica.
- Recoñecemento e caracterización, en medios audiovisuais ou material literario, de aspectos históricos relacionados cos temas de estudio.
- Identificación, coa axuda de textos seleccionados, do subxectivismo de determinadas interpretacións históricas.
- Análise, co apoio documental, das accións e das interaccións dos grupos e das persoas que interveñen nalgún proceso de cambio do mundo contemporáneo, abordando a relación existente entre a acción individual e o comportamento colectivo.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Comprensión da complexidade do estudio histórico.
- Adopción dunha actitude ordenada e rigorosa no estudio histórico.
- Actitude de defensa dos dereitos, das liberdades e do patrimonio da comunidade e conciencia de que non sempre existiron.
- Actitude de participación nas institucións democráticas.
- Sensibilización ante a historia e a cultura das épocas pasadas.
- Sensibilización ante as situacións de discriminación e de inxustiza.
- Relativización da propia cultura.
- Valoración das culturas diferentes no tempo e no espacio. Rexeitamento de formas de pensar dogmáticas, etnocéntricas e sexistas.
- Valoración do coñecemento do pasado como medio para un mellor e máis profundo coñecemento e comprensión do presente.
- Respecto e valoración das manifestacións artísticas, artesanais e técnicas como expresión dunha época.

METODOLOXÍA

A natureza específica da historia (multiplicidade de factores que interveñen nunha realidade humana, cambio permanente mais non uniforme, irrepetibilidade dos feitos...) fai que a disciplina deba ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

- A forma de acceder ao coñecemento histórico non ten por que ser uniforme. A parcela espacial e cronolóxica que se considere permite achegarse con medios diferentes se se trata dun coñecemento histórico máis afastado no tempo que dunha época próxima. Polo tanto, os medios que se utilicen non teñen que ser homoxéneos ao longo do curso.
- Na clase de historia fanse comentarios sobre valores e sobre actitudes que transmiten mensaxes. Isto fai o seu estudio moi vulnerable as interferencias ideolóxicas do profesor e dos alumnos. Polo tanto, debe procurarse tratar os temas de estudio con obxectividade e non emitir xuízos de valor.
- A motivación é un aspecto importante para conseguir unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva, é necesario que os temas de estudio conecten o máis directamente posible cos intereses do alumnado. O emprego de audiovisuais, o

achegamento a problemas do seu contorno, etc., constitúen métodos motivadores e atractivos.

As secuencias de aprendizaxe están organizadas segundo o seguinte criterio:

- Adecuación: Todo contido de aprendizaxe está ligado ós coñecementos previos do alumno.
- Continuidade.
- Progresión: Os contidos, unha vez asimilados, son retomados constantemente ó longo do curso para que non sexan esquecidos e para atopar a continuidade histórica.
- Interdisciplinaridade.
- Priorización: O aspecto principal do tema actúa como eixe organizador dos diferentes contidos secundarios.

Partindo destas consideracións, as unidades didácticas deben enfocarse non como un conxunto de feitos illados, senón como unha serie de procesos e de problemas interrelacionados. Para isto, os medios non son só materiais, senón tamén conceptuais e de léxico propio desta disciplina que hai que adquirir de forma comprensiva.

Preténdese exercitar ao alumno nos procedementos habituais do historiador; natureza, tipoloxía e importancia das fontes, utilización crítica das mesmas, contraste de interpretacións historiográficas e utilización de información procedente de medios de comunicación de masas para achegar ao coñecemento da realidade actual.

O plan de traballo dunha clase variará segundo os temas a tratar:

- Para o ensino de contidos de cronoloxía máis antiga, que non teña unha repercusión evidente no contorno, ou que presente unha maior dificultade intrínseca para que o alumno o coñeza, a dinámica sería a seguinte:
    - Presentación dos problemas por parte do profesor.
    - Análise conxunta (profesor-alumnos) das distintas alternativas posibles de interpretación dos feitos obxecto de estudio.
    - Ilustración e comprobación das conclusións con exemplos concretos ou símiles.
- Para abordar aspectos relacionados co mundo máis actual e para o estudio da historia nacional, a vía sería partir do concreto para chegar ao máis xeral e, apoiándose en datos do contorno próximo, inducir a curiosidade de por que é así, e ir relacionando a historia local cos seus condicionantes externos para intentar alcanzar a comprensión de estructuras e de procesos máis amplos, pois non se pode entender o medio no que se desenvolve o alumno desconectado das súas referencias máis xerais.

TEMPORIZACIÓN:

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

Temas	Nº de sesións
• Antigo Réxime e Revolucións Liberais	10
• Capitalismo e Revolución Industrial	8
• Transformacións sociais	8
• Potencias burguesas e novos Estados	8
• Expansión colonial e o imperialismo	8

- No primeiro trimestre tentaremos fixar claramente as bases ideolóxicas, políticas, sociais e económicas da Idade Contemporánea. No ámbito procedimental

centrarémo-la nosa atención na identificación da multicausalidade dos feitos sociais e na utilización crítica da fontes primarias e secundarias, iniciando ó alumno nas técnicas de comentario de texto. No plano actitudinal pretendemos que o alumno capte o difícil que foi o camiño para conquerir as liberdades individuais e colectivas, incluídos os dereitos laborais.

SEGUNDA AVALIACIÓN:

Temas	Nº de sesións
• A Primeira Guerra Mundial	6
• A Revolución Rusa	10
• Reconstrucción, prosperidade e crise	8
• Democracias e fascismos	10
• A Segunda Guerra Mundial	8

- O segundo trimestre supón a análise dunha época de transición cara ó mundo actual, analizando as grandes crises políticas do século XX e a súa trascendencia. O contraste de informacións e a reflexión crítica das distintas fontes, ademais da utilización correcta de do material gráfico, centra o contido procedimental. As actitudes básicas deste eixe son o desenvolvemento de posturas antidogmáticas e tolerantes cara a outras formas de vida e de pensar, ademais de adoptar unha actitude antibelicista ante os conflictos; tentaremos que o alumno tome conciencia da fraxilidade da paz.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

Temas	Nº de sesións
• A Guerra Fría e a Distensión	12
• Democracias liberais e Estado de Benestar	12
• Democracias populares e países non aliñados	12
• Globalización e supremacía dos EE.UU.	12

- No último trimestre analizamos o mundo dende a II Guerra Mundiais ata hoxe. Formulamos a análise dos factores que caracterizan a sociedade da segunda metade do século, incidindo nas causas do desequilibrio económico, as súas implicacións sociais e políticas. O ámbito procedemental céntrase no desenvolvemento da capacidade de procesamento da información mediante distintas ferramentas usadas polos historiadores e na énfase en analiza-la interrelación das distintas variables que configuran o noso mundo. As actitudes de tolerancia, solidariedade e os valores democráticos, así como a implicación activa en cuestións colectivas, orientarán o plantexamento actitudinal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase que o alumnado:

- Identifique as transformacións máis relevantes operadas no século XIX e ata a Primeira Guerra Mundial, nos campos demográfico, tecnolóxico, de organización política e económica e de estructura social, sinalando o seu distinto grado de influencia nunhas ou noutras zonas do mundo, o papel hexemónico asumido por algunhas potencias e os conflictos suscitados entre elas.

- Sitúe cronoloxicamente acontecementos e procesos relevantes da historia do mundo no século XX e analice a súa vinculación con determinados personaxes, establecendo relacións entre a acción individual e os comportamentos colectivos.
- Identifique as normas e intereses que regulan no século XX as relacións entre Estados, analizando as causas dos grandes conflictos bélicos e os principais mecanismos arbitrados ó longo do século para articula–las relacións internacionais, valorando o seu funcionamento con vistas a mante–la paz e a seguridade internacionais.
- Identifique e analice, nun proceso histórico significativo, os principios que inspiran a organización e as institucións dos sistemas parlamentarios, os factores que influíron no seu desenvolvemento progresivo, e os que fixeron posible, en determinadas circunstancias históricas, a quebra do réxime democrático e a súa posterior recuperación.
- Sitúe cronoloxicamente e distinga as características dos períodos de expansión e recesión que experimentou a economía mundial contemporánea. Determine, a través dun caso significativo, as implicacións que os períodos dun e doutro signo teñen nas relacións sociais, nos modos de vida, no consumo, na ocupación e na política internacional.
- Sintetice a evolución histórica dalgún dos países que experimenten no século XX un proceso de descolonización, identificando os seus principais problemas de tipo cultural, económico, social e político, e establecendo as posibles conexións destes problemas coa experiencia colonial e coas dependencias neocoloniais.
- Analice a actual configuración da Comunidade Europea, valorando a súa significación e presencia no mundo, e sintetice a evolución histórica posterior á Segunda Guerra Mundial dalgún dos principais Estados actuais da Comunidade.
- Analice algún conflicto ou cuestión de actualidade, de dimensión internacional, a partir da información procedente de distintos medios de comunicación social, valorando criticamente a disparidade de enfoques e tomando en consideración os antecedentes históricos do problema.
- Identifique as diversas causas dalgún feito histórico relevante do século XX, analice as súas interrelacións e valore a importancia relativa dalgunhas destas causas, desde ópticas tanto coetáneas coma historiográficas.
- Obteña, de fontes diversas, información sobre o pasado, valore a súa relevancia e detecte a súa relación cos coñecementos que se traballan na clase, recoñecendo a pluralidade de percepcións e interpretacións dunha mesma realidade histórica.
- Explique os cambios e as permanencias mais importantes da historia do mundo contemporáneo. Identifique e analice os factores e características das grandes transformacións co fin de capta-la súa importancia.
- Recoñeza nos procesos de transformación do século XIX e de principios do XX os antecedentes dos actuais modelos de desenvolvemento económico, de estructuras socio-políticas, do desequilibrio norte-sur e de algúns dos problemas de actualidade no Planeta.
- Comprenda e compare os diferentes modelos de organización económica e os mecanismos básicos que rexen o seu funcionamento, valorando os intereses os que responden.
- Comprenda os conflictos sociais, valorando criticamente os intereses dos grupos e a súa incidencia nos feitos analizados.
- Utilizar un vocabulario propio e os conceptos básicos da historiografía e aplica-los con propiedade nos traballos orais e escritos.

Das actividades desenvolvidas ao longo do curso obterase información para a avaliación en tres niveis:

- **O traballo individual**, no que se terán en conta aspectos como a capacidade de descrición, de relación e de análise dos problemas históricos; a expresión e a comprensión dos mesmos tanto de forma oral como escrita; o dominio dos conceptos específicos de Historia e o desenvolvemento de actitudes cara a materia.
- **O traballo en grupo**, no que se fai especial fincapé porque permite unha distribución de tarefas, axuda á asunción de responsabilidades persoais e enriquece a calidade das actividades.
- **O funcionamento da clase**. Neste caso os datos para a avaliación derivan dos dous niveis anteriores e proporcionan unha información xeral importante tanto para o profesor como para o titor.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A observación, que nos permitirá seguir o ritmo da clase en canto á adquisición dos contidos conceptuais e dos procedementos e, sobre todo, dos actitudinais, tanto no que se refire ao interese pola materia como ás actitudes sociais máis relevantes, tales como a convivencia, a tolerancia, a solidariedade e a participación crítica.
- As probas escritas, con cuestións teóricas e comentario de textos, gráficos e mapas. Ó longo do curso haberá, a lo menos, 3 probas escritas (puntuadas sobre 10 puntos) coincidindo cas avaliacións; cada proba ven asociada a unha recuperación que se celebrará trala entrega de notas en cada avaliación. A final de curso os alumnos que non superasen unha ou dous probas escritas, terán dereito a unha nova proba de recuperación para axudar a conformar a cualificación final. Nas probas extraordinarias de setembro incluímos toda a materia do curso, ó marxe das probas escritas superadas ó longo do curso.
- Os traballos realizados dentro e fora da clase, que permiten un seguimento do progreso que van alcanzando os alumnos e complementan en sentido positivo ou negativo as cualificacións das avaliacións e a nota final.
- En cada trimestre o profesor ou profesora poderá esixir a presentación de comentarios de texto sobre os temas estudiados, os traballos deberán ser avaliados previamente á sesión de avaliación correspondente, polo que serán entregados ó profesor dez días antes de dita sesión.
- Os traballos e exames realizados polos alumnos deberán presentar Cunha correcta expresión ortográfica, léxica e semántica. Por cada erro nalgún destes aspectos serán descontados 0'1 puntos ata un máximo dun punto por exame ou traballo.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Sendo o bacharelato un nivel educativo non obrigatorio, e dada a idade dos alumnos, a atención á diversidade non é tan importante coma na E.S.O. Nembargantes é un feito que acceden alumnos con diferente grado de desenvolvemento intelectual e coñecementos previos. O profesor intentará, na medida do posible, adaptar o material didáctico, as súas explicacións e os traballos prácticos as diferentes situacións dos alumnos, ca finalidade de acadar un nivel homoxéneo ó longo do curso.

- O libro de texto seleccionado (Historia do Mundo Contemporáneo Ed. Consorcio,), permite atende-la diversidade a través das actividades e a estructura dos temas:
- A presentación do tema e o esquema conceptual e eixe cronolóxico permiten ó alumno coñece-las ideas clave da lección, funcionando como punto de referencia ó longo da mesma ó ir incluíndo novos contidos ó esquema mental estructurado.
- A explicación escrita inclúe referencias a textos e gráficos que xustifican e amplían as afirmacións, permitindo ó alumno confirmar en todo o momento o proceso de investigación historiográfica e familiarizándoo ca práctica do comentario de textos, mapas,gráficos, etc.
- As actividades intercálanse ó longo do texto, de forma que o profesor pode dinamizar mellor a clase e seleccionar as que se adaptan mellor ó proceso de aprendizaxe (de aplicación, de comprensión, de reforzo, de ampliación, interactivas) e as características de cada alumno.As actividades comentadas, axudan a comprender, aplicar e autorregular a aprendizaxe.
- As técnicas de análises historiográfico e comentario de texto non só ofrecen unha metodoloxía propia da etapa, senón que dotan ó alumno de coñecementos funcionais para o seu desenvolvemento persoal.

SEGUNDO DE BACHARELATO

HISTORIA DE ESPAÑA

INTRODUCCIÓN

A presente proposta curricular responde ao modelo da programación didáctica para a materia de Historia de España de 2º curso de Bacharelato, organizada segundo os criterios definidos pola Consellería de Educación no Decreto 231/2002 que modifica o Decreto 275/1994.

O estudio da Historia de España constitúe un campo propicio para a educación porque facilita notablemente a inserción dos individuos na vida política, económica e cultural dunha sociedade da que forman parte e nunha etapa das súas vidas na que pasarán a integrar o conxunto de cidadáns activos política e laboralmente. E necesario polo tanto fomenta-la reflexión individual sobre a sociedade na que se vive, axudando a desenvolver actitudes socialmente tolerantes e politicamente activas e reflexivas e, en resumo, contribuíndo a acadar a madurez persoal dos nosos alumnos, independentemente do seu futuro profesional no campo das disciplinas científico-técnicas, humanísticas ou no ámbito das ciencias sociais.

OBXECTIVOS XERAIS

- Supera-la proba de Selectividade sen dificultades.
- Analiza- la evolución política, económica e social de España, especialmente nos derradeiros trescentos anos como unha explicación do presente.
- Integrar a Historia de España no contexto do noso entorno cultural: Europa e Iberoamérica.
- Fomenta-lo interese dos alumnos pola actualidade política, económica, social e cultural e a súa reflexión crítica sobre os sucesos do presente.

- Captar as diferencias económicas, sociais e de comportamento político entre os diferentes territorios do Estado Español sincrónica e diacrónicamente. As causas do desequilibrio territorial e as vías de compensación económica posibles.
- Fomenta-lo interese dos alumnos polas vías de aprendizaxe directo e persoal mediante as testemuñas orais, a prensa, o cine, a numismática, o nome das rúas,...
- Fomenta-la participación política dos alumnos e o seu papel como cidadáns.
- Analiza-la multicausalidade dos fenómenos históricos e a análise crítica das fontes históricas.
- Descubrir os procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento da dinámica da Historia, empregando este coñecemento para a mellor comprensión das sociedades actuais.
- Distinguir e valorar os signos permanentes dos procesos de transformación e cambio nas diferentes etapas históricas, analizando secuencialmente o nacemento dos problemas, as diferentes tentativas de solución e a súa pervivencia nos nosos días.
- Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espacio, os feitos, personaxes, problemas, etapas e procesos máis significativos e relevantes do devir histórico común e diverso de España e Galicia.
- Expresar razoadamente ideas propias sobre aspectos esenciais da evolución histórica de España.
- Consolidar actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos de España, respectando e valorando positivamente os aspectos comúns e as diferencias, tendo en conta a posibilidades de pertencer de maneira simultánea a máis dunha identidade colectiva.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Comprender a dificultade de coñecer as orixes do poboamento peninsular e os vestixios das culturas prehistóricas e protohistóricas.
- Diferenciar entre as orixes míticas e as científicas.
- Coñecer os trazos básicos das culturas prerromanas.
- Valorar o impacto da romanización na Península Ibérica.
- Reflexionar sobre a decadencia do Imperio Romano na Península Ibérica e o asentamento dos pobos xermánicos.
- Diferenciar o modelo social, económico e cultural dos reinos cristiáns en contraste co modelo dos territorios musulmáns na Idade Media.
- Analiza-lo concepto de Reconquista e os trazos básicos dos reinos cristiáns do norte peninsular.
- Camiño de Santiago como vía de conexión cultural entre as culturas peninsulares e as do interior de Europa.
- Analizar o reinado dos Reis Católicos como tránsito entre a Idade Media e a Moderna.
- A unificación relixiosa e as súas consecuencias.
- Estructura política interna da Coroa de Castela e da Coroa de Aragón en tempos dos Austrias.
- Analizar as consecuencias políticas, económicas e sociais do descubrimento, conquista e colonización de América.
- Coñece-los principais problemas de política exterior dos Austrias.
- Causas e consecuencias da crise do XVII.

- Coñecer a trascendencia das modificacións político administrativas do século XVIII: a afirmación do absolutismo monárquico.
- Valorar as dificultades do reformismo ilustrado do XVIII.
- Valorar as repercusións da Revolución Francesa en España.
- Recoñecer a combinación de Revolución Liberal e Guerra da Independencia a principios do XIX.
- Valorar a trascendencia da lexislación das Cortes de Cádiz e as dificultades para a súa aplicación.
- Identificar as distintas ideoloxías da sociedade española a comezos do XIX: absolutistas, liberais e reformistas (jovellanistas, afrancesados).
- Valorar a transcendencia política e económica da independencia das colonias de Iberoamérica.
- Identificar as distintas ideoloxías da sociedade española na primeira metade do século XIX:
- Liberalismo moderado e progresista, carlismo e realismo, liberalismo democrático.
- Coñecer os ensaios político-sociais do Sexenio. Novas fórmulas da articulación política e territorial.
- Coñecer o sistema político da Restauración, o seu funcionamento e a súa evolución.
- problema social e o movemento obreiro en España. Características da Revolución Industrial en España. O problema agrario. Comprender as causas do atraso económico relativo da España contemporánea.
- Identificar as causas da crise do sistema da Restauración. As propostas rexeneracionistas. A articulación política do nacionalismo.
- A Dictadura de Primo de Rivera e o papel dos militares na historia contemporánea de España.
- Coñecer as causas que levaron á proclamación da II República.
- Analizar e secuenciar os aspectos políticos, económicos e sociais da II República.
- Comprender as causas do fracaso da experiencia republicana e o inicio da Guerra Civil.
- Coñecer os trazos esenciais das ideoloxías do bando nacional e republicano. Tensións dentro de cada bando.
- Coñecer a evolución político- social das dúas Españas da Guerra Civil. Analiza-las causas do fracaso republicano. Vincula-la historia política do período da Guerra Civil e posguerra coa coxuntura política internacional.
- Fases políticas e económicas do franquismo. Fundamentos do réxime.
- Coñecer a evolución económica-social do período a partir de micro estudios familiares: a fame, a emigración, o baby-boom, a recuperación económica dos ´60, a crise do ´73.
- Comprender a transcendencia e dificultades da Transición Política.
- Analizar os contidos da Constitución do ´78 e a súa proxección práctica no ámbito político, económico, social e cultural.
- Comprender a dimensión internacional da historia española recente, adquirindo unha visión global dos problemas e dos proxectos colectivos que supere o enfoque localista.

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

AS RAÍCES HISTÓRICAS.

I.1. Os inicios do poboamento peninsular. -O proceso de hominización na Península Ibérica: novos achados. Os primeiros poboadores de Galicia. -Os pobos prerromanos. A cultura castrexa.

I.2. A Hispania romana. Gallaecia. -O proceso da romanización. Especial atención ó caso galego.

-O reino suevo. A monarquía visigoda.

I.3. A Península Ibérica na Idade Media: Al-Ándalus. -Evolución política e organización económica e social. -A presencia musulmana en Galicia. -Cultura e arte.

I.4. A Península Ibérica na Idade Media: os reinos cristiáns. -A formación dos reinos peninsulares. Etapas da reconquista e modelos de repoboación. -Galicia e a monarquía astur-leonesa. O Reino de Galicia. -A organización política. As institucións. -O feudalismo. Economía e sociedade. -A expansión marítima no Mediterráneo e no Atlántico. As Illas Canarias. -A crise dos séculos XIV e XV. O exemplo galego: vida urbana e conflictos sociais. As revoltas irmandiñas. -Unha cultura plural. O Camiño de Santiago. Manifestacións artísticas.

O ANTIGO RÉXIME.

II.1. Os Reis Católicos: a construcción do Estado moderno. -Unión dinástica. Conquista do Reino Nazarí e incorporación do Reino de Navarra. -O programa centralizador en Galicia: o sometemento da nobreza galega e o control do clero. -A proxección exterior. O descubrimento de América.

II.2. A España do século XVI. -O Imperio de Carlos V e a Monarquía Hispánica de Felipe II. -O modelo político dos Austrias. O goberno e a administración de América. -O impacto do descubrimento en Galicia.

II.3. A España do Barroco. -O sistema de Westfalia-Pirineos: ocaso da hexemonía dos Habsburgo. Crise interna. -A representación política de Galicia. A «Junta del Reino» e a cuestión do voto en Cortes. -Mentalidade, cultura e arte no Século de Ouro. O Barroco en Galicia.

II.4. O século XVIII: os primeiros Borbóns. -Cambio dinástico: as reformas internas. -A práctica do despotismo ilustrado: Carlos III. -Poboación, economía e sociedade en Galicia. A consolidación da fidalguía. -A política exterior. América.

A DESESTRUTURACIÓN DO ANTIGO RÉXIME E AS ORIXES DO ESTADO LIBERAL.

III.1. Crise do Antigo Réxime. -Os factores causais da crise. -Guerra e revolución. Galicia na Guerra de Independencia. -As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812. -Absolutismo e liberalismo. A emancipación da América española.

III.2. A construcción do Estado liberal. -A oposición ó sistema liberal. A cuestión dinástica e as guerras carlistas. A problemática foral. -Isabel II: a organización do réxime liberal. O Estado dos moderados e o seu labor. -Galicia nos inicios do réxime liberal. Carlismo e provincialismo. -O Sexenio democrático (1868-1874). O republicanismo en Galicia.

III.3. As grandes transformacións socioeconómicas. -Revolución liberal e cambio agrario: as desamortizacións. O caso galego. -O proceso de industrialización. As grandes pautas rexionais. -A estructura social. As orixes do movemento obreiro. -Os cambios ideolóxicos e culturais.

O RÉXIME DA RESTAURACIÓN.

IV.1. As bases do réxime. -O sistema canovista: a Constitución de 1876 e a quenda pacífica. -O funcionamento real do sistema: caciquismo e fraude electoral. As grandes familias políticas de

Galicia. -A oposición ó sistema. Rexionalismo e nacionalismo. O caso galego. -A liquidación do imperio colonial: Cuba.

IV.2. A crise da Restauración. -O reinado de Alfonso XIII. -Rexeneracionismo e revisionismo político. -A dictadura de Primo de Rivera.

IV.3. Os desequilibrios económicos e sociais. -As desigualdes do crecemento económico. Atraso e modernización. -As transformacións demográficas. O proceso de urbanización e os

movementos migratorios. O caso galego. -Conflictividade social. O agrarismo e a liquidación da problemática foral.

REPÚBLICA E GUERRA CIVIL.

V.1. A IIª República. -A caída da Monarquía. As forzas políticas e sociais. -A Constitución de 1931 e o bienio reformista. -A evolución política da II República. -Os nacionalismos na II República. O Estatuto galego de 1936. -A cultura española e galega desde os inicios da Idade de Prata ata 1936.

V.2. A Guerra Civil. -A sublevación militar. O alzamento en Galicia. -Evolución política das dúas zonas. -A internacionalización do conflicto.

DICTADURA E DEMOCRACIA.

España durante o franquismo. -Fundamentos ideolóxicos e sociais do réxime franquista. Evolución política e conxuntura internacional. -A oposición ó réxime. A oposición armada e a oposición política en Galicia. -As transformacións socioeconómicas e os cambios sociais e culturais.

VI.2. A España democrática. -A transición política. A Constitución de 1978 e o Estado das autonomías. -A transición política en Galicia. O Estatuto galego. -Economía e sociedade na España actual. -Os gobernos democráticos e a integración en Europa. Galicia no marco español e europeo.

ACTITUDES, VALORES E NORMAS.

Adopción dunha postura crítica e de rigor ante as distintas fontes de producción do coñecemento histórico. -Promove-lo interese polo coñecemento crítico de sociedades e culturas diversas, tanto históricas como actuais, e a súa percepción como elementos enriquecedores da existencia colectiva da humanidade. -Fomentar un sentimento positivo de pertenza a unha Comunidade nacional (Galicia), a un Estado histórico (España), e a unha cultura europea e universal desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, Estados e culturas. -Consolidar actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diferentes pobos de España, respectando e valorando positivamente os aspectos comúns e diferenciais e a pertenza simultánea a máis dunha identidade colectiva. -Fomento do compromiso activo, responsable e consciente coa paz, a democracia e os dereitos humanos e sensibilidade fronte ós problemas derivados das situacións de desigualdade.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

CONTIDOS CONCEPTUAIS

A CIENCIA HISTÓRICA:

- A historia como ciencia e os seus problemas.
- Fontes e procedementos para o coñecemento histórico.
- Natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes.

AS RAÍCES HISTÓRICAS:

- Hispania e Gallaecia na Prehistoria e na Antigüidade.
- A Idade Media: Al-Andalus e os reinos cristiáns medievais.

ANTIGO RÉXIME:

- Características esenciais da economía, da sociedade e do sistema político:
    - O proceso de agrupación territorial da monarquía hispánica.

  - O paso da monarquía autoritaria á monarquía absoluta.
  - A economía do imperio español, a súa decadencia e os intentos teóricos e prácticos de rexeneración.
  - A sociedade estamental e os freos ó desenvolvemento da burguesía autóctona.

A IMPLANTACIÓN DO LIBERALISMO:

- O impacto da Revolución Francesa.
- A guerra da Independencia e a Constitución de 1812.
- As dificultades do liberalismo na primeira metade do século XIX (alzamentos, Guerras Carlistas...).
- A Desamortización e a súa repercusión política e económica.
- Os inicios da industrialización en España e os problemas asociados.
- As pervivencias sociais do Antigo Réxime e as novas estructuras sociais urbanas.

SEXENIO REVOLUCIONARIO:

- Os ensaios políticos e económicos desta fase e a súa repercusión no futuro.

A RESTAURACIÓN

- sistema político da Constitución de 1876 e o seu funcionamento.
- A crise da Restauración:
  - O desastre de 1898.
  - A oposición ó modelo e a súa actuación política.
  - Os problemas económicos e sociais estructurais e coxunturais,
  - A Dictadura de Primo de Rivera como manifestación da definitiva desintegración do sistema.
- As alternativas políticas ó Estado unitario e centralizado:
  - O rexionalismo e o nacionalismo.

A II REPÚBLICA E A GUERRA CIVIL:

- A Constitución de 1931.
- Etapas do réxime republicano.
- A conflictividade política, social, ideolóxica e nacional.
- Os estatutos de autonomía.
- A guerra Civil:
  - Fases e internacionalización do conflicto
  - O plantexamento da economía de guerra nos dous bandos.
  - Balance demográfico e económico da guerra.

O RÉXIME DE FRANCO:

- Análise política, económica, cultural e social das fases do franquismo en relación ca coxuntura interna e externa (autarquía, apertura dos 60 e fin do réxime).
- As forzas de oposición á dictadura no interior e no exterior.
- Os movementos migratorios e o boom demográfico e as súas repercusións na actualidade.

A TRANSICIÓN E A ESPAÑA ACTUAL:

- A transición política (Constitución de 1978, estatutos de autonomía, Golpe de Estado do 23-F, tendencias electorais...).
- A transición económica (efectos da crise de ´73, Pactos da Moncloa, reconversión industrial, ingreso na C.E.E. situación macroeconómica actual,...)
- A transición sociocultural (o proceso de cambio de mentalidades sociais e as súas manifestacións culturais e sociolóxicas).
- España no escenario internacional (a U.E., a O.T.A.N., a Conferencia de Helsinki, as Cumbres Iberoamericanas...).

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Fomenta-las actitudes críticas ante as distintas fontes. Desenvolver o criterio persoal, rexeitando o dogmatismo e a violencia para desenvolve-los conflictos.
- Interese por coñece-las causas das actuacións persoais na explicación dos cambios históricos.
- Valoración crítica dos modelos de organización política e do coñecemento histórico como medio para a comprensión de problemas actuais e a resolución dos problemas.
- Valoración da democracia e as liberdades públicas e privadas como o producto do traballo e sufrimento de moitas xeracións, asumindo o compromiso da súa defensa.
- Valoración do esforzo económico das xeracións precedentes para garantir o benestar ós seus descendentes.
- Actitude solidaria cos pobos que atravesan situacións de autoritarismo político, severa crise económica ou illamento internacional.
- Rexeitar a censura ideolóxica directa e indirecta que impide a difusión de manifestacións creativas pacíficas das persoas e dos grupos.
- Fomento do compromiso activo, responsable e consciente coa paz, a democracia e os dereitos humanos e sensibilidade fronte aos problemas derivados das situacións de desigualdade.
- Toma de conciencia da importancia dunha preparación en Historia para adoptar unha posición social crítica propia.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

Para alcanzar os obxectivos desta materia trabállase cun modelo explicativo do cambio histórico baseado na distinción de distintos sistemas configurados por uns trazos sociais, políticos, económicos, culturais e ideolóxicos específicos que se desenvolven nun período de tempo determinado e que evolucionan e orixinan novos sistemas.

Os procedementos metodolóxicos escollidos para acadar os obxectivos do curso opta por combinar a construcción do coñecemento histórico do alumno sobre unha dobre base:

A exposición oral significativa por parte do profesor na aula, dirixindo e organizando o traballo e a selección dos aspectos a traballar e o análise de fontes documentais por parte dos alumnos. A elección desta metodoloxía condiciona a presentación dos contidos, de forma que se debe combinar a información explícita, que facilite a comprensión dos fenómenos históricos, coa reconstrucción e verificación da información por parte dos alumnos mediante a lectura e comentario de documentos históricos.

Segundo o plantexamento antes exposto, os contidos procedimentais son os seguintes:

- Análise e utilización critica de gráficos, testemuñas escritas, material audiovisual e fontes orais.
- Análise e utilización crítica de fontes e de material historiográfico diverso.
- Contraste de fontes históricas, elaborando sínteses que integren información de diferente tipo.
- Construcción de gráficos e mapas para ordenar, contextualizar e secuenciar feitos históricos.
- Identificación e clasificación dos factores causais que explican procesos de cambio global ou feitos históricos.
- Análise das accións e intencións dos grupos e persoas que interveñen nalgún proceso de cambio, relacionando a acción individual e o comportamento colectivo.
- Análise de gráficos que vinculen os cambios socioeconómicos cos políticos e ideolóxicos.
- Establecemento de semellanzas e diferencias entre os distintos sistemas políticos: monarquía parlamentaria, república, Estado federal,...
- Identificación e análise dos factores causantes do desequilibrio territorial no desenvolvemento económico da España contemporánea.
- Relación entre industrialización e evolución demográfica, movementos migratorios, vías de comunicación, etc.
- Análise de documentación que permita sinala-la sincronía, no tempo e no espacio, dos cambios políticos, económicos, sociais e culturais.
- Identificación de acontecementos internacionais que inflúen no devenir histórico de España.
- Traballos de micro historia: a vida cotiá no período estudiado.
- Comentarios de textos de interpretación múltiple do feito histórico, tal e como recomenda a C.I.U.G.
- Realización de esquemas sincrónicos e diacrónicos dos diferentes feitos e procesos históricos.
- Definir claramente o vocabulario básico usado na explicación da historia contemporánea.
- Elaboración de cadros comparativos dos principais documentos xurídicos de idade contemporánea en España (constitucións, estatutos de autonomía...).

TEMPORALIZACIÓN:

Temas	Nº de sesións
Hispania e Gallaecia na Antigüidade	7
Al-Andalus e os reinos cristiáns medievais	12
Os Reis Católicos e a Monarquía Hispánica	13
A Monarquía borbónica	10
Inicios e consolidación do réxime liberal (1808-1868)	10
O Sexenio Revolucionario	6
A Restauración borbónica	15
As transformacións socioeconómica desde 1808 a 1931	10
A II República e a Guerra Civil	12
A España franquista	12
A España democrática	13

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase que o alumnado:

- Recoñeza na realidade actual as posibles pervivencias do pasado.
- Analice a interrelación causal entre os diferentes factores que condicionan a traxectoria histórica de España e de Galicia.
- Relacione os procesos e acontecementos propios da historia de España e de Galicia cos correspondentes ós ámbitos europeo, hispanoamericano e internacional.
- Comprenda os trazos esenciais da sociedade española e galega actual a partir da identificación dos procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento da dinámica histórica, incidindo na transcendencia da Constitución de 1978 e na construcción do Estado das Autonomías.
- Caracterice as grandes etapas do pasado histórico de España e Galicia, destacando as súas aportacións básicas e sinalando os seus aspectos comúns e diversos.
- Coñeza e analice os procesos, feitos e personaxes máis relevantes da historia de España e de Galicia, situándoos cronoloxicamente dentro dos diferentes ritmos de cambio e permanencia.
- Coñeza de forma sintética a evolución das ideoloxías, das institucións, dos intereses dos grupos sociais e da economía estructural do territorio.
- Sitúe cronoloxicamente acontecementos e procesos relevantes da Historia, e analice a vinculación con determinados personaxes e relacione a acción individual coa colectiva.
- Sinale as relacións que teñen feitos e procesos da Historia de España co contexto internacional, ponderando as influencias recíprocas e as diferencias.
- Caracterice a diferente evolución socioeconómica e cultural dos ámbitos rexionais de España e identifique as distintas propostas de organización territorial do Estado na época moderna e contemporánea.
- Caracterice a diferente evolución socioeconómica e cultural do ámbito urbano e rural, os problemas e as solucións propostas en cada época e por cada grupo ideolóxico.
- Analice os caracteres definitorios de distintas épocas de España e Galicia, establecendo unha comparanza entre elas que permita aprecia-las permanencias e os cambios.
- Identifique as diversas causas e consecuencias dun proceso histórico, analice as súas interrelacións e valore a importancia relativa de algunha delas, desde ópticas tanto coetáneas como historiográficas.
- Identifique e describa as principais formas históricas de organización e exercicio do poder, así como de recoñecemento dos dereitos individuais e colectivos, valorando a súa relación coas distintas ideoloxías políticas e co ordenamento constitucional actual.
- Recoñeza, sitúe no tempo e describa manifestacións culturais dos derradeiros séculos, analizando as súas relacións co contexto histórico e ponderando a súa aportación á cultura actual e universal.
- Manexe con propiedade o vocabulario histórico.
- Redacte con precisión, orde e claridade formal e de ideas. Domine a técnica do comentario de texto.

- Obteña, de fontes diversas, información sobre o pasado, valorando a súa relevancia e captando a relación cos coñecementos teóricos adquiridos.
- Obteña e valore criticamente información relevante procedente de diferentes fontes e empregue a mesma para a emisión dun xuízo razoado sobre os aspectos esenciais da evolución histórica de España e de Galicia.
- Aprecie actitudes de tolerancia, relativismo crítico e respecto á realidade plural e multiforme que caracteriza ás sociedades actuais.
- Recoñeza os criterios valorativos propios da nosa época nas diferentes interpretacións do pasado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A cualificación dos alumnos en cada trimestre é resultado das cualificacións das probas escritas, do traballo na aula e da actitude cara á asignatura e os compañeiros. Os aspectos conceptuais e procedimentais non superados poden ser recuperados en probas extraordinarias orais e escritas, mentres que as carencias actitudinais só poden ser recuperadas cun cambio de actitude positivo na aula. O mesmo criterio rexe para as probas extraordinarias de setembro.
- Os traballos e exames realizados polos alumnos deberán presentar unha correcta expresión ortográfica, léxica e semántica. Por cada erro nalgún destes aspectos serán descontados 0'1 puntos ata un máximo dun punto por exame ou traballo.
- En cada avaliación os alumnos farán a lo menos unha proba escrita, seguindo as normas fixadas polos Grupos de Traballo, que será avaliada segundo os criterios fixados pola C.I.U.G. Só na 1ª avaliación, e parcialmente na 2ª (con capacidade de elección por parte do alumno ou alumna), non se seguirá o modelo CIUG, neste caso a proba escrita basearase no modelo de 1º de BAC: con comentario e/ou preguntas de teoría, cualificado sobre 10 puntos. Na seguinte avaliación avaliarase seguindo o modelo da CIUG. Preténdese con este modelo facilitar o traballo aos alumnos do Bacharelato de Ciencias que, ao non cursaren a materia de Historia en 1º de BAC, non poden dominar a técnica de comentario como os estudiantes dos Bacharelatos de Humanidades e Ciencias Sociais.
- En cada trimestre o profesor ou profesora poderá esixir a presentación de comentarios de texto sobre os temas estudiados, os traballos deberán ser avaliados previamente á sesión de avaliación correspondente, polo que serán entregados ó profesor dez días antes de dita sesión.
- A cualificación do trimestre será basicamente a de dita proba, complementada polas aportacións do alumno nas clases e pola presentación dos exercicios obrigatorios e voluntarios propostos. Cada avaliación poderá levar asociada unha proba de recuperación.

  Para a cualificación de cada avaliación teranse en conta, a parte das probas escritas puntuadas sobre 10, o traballo e a actitude do alumno cara a materia.

  Por traballo, enténdese as actividades que se realicen na clase e os comentarios ou tarefas na casa.

  Por actitude, enténdese a atención, o esforzo por progresar e o respecto ó profesor e ós compañeiros.
- Ó remata-lo curso os alumnos que non superasen unha ou dúas avaliacións, teñen dereito a unha recuperación global na que deben acada-la cualificación de 5 puntos para seren avaliados positivamente.

- O carácter da asignatura e as disposicións oficiais (CIUG) lévannos a plantexar as probas escritas cun carácter continuista, incluíndo na segunda avaliación parte da materia teórica da primeira e na terceira parte dos contidos das precedentes. A cualificación da terceira proba escrita terá, polo tanto, máis peso na cualificación final que as dúas anteriores.

METODOLOXÍA ESPECÍFICA

Como apoio técnico a ensinanza da Historia de España recomendamos ós alumnos a compra dun libro de texto, neste caso trátase da proposta didáctica de Ana Romero Masiá e Xosé Alfeirán Rodríguez , editado polo Consorcio Editorial Galego; o mesmo tempo usaremos na aula mapas históricos murais, vídeo e fotocopias de textos históricos que complementen as explicacións do profesor. A presentación de traballos escritos voluntarios e obrigatorios permitirán ó profesor non só analizar o proceso de aprendizaxe conceptual senón tamén o dominio da técnica de comentario e a expresión escrita do alumno. Os traballos serán entregados debidamente corrixidos ós alumnos, para que poidan aprender dos erros e afrontar as probas escritas con seguridade e criterio.

A estructura do libro de texto permite o tratamento globalizador e ó mesmo tempo particularizado dos temas do programa ó dividir os temas en apartados teóricos ben definidos intercalando documentos escritos e gráficos na narración. Estes documentos veñen clasificados segundo a súa importancia para a comprensión e análise da materia, polo que poden ser adaptados ós diferentes niveis académicos dos alumnos. Como complemento do anterior, aportan informacións puntuais nas marxes que amplían algún aspecto concreto relacionado coa información xeral. As cuestións propostas permiten dinamiza-la clase e garantir a comprensión dos conceptos. Cada tema ven precedido por un cadro cronolóxico que sitúa ó alumno na época a tratar.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A asignatura de Historia de España, ó ser común a tódolos alumnos de 2º de Bacharelato, conleva a dificultade engadida da diferente motivación previa dos alumnos e o diferente dominio da técnica de comentario de texto e do vocabulario histórico, por isto a proba de avaliación inicial cobra unha importancia esencial, reservando o primeiro mes de curso para introducir ós alumnos nos conceptos e técnicas básicas da asignatura , familiarizaralo nas técnicas de traballo histórico e no vocabulario básico da materia e tentando que, a lo menos, capten a importancia da asignatura para entender a actualidade e o seu rol como cidadáns.

XEOGRAFÍA DE ESPAÑA

INTRODUCCIÓN

A asignatura de Xeografía de España, incorporada como propia da modalidade do currículo de 2º de Bacharelato de Ciencias Sociais, pretende familiarizar ó alumno non só cos aspectos máis suliñables da xeografía física, humana e económica de España, senón ca Xeografía no seu conxunto, como ámbito básico de estudio do medio do home, obxectivo último da Ciencias Sociais.

A complexidade do medio no que vivimos percibímola con certos niveis de organización que é debida a interacción entre o ser humano e a Naturaleza. A comprensión desta organización é indispensable para poder intervir nela ou para contribuir á súa mellora.

A estructura conceptual da materia fixada no Decreto 275/1994 ven sendo modificada parcialmente polo Decreto 231/2002 do 6 de xuño que entra en vigor no presente curso académico.

OBXECTIVOS XERAIS

Os contidos seleccionáronse tendo en conta o Decreto antedito e as recomendacións do Equipo de Traballo de Xeografía da C.I.U.G. e, polo tanto, están encamiñados a prepara-lo alumno para superar con éxito as probas de ingreso na universide e dota-lo de instrumentos básicos para a súa integración nos estudios superiores.

De acordo con isto, os obxectivos da asignatura incidirán sobre os seguintes aspectos:

- Dominar os procesos básicos na construcción do coñecemento en Xeografía, en especial tanto a causalidade múltiple coma a interacción de variables ecoxeolóxicas ou sistemas de organización territorial resultantes;
- Identificar e comprender os elementos básicos da organización territorial, utilizando conceptos, procedementos e destrezas especificamente xeográficas para explica-lo espacio como unha realidade dinámica, diversa e complexa, na que interveñen múltiples factores.
- Comprender e analiza-la realidade xeográfica de España e de Galicia como un espacio dinámico que é resultado da interrelación de procesos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais que actúan nun marco natural e histórico particular.
- Coñecer e comprender a diversidade e a pluralidade do espacio xeográfico español, e identifica-los grandes contrastes e a complexidade territorial derivada dos distintos factores naturais, históricos e de organización espacial que foron modelando a sociedade, a cultura e o territorio de forma interdependente.
- Explicar a posición de España e de Galicia nun mundo cada vez máis interrelacionado, no que coexisten procesos de globalización na economía e de desigualdade socioeconómica, ante a que se formulan respostas locais; prestando unha atención especial á Unión Europea, as súas características territoriais e as consecuencias da integración de España.
- Valorar a función do medio natural, dos recursos e das actividades productivas na configuración do espacio xeográfico español, recoñece-la súa relación mutua coa sociedade, percibi-la condición do home como axente de actuación máis poderoso e rápido sobre o medio.
- Dominar os conceptos básicos que explican as paisaxes diferenciadas, coma o clima, o relevo, a densidade...;
- Interiorizar datos básicos para operar cos procesos xeográficos e manexar as fontes de estudio da materia;
- Entender a poboación como o recurso esencial coas características cuantitativas e cualitativas que interveñen de forma eminente na configuración e no dinamismo dos procesos que definen o espacio.
- Comprender a interdependencia de tódolos territorios que integran España, así como a Unión Europea e outros ámbitos xeográficos mundiais, para desenvolver actitudes de coñecemento, respecto, aprecio e cooperación cos espacios próximos e afastados ó hábitat do alumno desenvolver actitudes positivas e valores vinculados á defensa do medio, ó respecto a pluralidade e a solidariedade interpersoal, interrexional e internacional.

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

NATUREZA E AMBIENTE EN ESPAÑA.

Características xerais do medio natural. Diversidade xeolóxica, morfolóxica, climática e hídrica. -A variedade dos grandes conxuntos españois: identificación dos seus elementos xeomorfolóxicos, estructurais, climáticos e bioxeográficos. -Natureza e recursos en Galicia e España. Materias primas, fontes e recursos enerxéticos. -Natureza e ambiente español: situación, condicionamentos e problemas. A protección dos espacios naturais. -A auga: cuncas e vertentes hidrográficas. Réximes fluviais. Regulación e distribución dos recursos hidráulicos. Natureza e ambiente en Galicia.

RECURSOS HUMANOS E ORGANIZACIÓN ESPACIAL EN ESPAÑA.

A poboación española: evolución da poboación e da súa distribución espacial. Dinámica demográfica natural, movementos migratorios exteriores, interiores e o fenómeno da inmigración actual. Estructura demográfica actual. Despoboamento e reorganización da poboación: o exemplo de Galicia. -O proceso de urbanización en España: complexidade do fenómeno urbano. Evolución histórica da urbanización. Características do sistema urbano español. O declive do mundo rural. As parroquias e vilas galegas. -Morfoloxía e estructura das cidades españolas. A pegada da historia da cidade preindustrial. A cidade industrial. A cidade das recentes transformacións sociais e económicas. -A organización territorial de España na Constitución de 1978. O Estado das autonomías: orixe, proceso e mapa autonómico. Caracteres xeográficos básicos de cada unha das comunidades autónomas. -Os desequilibrios territoriais: contrastes espaciais entre as comunidades autónomas. Disparidades demográficas e desigualdades socioeconómicas. Os desequilibrios rexionais en España e as políticas rexionais da Unión Europea.

O ESPACIO XEOGRÁFICO NAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Acción dos factores socioeconómicos no territorio español: evolución histórica, panorama actual e perspectivas. -A pluralidade dos espacios rurais: transformación e diversificación das actividades rurais e a súa plasmación en tipoloxías espaciais diversas. As dinámicas recentes do mundo rural. -A reconversión da actividade pesqueira. A pesca en Galicia e os seus problemas. O desenvolvemento da acuicultura. -Os espacios industriais: evolución histórica e características ata a industrialización da segunda metade do século XX. Crise do modelo de desenvolvemento concentrado e reestructuración industrial: tendencias actuais da industria galega e española. -Os espacios de servicios: proceso de terciarización da economía española. A heteroxeneidade dos servicios e o seu desigual impacto territorial. Os transportes e as comunicacións. Os espacios turísticos: factores explicativos do desenvolvemento turístico español. Tipoloxías das rexións turísticas e impacto espacial do turismo. Novas tendencia do turismo.

ESPAÑA NO SISTEMA MUNDO.

O espacio xeográfico: noción e características do espacio xeográfico. Elementos e instrumentos de información e representación xeográfica. Nocións de análise de localizacións e distribucións espaciais. -Globalización e diversidade no mundo actual: procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Clasificacións das áreas xeoeconómicas. -Caracteres xeográficos esenciais de Galicia e España: situación xeográfica. Contrastes e diversidade internos. Posición relativa no mundo e nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas.

ESPAÑA EN EUROPA.

O camiño cara á integración europea. Das comunidades europeas á Unión Europea. Estructura territorial e institucional da Unión Europea; perspectivas e retos do futuro. -Natureza e ambiente na Unión Europea. Os contrastes físicos: relevo, climas e hidrografía; situación do ambiente e políticas comunitarias con incidencia ambiental. -Territorio e sociedade na Unión Europea. Caracteres socioeconómicos xerais da Unión Europea e dos estados membros. Disparidades rexionais; políticas rexionais e cohesión territorial. -A posición de Galicia e España

na Unión Europea: factores explicativos da integración de España. Consecuencias iniciais trala integración. Situación actual e perspectivas. -O impacto en Galicia.

ACTITUDES, VALORES E NORMAS.

Valorar e respecta-la diversidade cultural, lingüística e étnica do mundo e manter unha actitude crítica ante as opinións ideolóxicas diferentes en relación coa articulación administrativa de Europa. -Valorar de forma crítica as diferentes percepcións do fenómeno da globalización. -Curiosidade por coñece-los diversos medios e paisaxes existentes no mundo. Interesarse por coñece-las relacións de España e de Galicia coas diferentes zonas do mundo. Valorar de forma crítica as diferentes percepcións de Europa. -Curiosidade por coñece-los diversos medios e paisaxes existentes en Europa. Interesarse por coñece-los distintos aspectos da integración de Galicia e de España na Unión Europea. -Interesarse por coñece-los distintos aspectos físicos de Galicia e de España e mostrar interese pola conservación e o uso social do patrimonio natural existente. -Valora-las limitacións que implican para os asentamentos humanos os diferentes medios ecoxeográficos. -Valorar de forma crítica o proceso de industrialización. -Tomar conciencia das desigualdades no nivel de renda das rexións españolas. -Valora-lo impacto no medio da actividade humana. -Valora-las formas de asentamento demográfico. -Respecta-la diversidade cultural, relixiosa e lingüística da poboación española. -Toma de conciencia das diferentes formas da organización do territorio nun mundo de convivencia e respecto polas minorías.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

CONTIDOS CONCEPTUAIS

I.- ESPAÑA NO SISTEMA MUNDO

- O espacio xeográfico:
  - Noción e características do espacio xeográfico.
  - Elementos e instrumentos de información e representación xeográfica.
  - Nocións de análise de localización e distribucións espaciais.
- Globalización e diversidade do mundo actual: procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Clasificación das áreas xeoeconómicas.
- Caracteres xeográficos esenciais de Galicia e de España: situación xeográfica. Contrastes e diversidade interna. Posición relativa no mundo e nas áreas socioeconómica e xeopolíticas.

II.- ESPAÑA EN EUROPA

- O camiño cara a integración europea. Das comunidades europeas á Unión Europea. Estructura territorial e institucional da Unión Europea; perspectivas e retos cara ó futuro.
- Natureza e medio ambiente na Unión Europea. Os contrastes físicos: relevo, climas e hidrografía; situación do medioambiente e políticas comunitarias con incidencia ambiental.
- Territorio e sociedade na U.E. Características socioeconómicas xerais da U.E. e dos Estados membros. Disparidade rexional; políticas rexionais e cohesión territorial.
- A posición de España na U.E.; factores explicativos da integración de España. Consecuencias iniciais trala integración. Situación actual e perspectivas.

III.- O MEDIO NATURAL E AS SÚAS PAISAXES

- Xeomorfoloxía e clasificación das principais unidades de relevo da Península Ibérica; aspectos da paisaxe vinculados ó proceso xeomorfolóxico.
- Os grandes dominios climáticos (oceánico, interior, mediterráneo e de montaña): descrición, xustificación, factores condicionantes e consecuencias nos aspectos físicos, humanos e económicos.
- Os sistemas fluviais na Península Ibérica: Descrición, análise de réximes, vinculación ca morfoloxía e o clima, consecuencias para a economía e a demografía.
- A vexetación natural e a acción antrópica. Problemas ecolóxicos da ruptura do equilibrio natural do medio.

IV.- A POBOACIÓN ESPAÑOLA E A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

- Evolución histórica dos parámetros demográficos e a súa repercusión. A poboación na actualidade: factores influíntes no seu comportamento cuantitativo, distribución xeográfica e socio-profesional, liñas migratorias, previsións da evolución demográfica.
- Urbanismo: evolución histórica, configuración da rede urbana, morfoloxía urbana, funcionalidade das cidades, a mentalidade urbana.
- A organización territorial de España na Constitución do´78. O Estado des autonomías: orixe, proceso e mapa autonómico e provincial. Caracteres xeográficos básicos de cada unha das Comunidades Autónomas.
- Os desequilibrios territoriais: contrastes espaciais entre CC.AA. Disparidades xeográficas e desigualdades socioeconómicas. Os desequilibrios rexionais en España e as políticas rexionais da U.E.

V.- XEOGRAFÍA ECONÓMICA

- Sector primario:
    - Factores físicos e históricos que condicionan os modos de explotación directa da Naturaleza.
    - Evolución histórica do sector.
    - Elementos, sistemas de cultivo e tipos de paisaxes agrarios. A agricultura e o mercado,
    - A P.A.C.
    - A agricultura e a industria.
    - A pesca tradicional e tecnificada, áreas pesqueiras, a acuicultura, problemas do sector pesqueiro.
    - A minería extractiva e a silvicultura na actualidade.
- Sector secundario:
    - Evolución histórica do proceso industrial e factores políticos e naturais condicionantes.
    - Clasificación das industrias e localización espacial.
    - O proceso de reconversión industrial, intervención do Estado no sector e os novos sectores punteiros.
    - A industria e o mercado.
    - Política industrial da Unión Europea.
- Sector terciario:
    - Evolución histórica do sector.

- A terciarización da economía.
- Intervención do Estado no sector e proceso de privatizacións.
- A política da U.E. respecto ó sector.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Interpretación de mapas temáticos.
- Transcrición de datos estatísticos a gráficos e mapas conceptuais.
- Interpretación de gráficos e series estatísticas.
- Comentario de textos. Contraste de fontes de información
- Interpretación de fotografías e planos.
- Elaboración dun diccionario de termos xeográficos.
- Visitas de estudio a fábricas e explotacións agropecuarias.
- Elaboración de mapas físicos e políticos de España.
- Elaboración de esquemas conceptuais que interrelacionen os fenómenos estudiados.
- Recompilación e interpretación de información de prensa sobre actualidade demográfica, económica e política
- Elaboración e memorización de mapas físicos e políticos..

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Valoración e respecto pola diversidade cultural, económica, paisaxística do Estado Español.
- Interese por coñecer e por valora-los condicionantes e as dificultades que presentan a insularidade, os illamentos das zonas de montaña ou as áreas de marxinación urbana.
- Valoración dos bens naturais e interese pola súa conservación.
- Valoración da historia e do medio físico como factores explicativos da actualidade económica, demográfica e política.
- Percepción das diferencias entre o Primeiro e Terceiro Mundo. As relaciones económicas e demográficas Norte/Sur.
- Desenvolvemento de actitude crítica ante as fontes da xeografía.
- Percepción dos desequilibrio económico interrexional e intrarexional.
- Valoración da influencia da conxuntura internacional na nacional, rexional e local.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación estarán condicionados polas disposicións da C.I.U.G. e polo traballo diario do alumno. Segundo estes principios valoraremos que o alumnado:

- Analice a organización política e administrativa española e os seus efectos espaciais. Valore, mediante o manexo de distintas fontes, a desigual distribución da riqueza nas distinta Comunidades Autónomas.
- Coñeza a orixe e evolución dos principais elementos morfoestructurais da Península Ibérica.
- Coñeza e explique a variedade hidrográfica, climática e de vexetación natural da Península Ibérica e as illas incluídas no Estado.
- Coñeza os rasgos xerais do medio natural europeo, español e galego e a diversidade de conxuntos naturais; identifique os seus elementos, a súa dinámica e as súas interaccións e atenda especialmente o papel da acción humana.

- Analice o estado do medio ambiente e dos recursos naturais en España e en Galicia, relacionándoos coa organización social e o nivel de desenvolvemento económico para comprender e valora-lo uso racional dos recursos e o respecto polo medio ambiente.
- Recoñeza os principais medios ecoxeográficos de España, identifique as variables que os configuran, explique as súas interrelacións e valore a incidencia da acción humana neles.
- Clasifique, describa e analice as características dos espacios productivos españois e galegos: rurais, industriais, de producción enerxética e de servicios, e coñeza a súa dinámica recente para identificar e explicar, segundo proceda en cada caso, os factores de localización, a distribución territorial, as tipoloxías espacias resultantes e as tendencias actuais das actividades productivas en relación co espacio xeográfico.
- Analice as orientacións espaciais da industria e a evolución das áreas tradicionais e a repercusión social, ecolóxica, económica e políticas do fenómeno fabril.
- Identifique os problemas fundamentais das principais actividades económicas e avalíe as principais repercusións nela da conxuntura internacional e da pertenza de España á Unión Europea.
- Identifique as características do sistema mundo e os rasgos esenciais da Unión Europea para comprende-los factores que explican a situación de España nunha área xeoeconómica determinada e as súas consecuencias espaciais.
- Recoñeza de forma descritiva os principais elementos da xeografía física e política peninsular.
- Analice a estructura e conxuntura demográfica española e os desequilibrios rexionais.
- Identifique e interprete a evolución, a dinámica natural e migratoria, a estructura e a distribución espacial da poboación española, recoñecendo as súas características demográficas actuais, as súas diferencias territoriais e as perspectivas de futuro.
- Interprete o proceso de urbanización español e galego para explica-la configuración do sistema urbano actual e a transformación do medio rural, así como a dinámica da estructura interna das cidades e o seu estado actual. Identifique os cambios.
- Explique os efectos que a organización espacial das cidades ten na vida social e a súa relación coas decisións políticas.
- Recoñeza as principais etapas da construcción europea, identifique as súas institucións e funcionamento interno; valore as consecuencias de súa política socioeconómica.
- Obteña, clasifique e utilice informacións de contido xeográfico procedente de fontes variadas: cartográficas, estatísticas, textos e imaxes diversas para localizar e interpreta-los fenómenos espaciais e as súas interrelacións.
- Elabore, así mesmo, mapas, gráficos e informes, e empregue un vocabulario específico e uns procedementos correctos para explicar feitos e procesos xeográficos.
- Describa a organización territorial española en Comunidades Autónomas e identifique os seus rasgos xeográficos máis característicos, para comprender e valora-la pluralidade histórica, cultural, socioeconómica e espacial de España.
- Distinga os principais contrastes territoriais, tanto entre Comunidades Autónomas como internos en Galicia , analice os desequilibrios territoriais existentes en España e coñeza as políticas europeas do desenvolvemento rexional coma o Eixo Atlántico.
- Extraia e analice información xeográfica de documentos diversos, elabore con corrección distintos tipos de gráficos e interpréteos, vinculando a teoría co contido do documento.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A cualificación dos alumnos en cada trimestre é resultado das cualificacións das probas escritas, do traballo na aula e da actitude cara á asignatura e os compañeiros. Os aspectos conceptuais e procedimentais non superados poden ser

recuperados en probas extraordinarias orais e escritas, mentres que as carencias actitudinais só poden ser recuperadas cun cambio de actitude positivo na aula. O mesmo criterio rexe para as probas extraordinarias de setembro.

- Para a cualificación de cada avaliación teranse en conta, aparte das probas escritas puntuadas sobre 10, o traballo e a actitude do alumno cara a materia.
- Por traballo, enténdese as actividades que se realicen na clase e os deberes ou tarefas na casa.
- Por actitude, enténdese a atención, o esforzo por progresar e o respecto ó profesor e ós compañeiros.
- Os traballos e exames realizados polos alumnos deberán presentar unha correcta expresión ortográfica, léxica e semántica. Por cada erro nalgún destes aspectos serán descontados 0'1 puntos ata un máximo dun punto por exame ou traballo.
- Ó remata-lo curso os alumnos que non superasen unha ou dúas avaliacións, teñen dereito a unha recuperación global na que deben acada-la cualificación de 5 puntos para seren avaliados positivamente.
- O carácter da asignatura e as disposicións oficiais (CIUG) lévannos a plantexar as probas escritas cun carácter continuista, incluíndo na segunda avaliación parte da materia teórica da primeira e na terceira parte dos contidos das precedentes. A cualificación da terceira proba escrita terá, polo tanto, máis peso na cualificación final que as dúas anteriores.

METODOLOXÍA ESPECÍFICA

O instrumento básico de traballo é o libro de texto que, nesta asignatura, é o proxecto didáctico da editorial Anaya. O manual adáptase facilmente os contidos conceptuais requiridos, e aporta vocabulario básico, boa cartografía, esquemas conceptuais axeitados, actividades coherentes e apartados sobre técnicas de traballo xeográfico.

O curso queda dividido nas tres avaliacións ou trimestres nos que abordaremos a materia da forma seguinte:

- I trimestre: Xeografía física.
- II trimestre: Xeografía humana.
- III trimestre: Xeografía económica.

En cada trimestre haberá, ó menos, unha proba escrita (e a recuperación correspondente). Ó final do curso, ós alumnos que non superasen unha ou dúas avaliacións terán dereito a facer unha proba final na que deberán acadar a cualificación de 5 puntos. É condición indispensable para supera-lo curso o dominio do mapa físico e político de España

A cualificación de cada avaliación terá en conta todos os aspectos anteditos, así como a actitude xeral do alumno na aula. As probas escritas intentaran, na medida do posible, adaptarse ó modelo de exame selectivo proposto pola C.I.U.G.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cabe subliñar que tódolos alumnos de Xeografía ten que cursar a asignatura de Historia de España, feito que facilita a interrelación conceptual e procedimental. A mesma circunstancia facilita a aprendizaxe dos alumnos que optaron pola asignatura de Xeografía, Arte e Historia de Galicia, o profesor tentará compensar con explicacións complementarias ós alumnos que no optaron por esta asignatura.

O traballo continuado na aula e as probas de control periódicos pretenden manter un seguimento continuado de cada alumno, propiciar a súa motivación e articular os exercicios complementarios e de reforzo personalizados.

HISTORIA DA ARTE UNIVERSAL

INTRODUCCIÓN

A arte é unha constante do espírito humano, unha forma de comunicación e de expresión que produce múltiples sensacións; unha linguaxe, un testemuño da sociedade desde os comezos ata hoxe; un feito histórico en si mesma.

A Historia da Arte é unha disciplina autónoma, cos seus propios obxectivos e métodos. O obxecto de estudio desta materia é a obra de arte como producto resultante da intelixencia e da creatividade humana en diálogo permanente co tempo e co espacio, que se expresa cos seus propios códigos e enriquece a visión global da realidade.

A complexidade de factores que conflúen na creación artística leva á necesidade de establecer relacións con outras áreas de coñecemento e fomenta a interdisciplinariedade.

Trátase dunha materia necesaria para a preparación cultural e artística de tódalas persoas e, dun xeito concreto, para aquelas que opten por unha formación artística específica.

A arte constitúe unha realidade cada vez máis presente na conciencia colectiva da sociedade contemporánea. O ámbito das artes plásticas tradicionais enriqueceuse con outras aportacións das linguaxes visuais, de xeito que a cultura da imaxe forma parte da nosa realidade cotiá, e ten unha ampla difusión a través dos medios de comunicación social.

O estudio da Historia da Arte ten que aporta-los coñecementos necesarios para a análise, interpretación e valoración das obras de arte, a través de distintas metodoloxías e procedementos adecuados para a súa apreciación global e para contribuír a desenvolve-la sensibilidade artística.

As obras de arte son testemuños históricos coas que visualizamos e recreamos, dalgún xeito, unha época, unha sociedade, polo que cómpre estudia-la obra de arte no seu contexto sociocultural como punto de partida para a análise dos diferentes factores e circunstancias implicadas no proceso da creación da obra, sen esquece-las novas dimensións que adquiren co paso do tempo.

A importancia do patrimonio artístico, os desafíos que presenta a súa conservación, o potencial de recursos que contén constitúe outro motivo fundamental que demanda unha adecuada formación que promova o seu coñecemento, deleitación e conservación como legado que debe transmitirse ás xeracións do futuro, e dunha forma moi especial ás da nosa Comunidade Autónoma de Galicia.

A dificultade de abarca-la amplitude e complexidade da Historia da Arte fai necesaria unha selección dos contidos que permitan unha aproximación xeral ó desenvolvemento da arte de Occidente, cunha especial atención á arte contemporánea e á de Galicia.

A formulación dos contidos para este curso de Bacharelato debe entenderse nun sentido amplo e integrador.

OBXECTIVOS XERAIS

Co desenvolvemento deste programa, que se axusta ó establecido polo Grupo de Traballo da C.I.U.G., preténdese introducir ó alumnos na Historia da Arte, tratando de adaptar a materia

ás horas lectivas -catro semanais-, sen renunciar a un criterio de equilibro. Partindo desta idea é importante salientar que o estudio da obra de arte supón partir dun plano lóxico onde queden contemplados tanto os elementos específicos que corresponden á linguaxe artística, como os distintos factores externos que inciden na propia obra. Por iso sinalamos como obxectivos xerais que os alumnos adquiran as seguintes capacidades:

- Comprender e valora-los cambios na concepción da obra de arte e a evolución das súas funcións sociais ó longo da historia.
- Entende-las obras de arte na súa globalidade, como expoñentes da creatividade humana, susceptibles de seren admiradas por si mesmas e de seren valoradas como documento testemuñal dunha época e dunha cultura.
- Utilizar un método de análise que permita coñecer con rigor as obras de arte, desenvolvendo á vez a sensibilidade e a imaxinación.
- Recoñecer e diferenciar as manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilo da arte occidental, situándoos no tempo e no espacio e valorando a súa pervivencia en etapas posteriores.
- Coñecer, valorar e aprecia-lo patrimonio artístico, especialmente o de Galicia, contribuíndo á súa conservación como fonte de riqueza e posibilitando que se transmita ás futuras xeracións.
- Valora-la cidade, na súa dimensión espacial e temporal, como obxecto da Historia da Arte e marco privilexiado das súas manifestacións, e proxectar esta conciencia cara a súa evolución futura.
- Contribuír á formación estética, analítica e crítica, así como á capacidade de comunica-la empatía ante as creacións artísticas.
- Contribuír á formación do gusto persoal, á capacidade de goce estético e o sentido crítico, e aprender a expresar sentimentos propios ante a contemplación da obra de arte.
- Manexa-la linguaxe artística de cada unha das artes visuais e utilizar diferentes metodoloxías para a análise das obras da arte desenvolvendo, ó tempo, a propia sensibilidade e a imaxinación.
- Recoñecer e diferencia-las manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos e artistas da arte occidental e, particularmente, as de Galicia, situándoas no seu contexto histórico, valorando as posibles influencias e a súa pervivencia na arte posterior.
- Recoñecer a través dos cambios iconográficos dun mesmo tema a modificación dos valores estéticos, de mentalidade e pensamento propio de cada estilo artístico, do seu contexto histórico e da personalidade do artista.
- Realizar actividades de documentación e investigación a partir de fontes diversas sobre determinados aspectos da historia da arte.

CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

APROXIMACIÓN Á HISTORIA DA ARTE E ÁS LINGUAXES ARTÍSTICAS. -A arte coma expresión humana no tempo e no espacio. -A linguaxe das artes visuais e a súa terminoloxía. -Percepción e análise da obra de arte. -Pervivencia e conservación do patrimonio artístico.

OS INICIOS DA ARTE. -O legado da prehistoria: a pintura rupestre, a arquitectura megalítica. -Achegas artísticas de Exipto e Mesopotamia: arquitectura e plástica.

A ARTE CLÁSICA: GRECIA E ROMA -A arquitectura grega. As ordes. O templo e o teatro. A Acrópole de Atenas. -A evolución da escultura grega. -A arquitectura: caracteres

xerais. A cidade romana. Tipoloxías constructivas. -A escultura: o retrato. O relevo histórico. -A arquitectura da Hispania romana e a súa presencia en Galicia.

ARTE PALEOCRISTIÁ E BIZANTINA. -Achegas da primeira arte cristiá: a basílica. A nova iconografía. -Arte bizantina. A época de Xustiniano: Santa Sofía de Constantinopla e San Vital de Rávena.

O PRERROMÁNICO. -O contexto europeo. -O prerrománico español e a súa incidencia en Galicia: visigodo e asturiano. Arte mozárabe ou de repoboación.

A ARTE ISLÁMICA. -Orixes e trazos distintivos da arte islámica. -A arte hispanoárabe: a mesquita e o pazo.

A ARTE ROMÁNICA COMO A PRIMEIRA DEFINICIÓN DE OCCIDENTE. -A arquitectura: a igrexa románica. O mosteiro de Cluny. A arquitectura do Camiño de Santiago: a catedral de Santiago. -A portada románica: as Praterías. O Pórtico da Gloria. -A pintura mural: Tahull e o Panteón Real de San Isidoro de León. -Os mosteiros cistercienses en Galicia: innovacións cara ó gótico.

A ARTE GÓTICA COMO EXPRESIÓN DA CULTURA URBANA. -O sistema constructivo. A catedral gótica. Outras tipoloxías urbanas: lonxas e concellos. -As catedrais de Burgos, León e Palma de Mallorca. -A humanización das artes figurativas na portada gótica: Chartres, Reims e Estrasburgo. -As innovacións pictóricas: Giotto e Van Eyck.

A ARTE DO RENACEMENTO. -O Quattrocento italiano: a formulación dunha nova linguaxe. -A arquitectura: Brunelleschi e Alberti. -A renovación da escultura: Donatello. -O novo sistema de representación na pintura: Masaccio, Fra Angelico, Piero della Francesca e Botticelli. -O Cinquecento: clasicismo e manierismo na arte italiana. -De Bramante a Palladio: o templo, o pazo e a vila. -A escultura de Miguel Anxo: da perfección do clasicismo á crise do Renacemento. -A pintura: Leonardo, Rafael e Miguel Anxo. A escola veneciana: Tiziano. -O Renacemento en España. Arquitectura: inicios, clasicismo e manierismo. O Escorial. Pintura: o Greco.

A ARTE BARROCA. -Urbanismo e arquitectura na Roma barroca: Bernini e Borromini. -O pazo do poder: Versalles. -España: da praza maior ó pazo borbónico.-O Barroco compostelán. XIII. As artes plásticas do Barroco. -A escultura barroca: Bernini. A imaxinería española. -A pintura barroca: o tenebrismo de Caravaggio. A pintura flamenca e holandesa: Rubens e Rembrandt. -A pintura española: Ribera, Velázquez, Zurbarán e Murillo.

A ARTE EUROPEA A FINAIS DO SÉCULO XVIII E COMEZOS DO XIX. -O Neoclasicismo: urbanismo e arquitectura. Escultura: Cánova. Pintura: David. Goya. -O Romanticismo: a pintura romántica: Delacroix.

CARA Á ARQUITECTURA MODERNA: URBANISMO E ARQUITECTURA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIX. -As grandes transformacións urbanas. O eclecticismo. -A arquitectura dos novos materiais. A escola de Chicago. -O modernismo: Gaudí.

O CAMIÑO DA MODERNIDADE: AS ARTES FIGURATIVAS NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIX. -A pintura realista: Courbet. -O impresionismo: Monet e Renoir. O postimpresionismo: Cezanne, Van Gogh e Gauguin. -A escultura de Rodin.

AS VANGARDAS HISTÓRICAS: AS ARTES PLÁSTICAS NA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XX. -Fauvismo e expresionismo. O cubismo e as súas variantes. Picasso. -Os inicios da abstracción. Dadá e o surrealismo. Dalí. -As vangardas galegas. A escultura: Asorey.

ARQUITECTURA E URBANISMO DO SÉCULO XX. -A arquitectura moderna: o racionalismo. La Bauhaus. Le Corbusier. -O organicismo: Wright. -A arquitectura postmoderna. Últimas tendencias.

DA ABSTRACCIÓN ÁS ÚLTIMAS TENDENCIAS: AS ARTES PLÁSTICAS NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX. -O expresionismo abstracto e o informalismo. -A abstracción postpictórica e a minimal art. -A nova figuración. A pop art. O hiperrealismo. Últimas tendencias. -Perspectiva da arte en Galicia na segunda metade do século XX.

A ARTE E A CULTURA VISUAL DE MASAS. -Arte e sociedade de consumo. -A fotografía. O cine. Tendencias actuais do cine en Galicia. -O cartel e o deseño gráfico. A banda deseñada. As novas tecnoloxías.

ACTITUDES, VALORES E NORMAS.

-Interese por coñece-los aspectos constitutivos dunha obra de arte. -Interese por desenvolve- lo gusto estético persoal e respecto pola diversidade de percepcións e de sensacións persoais ante a obra de arte. -Sensibilidade e preocupación por conserva-lo contorno artístico local. Valoración da influencia dos factores históricos nas obras de arte. -Valoración das obras de arte do contorno mediante a súa comprensión histórica e artística. -Respecto e valoración crítica de concepcións estéticas e formas artísticas afastadas do gusto persoal. -Valoración do protagonismo do mecenas e do comitente no proxecto e na creación das obras e nos programas artísticos. Sensibilización ante a obra de arte como manifestación da creatividade humana e como conciencia crítica da historia. -Actitude aberta diante das linguaxes artísticas de vangarda como resposta ante problemas estéticos. -Sensibilidade e interese polo coñecemento e conservación do patrimonio artístico e cultural galego.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

CONTIDOS CONCEPTUAIS

UNIDADE DIDÁCTICA I: APROXIMACIÓN Á HISTORIA DA ARTE E ÁS LINGUAXES ARTÍSTICAS

- A Arte coma expresión humana no tempo e no espacio.
- A linguaxe das artes visuais e a súa terminoloxía.
- Percepción e análise da obra de arte.
- Pervivencia e conservación do patrimonio artístico.

UNIDADE DIDÁCTICA II: OS INICIOS DA ARTE

- O legado da Prehistoria: a pintura rupestre, a arquitectura megalítica.
- Aportacións artísticas de Exipto e Mesopotamia: arquitectura e plástica.

UNIDADE DIDÁCTICA III: A ARTE CLÁSICA: GRECIA

- A arquitectura grega. As ordes. O templo. A Acrópole de Atenas.
- A evolución da escultura grega

UNIDADE DIDÁCTICA IV: A ARTE CLÁSICA: ROMA

- A arquitectura: caracteres xerais. A cidade romana. Tipoloxías constructivas.
- A escultura: o retrato. O relevo histórico.
- A arquitectura da Hispania romana e a súa presencia en Galicia.

UNIDADE DIDÁCTICA V: ARTE PALEOCRISTIÁ E BIZANTINA

- Aportacións da primeira arte cristiá: a basílica. A nova iconografía.
- Arte bizantina. A época de Xustiniano: Santa Sofía de Constantinopla e San Vital de Ravena.

UNIDADE DIDÁCTICA VI: O PRERROMÁNICO

- O contexto europeo.
- O prerrománico español e a súa incidencia en Galicia: visigodo e asturiano. Arte mozárabe ou de repoboación.

UNIDADE DIDÁCTICA VII: A ARTE ISLÁMICA

- Orixe e trazos definitivos da arte islámica.
- A arte hispanoárabe: a mesquita de Córdoba

UNIDADE DIDÁCTICA VIII: A ARTE ROMÁNICA COMO A PRIMEIRA DEFICINIÓN DE OCCIDENTE

- A arquitectura: a igrexa románica. O mosteiro de Cluny. A arquitectura do Camiño de Santiago: a catedral de Santiago.
- A portada románica: as Praterías. O Pórtico da Gloria.
- A pintura mural: Tahull e o Panteón Real de San Isidoro de León.
- Os mosteiros cistercienses en Galicia: innovacións cara ó Gótico.

UNIDADE DIDÁCTICA IX: A ARTE GÓTICA COMO EXPRESIÓN DA CULTURA EUROPEA

- O sistema constructivo. A catedral gótica. Outras tipoloxías urbanas: lonxas e concellos.
- As catedrais de Burgos, León e Palma de Mallorca.
- A humanización das artes figurativas na portada gótica: Chartres, Reims e Estrasburgo.
- As innovacións pictóricas: Giotto e Van Eyck.

UNIDADE DIDÁCTICA X: A ARTE DO RENACEMENTO

- O Quattrocento italiano: a formulación dunha nova linguaxe.
- A arquitectura: Brunelleschi e Alberti.
- A renovación da escultura: Donatello.
- O novo sistema de representación na pintura: Masaccio, Fra Angelico, Piero della Francesca e Boticelli.

UNIDADE DIDÁCTICA XI: O PERÍODO CLÁSICO DO RENACEMENTO E O MANIERISMO

- O Cinquecento: clasicismo e manierismo na arte italiana.
- De Bramante a Palladio: o templo, o pazo e a vila.
- A escultura de Miguel Anxo: da perfección do clasicismo á crise do Renacemento.
- A pintura: Leonardo, Rafael e Miguel Anxo. A Escola Veneciana: Tiziano.
- O Renacemento en España. Arquitectura: Inicios, clasicismo e manierismo. O Escorial.
- O Renacemento en España. Pintura: o Greco.

UNIDADE DIDÁCTICA XII: A ARTE BARROCA

- Urbanismo e arquitectura na Roma barroca: Bernini e Borromini.
- O pazo do poder: Versalles.
- España: da praza maior ó pazo borbónico.
- O Barroco compostelán.

UNIDADE DIDÁCTICA XIII: AS ARTES PLÁSTICAS DO BARROCO

- A escultura barroca: Bernini. A imaxinería española.
- A pintura barroca: O Tenebrismo de Caravaggio. A pintura flamenca e holandesa: Rubens e Rembrandt.
- A pintura española: Ribera, Velázquez, Zurbarán e Murillo.

UNIDADE DIDÁCTICA XIV: A ARTE EUROPEA A FINAIS DO SÉCULO XVIII E COMEZOS DO XIX

- Neoclasicismo: urbanismo e arquitectura. Escultura: Cánova. Pintura: David. Goya.
- Romanticismo: a pintura romántica: Delacroix.

UNIDADE DIDÁCTICA XV: CARA A ARQUITECTURA MODERNA: URBANISMO E ARQUITECTURA NA 2ª METADE DO SÉCULO XIX

- As grandes transformacións urbanas. O eclecticismo.
- A arquitectura dos novos materiais. A Escola de Chicago.
- Modernismo: Gaudí.

UNIDADE DIDÁCTICA XVI: O CAMIÑO DA MODERNIDADE: AS ARTES FIGURATIVAS NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIX

- A pintura realista: Courbet.
- Impresionismo: Monet e Renoir. O postimpresionismo: Cezanne, Van Gogh e Gauguin.
- A escultura de Rodin.

UNIDADE DIDÁCTICA XVII: AS VANGARDAS HISTÓRICAS: AS ARTES PLÁSTICAS NA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XX

- Fauvismo e expresionismo. O cubismo e as súas variantes. Picasso.
- Os inicios da abstracción. Dadá e o Surrealismo. Dalí.
- As vangardas galegas. A escultura: Asorey.

UNIDADE DIDÁCTICA XVIII: ARQUITECTURA E URBANISMO DO SÉCULO XX

- A arquitectura moderna: o racionalismo. La Bauhaus. Le Corbusier.
- Organicismo: Wright.
- A arquitectura postmoderna. Últimas tendencias.

UNIDADE DIDÁCTICA XIX: DA ABSTRACCIÓN ÁS ÚLTIMAS TENDENCIAS: AS ARTES PLÁSTICAS NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX.

- O expresionismo abstracto e o informalismo.
- A abstracción postpictórica e a minimal art..
- A nova figuración. A Pop Art. O Hiperrealismo. Últimas tendencias.
- Perspectiva da arte en Galicia na 2ª metade do século XX.

UNIDADE DIDÁCTICA XX: A ARTE E A CULTURA VISUAL DE MASAS

- Arte e sociedade de consumo.
- A fotografía. O cine. Tendencias actuais do cine en Galicia.
- O cartel e o deseño gráfico. O cómic.
- As novas tecnoloxías.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Comparación crítica de información sobre temas relacionados coa concepción da arte.
- Análise de obras de arte significativas por medio de diapositivas e material gráfico.
- Elaboración por parte do alumno dun vocabulario de termos artísticos que irá completando ó longo do curso.
- Compara-los distintos estilos artísticos secuenciándoos en función do espacio e do tempo, establecendo similitudes e diferencias.
- Diferenciación, a partir da comparación de obras de arte dun mesmo período histórico ou "estilo", das características comúns da súa linguaxe artística.
- Confrontacións de obras de arte con informacións acerca das circunstancias históricas e da mentalidade que inciden nelas.
- Análise comparativa de obras de arte que amosen a variabilidade e complexidade das súas relacións co contexto histórico dunha fase ou "estilo".
- Análise comparativa da cambiante consideración social da arte e do artista en diversos momentos da historia.
- Diferenciación e clasificación de correntes tradicionais e innovadoras comparando obras de arte coetáneas.
- Planificación e realización de saídas de traballo a lugares nos que se poidan observar obras de arte local.
- Elaborar resumes e esquemas sobre os distintos períodos artísticos, estilos e autores.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Sensibilización ante a obra de arte como manifestación da creatividade humana.
- Rigor crítico na análise das obras de arte.
- Valoración das aspectos que hai que considerar nunha obra de arte.
- Valoración da influencia dos factores históricos nas obras de arte.
- Valoración das obras de arte do contorno mediante a súa comprensión histórica e artística.

- Curiosidade científica para indaga-la plasmación das concepcións estéticas nas formas artísticas.
- Apreciación dos límites da actividade do artista e da súa liberdade creadora.
- Valoración do protagonismo do comitente no proxecto e creación de obras e programas artísticos.
- Actitude aberta e apreciación das linguaxes artísticas de vangarda como propostas ante problemas estéticos.
- Interese por desenvolve-lo gusto estético persoal.
- Respecto e valoración crítica dos conceptos estéticos e formas artísticas non coincidentes co gusto persoal.
- Sensibilidade, responsabilidade e preocupación por conserva-lo patrimonio cultural local, galego e español.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Sinalamos unicamente a temporalización dos contidos conceptuais, toda vez que os contidos procedimentais e actitudinais desenvólvenas de xeito recorrinte mediante os contidos conceptuais. Deste xeito, e atendendo á experiencia de anos anteriores, a distribución temporal dos temas por avaliacións será a seguinte:

- 1ª Avaliación: Temas 1 - 7 (Arte antiga e medieval).
- 2ª Avaliación: Temas 8 - 16 (Arte medieval, renacentista e barroca).
- 3ª Avaliación: Temas 17 - 23 (Arte dos séculos XIX e XX).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase que o alumnado:

- Analice e compare a evolución da concepción da arte e das súas funcións en distintos momentos históricos e en diversas culturas.
- Aplique un método rigoroso na interpretación de obras artísticas que permita capta-los elementos intrínsecos e extrínsecos que os configuran.
- Localice no espacio e no tempo obras de arte determinando os sinais característicos que fan posible a súa caracterización nun estilo artístico determinado.
- Avalíe diferentes obras artísticas empregando con propiedade a linguaxe específica da materia.
- Relacione as manifestacións artísticas co seu contexto histórico- cultural, valorando a diversidade de correntes e modelos estéticos que poden desenvolverse nunha mesma época e os trazos estilísticos que permiten a súa clasificación.
- Analice as obras de arte significativas dos principais estilos e artistas da arte occidental e de Galicia, a partir de diversas metodoloxías, situándoas no seu contexto histórico-artístico e recoñeza as posibles influencias e a súa pervivencia na arte posterior.
- Manexe con precisión e rigor a terminoloxía específica de cada unha das artes visuais.
- Interprete os principais códigos iconográficos da cultura visual de Occidente.
- Observe e analice as obras de arte do noso patrimonio cultural no seu contexto orixinal, en museos ou exposicións, especialmente do propio contorno.

- Identifique e localice os trazos característicos que configuran os estilos artísticos máis representativos do mundo occidental, que os saiba diferenciar e sinala-los cambios.
- Recoñeza as obras máis representativas dos grandes mestres da Historia da Arte, distinguindo os trazos diferenciais do seu estilo e o que de innovación representa a súa obra para a Historia da Arte.
- Realice actividades de documentación e indagación a través de fontes de información diversas (textos, imaxes, plantas, alzados, planos, etc.), sobre determinados aspectos da creación artística.
- Utilice un método de comentario que integre a valoración obxectiva da obra de arte e a creatividade persoal do alumno e sexa capaz de expresalo con claridade e corrección formal.
- Analice a presencia da obra de arte na vida cotiá e nos medios de comunicación social.
- Busque seleccione e trate adecuadamente información significativa relacionada cos estilos e obras artísticas determinadas.
- Determine relacións de permanencia e cambio entre diversas concepcións artísticas.
- Identifique os aspectos significativos da presencia da arte na vida cotiá ponderando a súa utilización como obxecto de consumo.
- Explique as características e razóns da importancia da presenciada arte nos medio de comunicación e xulgue o seu emprego en formas que denotan discriminación sexual, social e racial.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A cualificación dos alumnos en cada trimestre é resultado das cualificacións das probas escritas, do traballo na aula e da actitude cara á asignatura e os compañeiros. Os aspectos conceptuais e procedimentais non superados poden ser recuperados en probas extraordinarias orais e escritas, mentres que as carencias actitudinais só poden ser recuperadas cun cambio de actitude positivo na aula. O mesmo criterio rexe para as probas extraordinarias de setembro.
- Avaliarase que o alumnado redacte con precisión e corrección gramatical, respondendo estrictamente á cuestión plantexada. Os traballos e exames realizados polos alumnos deberán presentar unha correcta expresión ortográfica, léxica e semántica. Por cada erro nalgún destes aspectos serán descontados 0'1 puntos ata un máximo dun punto por exame ou traballo. O profesor valorará a participación activa na aula, así como a correcta realización de traballos voluntarios e obrigatorios.
- Cada avaliación leva asociada, ao menos, dúas probas escritas: unha primeira proba na que seguirase o plantexamento formal dos modelos de exame propostos pola C.I.U.G. (combinación de preguntas de vocabulario e comentario de láminas). Esta proba será valorada sobre 10 puntos. A outra proba escrita, de carácter eminentemente práctico, consistirá na clasificación e comentario de 10 ou 15 láminas. de cada un dos estilos ó rematar de estudialos de xeito individualizado. Esta será a mellor maneira de averiguar a asimilación dos contidos conceptuais e procedimentais e insistir, por parte do profesor, nos aspectos pouco asimilados. Preténdese que os alumnos e alumnas adquiran unha idea de conxunto da evolución da Arte, e un dominio técnico maior da materia. (Será valorada sobre 10 puntos). Entre esas probas farase a media, pero, por razóns obvias, non será avaliado

positivamente ningún alumno que non acade ó menos un 3,5 na proba que segue o modelo da CIUG.

- A cualificación de cada avaliación será o resultado das probas escritas (prácticas e teóricas) matizada en sentido positivo polas cualificacións dos traballos e da participación activa na aula.
- Cada exame de avaliación leva asociada unha proba de recuperación para os alumnos que non acaden o aprobado (5 puntos). Ó remate do curso, os alumnos que non superasen unha ou dous avaliacións, teñen dereito a unha proba final na que deberán, para supera-lo curso, acadar a cualificación de 5 puntos.
- O carácter da asignatura e as disposicións oficiais (CIUG) lévannos a plantexar as probas escritas cun carácter continuista, incluíndo na segunda avaliación parte da materia teórica da primeira e na terceira parte dos contidos das precedentes. A cualificación da terceira proba escrita terá, polo tanto, máis peso na cualificación final que as dúas anteriores.

METODOLOXÍA ESPECÍFICA

Parece evidente que a mellor maneira de acercarse ó feito artístico é ver da maneira máis axeitada posible o elemento fundamental desta asignatura: a obra de arte. O ideal sería utilizar para elo obras orixinais, única forma de garantir que a color, as formas, o entorno non experimentan ningún tipo de variación. Por iso plantéxase unha viaxe a León para que poidan coñecer determinadas obras de arte (Gótico fundamentalmente) in situ.

O resto da asignatura desenvolverase na aula de audiovisuais, co uso de diapositivas, transparencias, mapas e vídeos como apoio básico á explicación teórica. Cada tema irá precedido dunha breve reseña histórica que adentre ó alumno no contexto político, económico e social da obra de arte. Insistirase en incardinar o fenómeno artístico nun contexto histórico, de tal xeito que o alumno capte, non tanto o plantexamento formal dunha obra ou estilo canto unha interpretación do fenómeno artístico na súa globalidade, atendendo ós compoñentes sociolóxicos, ó diálogo interno das obras, máis que na súa estructura externa.

Cando o alumno xa é capaz de ver a obra de arte, cando pode interpretar a linguaxe específica e comprender tanto a evolución que hai antes dela como as súas implicacións posteriores, deberá plasmar todo iso nun comentario oral e escrito. Por outra banda, a realización de comentarios artísticos resulta moi conveniente cara a mecánica das Probas de Acceso á Universidade.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A asignatura de Historia da Arte, ó ser novidosa no currículo, conleva a dificultade da falta de base dos alumnos con respecto á terminoloxía (algo que lles resulta dificultoso, sobre todo a linguaxe arquitectónica), así como a falta de coñecementos, filosóficos, mitolóxicos e de historia da relixión suficientes para poder entender ou identificar as diferentes obras artísticas. Por iso, o primeiro mes de curso tentarase introducir ó alumnado nos conceptos e técnicas básicas da asignatura, familiarizándoos coas técnicas de traballo histórico-artístico e co vocabulario básico da materia e tentando que, ó menos, capten a importancia da asignatura para entender a arte, e a necesidade de preservación do Patrimonio.

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

JOSEFA TEIJEIRO VEIGA

Asdo..

TERESA CARREIRA GARCÍA

Asdo.

FORTUNATO JOSÉ QUINTELA REGO

Asdo..

GONZALO XOSÉ FRANCISCO DA ROCHA

Asdo..

HORACIO GARCIA CEBRAL

Asdo..

JOSEFA LÓPEZ RIVAS

Asdo..

JUAN CARLOS RODRÍGUEZ BARRERA

Asdo..

Mª AMÉRICA GARCÍA FERNÁNDEZ

Asdo..